



Traballo de Fin de Grao
Ciencia Política e da Administración
Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

O comportamento político da xuventude española nas eleccións xerais do 2019 e 2023

El comportamiento político de la juventud
española en las elecciones generales del 2019 y
2023

The political behavior of spanish youth in the 2019
and 2023 general elections

Autor: Carlos Martínez Eirín
Directora do traballo: María Pereira López

Curso académico 2023-2024

*Aos meus pais, por deixarme antepor o corazón á razón.
Aos meus amigos, pola súa incondicionalidade no día a día.
E á miña titora, por guiarme durante todo este traballo.*

Resumo: O presente Traballo de Fin de Grao realiza unha análise do comportamento político da xuventude española nas eleccións xerais do 2019 e 2023, observando como serían as actitudes cara a política da xuventude en cada momento concreto e realizando comparacións tanto coas persoas mozas doutros estudos como cos grupos de idade máis avanzada, vendo ademais que variables son as que inflúen en maior medida sobre o voto e a abstención. As achegas servirán para delimitar unhas pautas de comportamento que segue a xuventude do período analizado, aproveitando os datos para realizar comparacións coa literatura académica relacionada.

Palabras clave: xuventude, comportamento político, voto, participación política, desafección.

Resumen: El presente Trabajo de Fin de Grado realiza un análisis del comportamiento político de la juventud española en las elecciones generales del 2019 y 2023, observando cómo serían las actitudes hacia la política de la juventud en cada momento concreto y realizando comparaciones tanto con los jóvenes de otros estudios como con los grupos de edad más avanzada, viendo además qué variables son las que influyen en mayor medida sobre el voto y la abstención. Las aportaciones servirán para delimitar unas pautas de comportamiento que sigue la juventud del período analizado, aprovechando los datos para realizar comparaciones con la literatura académica relacionada.

Palabras clave: juventud, comportamiento político, voto, participación política, desafección.

Abstract: This Final Degree Project carries out an analysis of the political behavior of Spanish youth in the general elections of 2019 and 2023, observing how the attitudes towards politics of the youth would be at each specific moment and making comparisons both with young people from other studies and with older age groups, also seeing which variables are those that influence to a greater extent on voting and abstention. The contributions will serve to delimit some behavioral patterns followed by the youth of the analyzed period, taking advantage of the data to make comparisons with related academic literature.

Key words: youth, political behavior, voting, political participation, disaffection.

Índice de contidos

1. INTRODUCCIÓN.....	9
2. REVISIÓN BIBLIOGRÁFICA.....	11
2.1 CAUSAS DA DIFERENZA XERACIONAL.....	11
2.2 UNHA VISIÓN GLOBAL DO COMPORTAMENTO POLÍTICO.....	13
2.3 O COMPORTAMENTO POLÍTICO DA XUVENTUDE.....	15
2.3.1 Revisión global.....	16
2.3.2 Revisión española.....	18
3. METODOLOXÍA.....	23
3.1 DELIMITACIÓN DO CONCEPTO.....	23
3.2 SELECCIÓN E OBTENCIÓN DOS DATOS A UTILIZAR.....	23
3.3 TRATAMENTO DOS DATOS.....	26
3.4 OUTRAS CONSIDERACIÓNS.....	31
4. PERFÍS MOZOS.....	34
4.1 ELECCIÓN XERAIS DO 28 DE ABRIL DO 2019.....	34
4.1.1 Introducción.....	34
4.1.2 Valoración contexto.....	38
4.1.3 Campaña electoral.....	40
4.1.4 Desafección e percepción do sistema.....	42
4.1.5 Recordo de voto e cercanía.....	44
4.1.6 Liderados.....	47
4.1.7 Cleavages políticos: ideoloxía e identidade.....	48
4.1.8 Conclusións.....	49
4.2 ELECCIÓN XERAIS DO 10 DE NOVEMBRO DO 2019.....	51
4.2.1 Introducción.....	51
4.2.2 Valoración contexto.....	53
4.2.3 Campaña electoral.....	56
4.2.4 Desafección e percepción do sistema.....	58
4.2.5 Recordo de voto, cercanía e simpatía.....	59
4.2.6 Liderados.....	61
4.2.7 Cleavages políticos: ideoloxía e identidade.....	62
4.2.8 Conclusións.....	63
4.3 ELECCIÓN XERAIS DO 23 DE XULLO DO 2023.....	65
4.3.1 Introducción.....	65
4.3.2 Valoración contexto.....	68
4.3.3 Campaña electoral.....	70
4.3.4 Recordo de voto, cercanía e simpatía.....	70
4.3.5 Cleavages políticos: ideoloxía e identidade.....	72
4.3.6 Liderados.....	72
4.3.7 Conclusións.....	74
5. COMPARACIÓN ENTRE ESTUDOS.....	75
5.1 VALORACIÓN CONTEXTO.....	75
5.2 CAMPAÑA ELECTORAL.....	77
5.3 DESAFECCIÓN E PERCEPCIÓN DO SISTEMA.....	79

5.4 RECORDO DE VOTO, CERCANÍA E SIMPATÍA.....	80
5.5 LIDERADOS.....	83
5.6 CLEAVAGES POLÍTICOS: IDEOLOXÍA E IDENTIDADE.....	84
5.7 CONCLUSIÓNS.....	85
6. ANÁLISE MULTIVARIANTE.....	89
6.1 ELECCIÓN XERAIS DO 28 DE ABRIL DO 2019.....	89
6.2 ELECCIÓN XERAIS DO 10 DE NOVEMBRO DO 2019.....	92
6.3 ELECCIÓN XERAIS DO 23 DE XULLO DO 2023.....	95
7. ANÁLISE DA ABSTENCIÓN.....	98
7.1 ELECCIÓN XERAIS DO 28 DE ABRIL DO 2019.....	98
7.2 ELECCIÓN XERAIS DO 10 DE NOVEMBRO DO 2019.....	104
7.3 ELECCIÓN XERAIS DO 23 DE XULLO DO 2023.....	109
7.4 ANÁLISE BINARIA DA ABSTENCIÓN.....	113
8. CONCLUSIÓNS.....	116
REFERENCIAS.....	121
ANEXO I. TÁBOAS COMPLEMENTARIAS.....	128

Índice de táboas

Táboa 1. Datos técnicos dos estudos analizados.....	26
Táboa 2. Variables utilizadas nos perfís políticos e na comparación entres estudos.....	28
Táboa 3. Probas Chi-Cadrado (significación).....	30
Táboa 4. Variables utilizadas perfís xuventude abstencionista.....	32
Táboa 5. Número de votos e escanos cinco principais partidos estatais 2019A.....	38
Táboa 6. Valoración da situación económica xeral de España 2019A.....	39
Táboa 7. Valoración prospectiva da situación económica de España 2019A.....	40
Táboa 8. Seguimento información política a través de internet 2019A.....	42
Táboa 9. Momento decisión voto 2019A.....	43
Táboa 10. Grao influencia persoal das sondaxes das eleccións do 2019A.....	43
Táboa 11. Recordo voto a candidaturas 2019A.....	45
Táboa 12. Partido político que considera máis cercano ás súas ideas 2019A.....	46
Táboa 13. Porcentaxe votantes cada partido dentro de cada categoría de uso de redes sociais/internet 2019A.....	47
Táboa 14. Porcentaxe total votantes de cada partido distribuídas por cada categoría de uso de redes sociais/internet 2019A.....	47
Táboa 15. Coñecemento líderes 2019A.....	48
Táboa 16. Sentimento identitario 2019A.....	50
Táboa 17. Número de votos e escanos cinco principais partidos estatais 2019N.....	53
Táboa 18. Seguimento información política a través de internet 2019N.....	58
Táboa 19. Grao influencia persoal das sondaxes das eleccións do 2019N.....	59
Táboa 20. Recordo voto a candidaturas 2019N.....	60
Táboa 21. Partido político que considera máis cercano ás súas ideas 2019N.....	61
Táboa 22. Partido político polo que sente máis simpatía 2019N.....	62
Táboa 23. Coñecemento líderes 2019N.....	62
Táboa 24. Sentimento identitario 2019N.....	64
Táboa 25. Número de votos e escanos catro principais partidos estatais 2023X.....	68
Táboa 26. Momento decisión voto 2023X.....	71
Táboa 27. Recordo voto a candidaturas 2023X.....	71
Táboa 28. Partido político que considera máis cercano ás súas ideas 2023X.....	72
Táboa 29. Partido político polo que sente máis simpatía 2023X.....	72
Táboa 30. Coñecemento líderes 2023X.....	74
Táboa 31. Principal problema España.....	77
Táboa 32. Principal problema persoal.....	78
Táboa 33. Tema máis debatido polos partidos e candidatos durante a campaña electoral, segundo a xuventude.....	79
Táboa 34. Partido que máis insistiu no tema seleccionado, segundo a xuventude.....	79
Táboa 35. Recordo voto a candidaturas 2016-2023.....	81
Táboa 36. Regresión loxística multinomial 2019A.....	91
Táboa 37. Regresión loxística multinomial 2019N.....	94
Táboa 38. Regresión loxística multinomial 2023X.....	96
Táboa 39. Porcentaxe de abstención por grupo de idade e estudo postelectoral.....	99
Táboa 40. Momento da decisión de non votar 2019A.....	102

Táboa 41. Motivo principal polo que non votou 2019A.....	102
Táboa 42. Grao interese pola política e pola campaña electoral xuventude abstencionista 2019A.....	103
Táboa 43. Coñecemento líderes xuventude abstencionista 2019A.....	104
Táboa 44. Valoración líderes xuventude abstencionista 2019A.....	104
Táboa 45. Sentimento identitario xuventude abstencionista 2019A.....	105
Táboa 46. Momento da decisión de non votar 2019N.....	107
Táboa 47. Motivo principal polo que non votou 2019N.....	107
Táboa 48. Grao interese pola política e pola campaña electoral xuventude abstencionista 2019N.....	108
Táboa 49. Coñecemento líderes xuventude abstencionista 2019N.....	109
Táboa 50. Valoración líderes xuventude abstencionista 2019N.....	109
Táboa 51. Sentimento identitario xuventude abstencionista 2019N.....	110
Táboa 52. Momento da decisión de non votar 2023X.....	111
Táboa 53. Motivo principal polo que non votou 2023X (resposta múltiple).....	112
Táboa 54. Preferencia como Presidente do Goberno xuventude abstencionista 2023X.....	113
Táboa 55. Regresións loxísticas binarias da abstención 2019-2023.....	114
Táboa 56. Principal problema España 2019A (táboa completa).....	129
Táboa 57. Principal problema persoal 2019A (táboa completa).....	130
Táboa 58. Principal problema España 2019N (táboa completa).....	131
Táboa 59. Principal problema persoal 2019N (táboa completa).....	133
Táboa 60. Principal problema España 2023X (táboa completa).....	134
Táboa 61. Principal problema persoal 2023X (táboa completa).....	136

Índice de gráficos

Gráfico 1. Porcentaxe de votos válidos cinco principais partidos estatais 2019A.....	37
Gráfico 2. Perfil sociodemográfico xuventude 2019A.....	38
Gráfico 3. Principal problema de España e Persoal por grupo de idade 2019A.....	39
Gráfico 4. Grao interese pola política e pola campaña electoral 2019A.....	43
Gráfico 5. Comparación importancia eleccións 2019A respecto a outras anteriores.....	44
Gráfico 6. Valoración líderes 2019A.....	47
Gráfico 7. Escala autoubicación ideolóxica (1-10) 2019A.....	49
Gráfico 8. Porcentaxe de votos válidos cinco principais partidos estatais 2019N.....	52
Gráfico 9. Perfil sociodemográfico xuventude 2019N.....	53
Gráfico 10. Principal problema de España e Persoal por grupo de idade 2019N.....	54
Gráfico 11. Valoración situación económica e situación política xeral de España 2019N.....	54
Gráfico 12. Valoración prospectiva situación económica e situación política 2019N.....	55
Gráfico 13. Valoración situación económica persoal 2019N.....	55
Gráfico 14. Valoración retrospectiva situación política (1 ano) 2019N.....	56
Gráfico 15. Grao interese pola política e campaña electoral 2019N.....	58
Gráfico 16. Comparación importancia eleccións 2019N respecto a outras anteriores.....	59
Gráfico 17. Valoración líderes 2019N.....	62
Gráfico 18. Escala autoubicación ideolóxica (1-10) 2019N.....	63
Gráfico 19. Porcentaxe de votos válidos catro principais partidos estatais 2023X.....	67
Gráfico 20. Perfil sociodemográfico xuventude 2023X.....	68
Gráfico 21. Principal problema España e Persoal por grupo de idade 2023X.....	69
Gráfico 22. Escala autoubicación ideolóxica (1-10) 2023X.....	72
Gráfico 23. Valoración líderes 2023X.....	73
Gráfico 24. Valoración situación económica xeral España 2016-2023.....	75
Gráfico 25. Grao interese pola política 2016X, 2019A e 2019N.....	79
Gráfico 26. Grao interese pola campaña electoral 2016X, 2019A e 2019N.....	80
Gráfico 27. Partido político que considera máis cercano ás súas ideas 2016-2023.....	82
Gráfico 28. Partido político polo que sente máis simpatía 2019N e 2023.....	83
Gráfico 29. Valoración líderes 2016-2023.....	84
Gráfico 30. Media na escala de autoubicación ideolóxica (1-10) 2016-2023.....	84
Gráfico 31. Sentimento identitario 2016X, 2019A e 2019N.....	85
Gráfico 32. Perfil sociodemográfico xuventude abstencionista 2019A.....	99
Gráfico 33. Seguimento de información política e electoral a través de redes sociais/internet e televisión xuventude abstencionista 2019A.....	100
Gráfico 34. Perfil sociodemográfico xuventude abstencionista 2019N.....	105
Gráfico 35. Perfil sociodemográfico xuventude abstencionista 2023X.....	110

Listaxe de acrónimos/abreviaturas

2016X: Eleccións xerais celebradas o 26 de xuño do 2016.

2019A: Eleccións xerais celebradas o 28 de abril do 2019.

2019N: Eleccións xerais celebradas o 10 de novembro do 2019.

2023X: Eleccións xerais celebradas o 23 de xullo do 2023.

PP: Partido Popular.

PSOE: Partido Socialista Obrero Español.

UP: Unidas Podemos.

Cs: Ciudadanos.

ECP: En Comú Podem.

CIS: Centro de Investigacións Sociolóxicas.

1. INTRODUCCIÓN

Dicía Victor Hugo (1999) que “a xuventude, incluso nas súas penas, ten sempre unha claridade propia”, esa claridade propia, esa diferenza respecto ao resto da sociedade, en ocasións provocaría que se comportasen dun xeito peculiar, podendo extrapolarse a múltiples ámbitos da vida. Esta particularidade da xuventude é algo que se da por feito por gran parte da sociedade, atribuíndo esas características propias a elementos con connotacións positivas como a motivación ou a outros con connotacións negativas como a inexperiencia que caracteriza a esa etapa do ciclo vital, dando por feito en ocasións que eses atributos propios se diluirán co paso dos anos e a chegada da madurez

Debido ao carácter politolóxico desta investigación, o campo sobre o que se centrarán as medicións debe estar relacionado coa disciplina da ciencia política. Neste senso, foi escollido o comportamento político, é dicir, a forma na que os individuos actúan respecto a elementos relacionados coa política, como a participación en eleccións, o consumo de medios de comunicación ou a participación en partidos políticos e asociacións, entre moitos outros. Ademais, co obxectivo de facer viable a súa análise nunha investigación destas características, farase unha delimitación xeográfica e temporal, centrando así a medición no caso de España ao redor dos tres procesos electorais xerais celebrados entre os anos 2019 e 2023. Desta forma, a finalidade desta investigación será analizar o comportamento político da xuventude española nas eleccións xerais do 2019 e 2023.

A elección deste tema e ámbito concreto foi motivado pola súa pertinencia, a cal se pode dividir en tres puntos. En primeiro lugar, se ben a relación entre a xuventude e o comportamento político foi algo estudado en múltiples ocasións, na maioría sempre se fixo dende unha perspectiva moi concreta, por exemplo e especialmente, a participación política, o que ten o punto positivo de que permite un maior afondamento no tema concreto, mais un negativo de que se perde a visión global que daría unha análise do comportamento político ao completo, permitindo comparar ámbitos e categorías diferentes e ver como inflúen uns sobre outros, así como realizar un perfil xeral da xuventude nun momento temporal e xeográfico concreto. En segundo lugar, como novas integrantes do sistema político e electoral, as persoas mozas non é que formen parte do seu presente, senón que acabarán sendo protagonistas do funcionamento futuro das institucións, polo que a medición do seu comportamento actual servirá, tratando os datos con certa cautela, como previsión de cal podería ser a evolución do comportamento político no futuro. En terceiro lugar, a combinación do tema e delimitación temporal escollida, permitirá facer unha primeira aproximación a se se atopan cambios no comportamento político da xuventude tras a

pandemia de coronavirus, comprobando así datos inmediatamente pre-pandemia (2019) e inmediatamente post-pandemia (2023).

Desta forma, partindo do obxectivo xeral de analizar o comportamento político da xuventude española entre 2019 e 2023, desenvolveranse os seguintes obxectivos específicos:

Obx1: Elaborar un perfil sociopolítico concreto do comportamento político da xuventude española en cada un dos momentos analizados.

Obx2: Comparar as pautas de comportamento da xuventude en relación aos demais grupos de idade máis avanzada.

Obx3: Comparar as pautas de comportamento da xuventude nos tres momentos analizados.

Obx4: Identificar cales son os elementos que máis inflúen na decisión de voto da xuventude española en cada un dos momentos analizados.

Obx5: Elaborar un perfil sociopolítico concreto do comportamento político da xuventude española que se abstivo en cada un dos momentos analizados.

Obx6: Comparar as pautas de comportamento da xuventude abstencionista española en relación á xuventude española xeral en cada un dos momentos analizados.

Obx7: Comparar as pautas de comportamento da xuventude abstencionista española nos tres momentos analizados.

Obx8: Identificar cales son os elementos que máis inflúen na decisión de absterse da xuventude española en cada un dos momentos analizados.

Desta forma, tras este apartado de introdución queda unha estrutura de traballo clara. En primeiro lugar, realizarase unha revisión bibliográfica onde se estudarán as diferentes aportacións realizadas historicamente na disciplina sobre este tema, avanzando nunha escala de abstracción. En segundo lugar, realizarase un apartado de metodoloxía onde se afondará en todos os aspectos técnicos que permitirán obter e analizar os posteriores resultados seguindo as bases do método científico. Xa coa análise de resultados, esta se dividirá en catro partes: perfís mozos, comparación entre estudos, análise multivariante e análise da abstención, sobre os cales se afondará tanto na metodoloxía como nas introducións dos respectivos apartados. Por último, farase uso dun apartado de conclusións para recapitular todo o enunciado ata ese momento e deixar claras as principais aportacións feitas ao longo da investigación.

2. REVISIÓN BIBLIOGRÁFICA

Tras definir e xustificar o problema que concerne a esta investigación, considérase relevante realizar un repaso da bibliografía existente ao redor desta temática, podendo construír así unha base sobre a que asentar o resto do traballo e poder dar resposta ás cuestións que se vaian formulando. Desta forma, comezarase explicando os diversos efectos e teorías que explican as diferenzas entre a xuventude e as persoas dunha idade máis avanzada. Posteriormente, farase un repaso das orixes do estudo do comportamento político e revisaranse investigacións relacionadas co tema deste traballo, pasando do ámbito máis abstracto ao máis específico, seguindo a escala de abstracción formulada por Sartori, é dicir, agregando características ao concepto segundo se descende pola escala, perdendo extensión e gañando intensión (Sartori, 2002).

2.1 CAUSAS DA DIFERENZA XERACIONAL

Comezando polas causas, son tres os efectos que gran parte da literatura académica sinala como explicación das diferenzas entre a xuventude e o resto de grupos de idade, xa sexa a nivel político ou sociolóxico. Así, atoparíanse os efectos de “ciclo vital” (ou idade), “cohorte” e “período”.

En primeiro lugar, estaría o efecto de “ciclo vital”. Tal e como indica Zody (1970), as actitudes dos individuos respecto á política virían dadas por factores psicolóxicos que cambian ao longo do tempo, conforme a persoa cumpre anos e madura, seguindo a lóxica do envellecemento como “un continuum de adaptación ao longo da vida” (Greenleigh, 1955, como se citou en Zody, 1970: 20); no caso das persoas mozas, podería darse tras a “interacción cun novo ambiente como resultado da ruptura coa antiga familia e o establecemento dun novo grupo primario” (Wasby, 1966, como se citou en Zody, 1970: 21). Desta forma, atópanse definicións do ciclo vital como “unha serie de etapas delimitadas por unha serie de acontecementos vitais significativos, que comezan co nacemento e inclúen a entrada á escola, a finalización da educación formal, a entrada na poboación activa, o matrimonio, o nacemento do primeiro fillo, a saída do último fillo do fogar, a xubilación e, por último, a morte” (Glenn, 1974: 178). Polo que co avance na idade e o cumprimento das diferentes etapas da vida, irían acercándose ás posicións nas que actualmente se atopan os demais grupos de idade (Jennings & Niemi, 1975). Esta aproximación a estas posicións levou a que diferentes autores estudaran a relación entre a idade e o conservadurismo das persoas, determinando algúns a existencia dun xiro conservador ao pasar das primeiras etapas ás etapas intermedias do ciclo vital (Glenn, 1974).

En segundo lugar, estaría o efecto “cohorte”, o cal podería ser definido como “un conxunto de individuos que entran nun sistema ao mesmo tempo. Suponse que os individuos nunha cohorte teñen similitudes debidas a experiencias compartidas que as diferenzan doutras cohortes” (Mason & Wolfinger, 2001: 1), é dicir, as actitudes da xuventude serían o resultado dunha serie de características e circunstancias propias que viviron os membros desa xeración debido a unha coincidencia temporal, o que as levaría a ter unha socialización diferente á doutras cohortes. Outra definición podería ser a introducida por Karl Mannheim, cando trata os conceptos de “clase” e “xeración”, pola que os individuos que compartisen ambos elementos “estarían dotados dunha ubicación común no proceso social e histórico, e polo tanto, limítanos a un rango específico de experiencia potencial, predispoñéndoos para un certo modo característico de pensamento e experiencia, e un tipo característico de acción historicamente relevante” (Mannheim, 1952: 291), polo que influiría de tal forma aos individuos que delimitaría a súa posibilidade de acción nunha franxa determinada.

En canto aos exemplos, o efecto cohorte xa foi tratado por Ronald Inglehart cando introduciu o comunmente chamado cleavage postmaterialista, polo que as novas xeracións terían un sistema de valores diferente ao das vellas, priorizando elementos como o ecoloxismo ou o feminismo sobre outros máis materialistas, os enfocados a cubrir as necesidades básicas, defendendo que esta variación é debida a cambios socioeconómicos como a ausencia de guerras ou a mellora da economía, entre outras cousas (Inglehart, 1977). Como engadido, tamén foi usado para observar os cambios na identificación partidista nas cohortes do Reino Unido comprendidas entre finais do SXIX e finais do XX, apreciándose unha perda paulatina do apoio cara o Partido Conservador e, especialmente, cara os Liberais, así como un gran aumento por parte dos Laboristas segundo se observan cohortes máis novas (Butler & Stokes, 1974).

Por último, atoparíase o efecto “período”, o cal podería definirse como “forzas sociais, económicas e políticas de amplo alcance que repercuten en todos os segmentos da poboación” (Jennings, 1987: 368). Desta forma, é un efecto que tería en conta as circunstancias do momento analizado e como estas poderían afectar aos individuos obxecto de estudo, a diferenza co efecto cohorte sería que as circunstancias do período afectarían a todos os individuos, independentemente da súa idade, sendo o impacto do cambio social “relativamente uniforme nas sucesivas cohortes de nacemento” (Elder et al., 2003: 9). Así, dentro deste efecto atoparíanse exemplos como unha crise económica, determinados elementos dunha guerra, innovacións tecnolóxicas, etc. (Jennings & Niemi, 1975).

Non obstante, aínda que cada un destes efectos pode servir para observar os cambios que produce de forma individualizada, cando se intenta medilos de forma conxunta da lugar ao coñecido como “problema de identificación”, polo que é imposible manter os valores de dous destes efectos constantes sen manter tamén constante o valor do terceiro (Mason et al., 1973), $Idade = Período - Cohorte$, polo que non sería posible a súa medición cos controis necesarios e imposibilitaría a súa correcta análise mediante probas como a regresión.

Se ben estes elementos serven como contexto e base sobre a que establecer o traballo, permitindo agrupar as diferentes formas de observar a comparación xeracional e aportar posibles respostas ás variacións que se atopen ao longo do traballo, o obxecto deste non será dar resposta ás diferenzas entre a xuventude e os demais grupos de idade, senón medir a presenza (ou non) e a orientación destas durante o espazo temporal seleccionado, os anos 2019 e 2023. Para isto, repasaranse as bases do estudo do comportamento político e observaranse as aportacións que realizou a literatura académica na súa relación coa xuventude, servindo así como trasfondo teórico, pasando do abstracto ao máis concreto, tal e como se expresou anteriormente.

2.2 UNHA VISIÓN GLOBAL DO COMPORTAMENTO POLÍTICO

Comezando polo ámbito do estudo do comportamento político, este toma forma coa aparición do behaviorismo, o cal provén da psicoloxía e englobaría aqueles “campos de coñecemento que proporcionan ou aspiran a proporcionar “principios verificados” do comportamento humano mediante o uso de métodos de investigación similares aos das ciencias naturais” (Truman, 2017: 39), é dicir, buscaría analizar o comportamento dos individuos a través da utilización de técnicas e análises empíricas. Aínda que o comportamento político foi estudado dende múltiples perspectivas, no século XX destacan tres correntes principais, personificadas polas súas respectivas Escolas: Columbia, Michigan e a do modelo da Elección Racional.

Antes de pasar a presentar as tres correntes do comportamento político, cabe destacar a actividade precursora da Escola de Chicago. Baixo a dirección de Charles Merriam, o cal foi capaz de influír na introdución do xa citado behaviorismo no ámbito da ciencia política, sendo “unha forza tanto intelectual como institucional que contribuíu a achandar o camiño para a revolución behaviorista dos anos 50” (Farr, 1995: 201). Entre os moitos traballos

destacados desta Escola pode atoparse a obra do propio Merriam xunto co tamén profesor Harold Gosnell, *Non-voting: causes and methods of control*, onde trataban de comprender as motivacións das persoas que non votaban nas eleccións en Chicago, facendo uso con ese obxectivo de entrevistas a 300 persoas con coñecementos en procesos electorais, así como a unha mostra de 6.000 persoas que non votaron nas eleccións, incluíndo nesta grupos en función de diferentes variables sociodemográficas e tratando de obter ás persoas da forma máis dispersa posible dentro da cidade (Merriam & Gosnell, 1924); así, pode comprobarse como fixeron uso dun método de investigación innovador na disciplina desa época, o que axudaría en futuros estudos e na evolución da ciencia política ata a actualidade.

Comezando coas principais correntes do comportamento político, en primeiro lugar está o modelo sociolóxico da Escola de Columbia, dirixido polo austríaco Paul Lazarsfeld. Estudou a influencia dos medios de comunicación no electorado mediante a potenciación e modernización da enquisa panel, chegando á conclusión de que os efectos destes medios son limitados e debe prestarse máis atención ás variables sociodemográficas, como o estatus socioeconómico ou a relixión, entre outras (Lazarsfeld et al., 1947). Nesta obra, *The People's Choice*, os autores xa tiveron en conta o factor da idade á hora de analizar as diferenzas de voto entre republicanos e demócratas, neste caso relacionándoa coa relixión; así, atoparon que mentres que os protestantes maiores de 45 anos votaban máis ao Partido Republicano que os menores de 45, cos católicos pasaba o contrario, os maiores de 45 votaban máis ao Partido Demócrata que os menores de 45, polo que conclúen que a idade podería ter un efecto máis de reforzo das conviccións relixiosas que de xiro conservador no ámbito político, ou como o expresan, “pode que o avance da idade non implique conservadurismo político, pero si conservadurismo social” (Lazarsfeld et al., 1947: 25).

O modelo socio-psicolóxico da Escola de Michigan, centrado na análise das actitudes e a súa orixe en experiencias pasadas e percepcións. O concepto máis destacado desta escola é a identificación partidista (Campbell et al., 1980), polo que existiría unha afinidade psicolóxica entre o votante e un determinado partido político, orixinándose a partir da socialización nas idades tempranas da vida, sendo estable ao longo do tempo e incluso fortalecéndose co paso dos anos. En *The American Voter*, os autores tamén tiveron en conta á idade para analizar a identificación partidista cos partidos demócrata e republicano nos EEUU, nas persoas que votaron por primeira vez entre 1924 e 1940, chegando á conclusión de que a Gran Depresión tivera efecto en gran parte dos novos electores, das cohortes máis recentes, observando que os que exerceran o sufraxio por primeira vez a partir de 1932 apoiaban en maior medida ao Partido Demócrata.

O modelo da Elección Racional, no que destaca a Escola de Rochester. A obra principal é *An Economic Theory of Democracy*, de Anthony Downs, pola que os electores serían seres racionais que guiarían o seu comportamento político a partir dun cálculo custo-beneficio, ordenando as súas preferencias e tendo en conta as consecuencias da súa selección (Downs, 1957). Desta forma, o obxectivo do voto non sería amosar as ideas ou preferencias do propio individuo, senón buscar un beneficio froito desa acción, polo que se tería en conta a utilidade dese sufraxio nun determinado episodio electoral. Tal e como indica Lewis-Beck (1988), mentres que outros autores como V.O. Key (1966) afirmaban que o voto era de carácter retrospectivo, é dicir, “o electorado apoiaba ou castigaba ao partido do “incumbent” en función do seu desempeño anterior” (p. 7), Downs (1957) defendía que esa experiencia anterior era usada para “facer proxeccións sobre o comportamento futuro dese partido” (Lewis-Beck, 1988: 7), axustando a valoración que lle daría a cada unha das accións pasadas do goberno, o que etiqueta como “factor de tendencia”.

Por último, aínda que estas foron as escolas clásicas sobre as que se baseou o estudo do comportamento político, a súa análise seguiu avanzando co paso dos anos cara moitos tipos de campos e teorías diferentes. Un exemplo sería a Teoría Espacial do Voto, a cal evolucionou dende a teoría clásica de Downs, coa ideoloxía como única dimensión e guiándose o voto en función da proximidade entre a posición do votante e a do candidato; seguindo coa proximidade “descontada” de Grofman pola que o votante tamén tería en conta a magnitude do potencial cambio ao pasar da promesa á práctica; pasando polos modelos puros baseados na dirección, nos que ademais se mediría a dirección do cambio respecto ao statu quo dunha proposta política determinada e a intensidade deste cambio; e rematando cos modelos mixtos que combinan os conceptos tratados na proximidade e na direccionalidade (Boscan et.al, 2023). Outro exemplo sería a maior centralidade do estudo das emocións tras o “xiro afectivo” que se produciu nas ciencias sociais segundo foi avanzando o século XX, este xiro que no caso da ciencia política deu validez á análise das emocións e da súa influencia no comportamento político, dando lugar a teorías como a teoría da intelixencia afectiva (Marcus et al., 2000), a teoría do razonamento motivado (Lodge & Taber, 2000), a teoría da transferencia afectiva (Ladd & Lenz, 2008) ou a teoría da ambivalencia partidista (Basinger & Lavine, 2005).

2.3 O COMPORTAMENTO POLÍTICO DA XUVENTUDE

Xa tratadas as bases sobre as que se asenta o estudo do comportamento político moderno, baixamos na escala de abstracción engadindo o compoñente da xuventude en relación a este, amosando varios estudos relevantes neste ámbito.

2.3.1 Revisión global

Se ben a relación entre o comportamento político e a xuventude foi amplamente debatida pola literatura académica, son realmente escasos os estudos que analizan esta relación de forma ampla, observando os diferentes campos do comportamento político. O máis habitual é que as investigacións sexan máis concretas, centrándose en ámbitos como a participación política, o cal permite acadar unha maior profundidade nese eido pero dificulta facer conexións ou comparacións para ter unha visión global do comportamento político na xuventude.

Entre os estudos que analizan o comportamento político a nivel xeral, atópase algún como o de Niemi & Kilingler (2012), onde observan un incremento no consumo de información política da xuventude, tanto nos medios tradicionais como nos novos, un maior nivel de eficacia política interna e unha menor confianza no goberno segundo pasan os anos.

En cambio, como se dixo, a gran maioría dos artigos académicos escollen un campo específico do comportamento político e afondan nel cunha maior amplitude da que lles permitiría unha análise global do concepto. Así, un dos temas que máis atención recibiu dentro deste campo é o da participación política, tanto a nivel electoral, voto-abstención, como nas formas de participación “convencionais”, con actividades como acudir a reunións ou afiliarse a partidos políticos, onde a xuventude adoita estar menos implicada. Se ben parte da literatura académica atribuíu este resultado ao efecto de “ciclo vital” (Norris, 2004), polo que co avance dos anos iría aumentando a participación dos que agora son mozos, outra parte decantouse polo efecto de “cohorte”, chegando a declarar que as novas xeracións do momento analizado eran máis apáticas cara a política que os adultos máis maiores (Putnam, 1995; Twenge, 2006). Non obstante, outras investigacións difiren desta perspectiva, alegando que non é que a xuventude participe menos, senón que prefiren outros modos de participación diferentes aos “formais”, reinventado así as formas de participar politicamente (Dalton, 2008; Henn et al., 2005; Norris, 2004; Soler-i-Martí, 2014).

Outros autores, aceptan a baixada da participación entre a xuventude pero atribúen o resultado a factores do ambiente no que se socializa a persoa moza durante os seus anos formativos, como poderían ser o cambio de entorno debido a unha “migración interna” (Brown, 1981) ou a competencia política a nivel local (Pacheco, 2008). Outros traballos amosarían a gran influencia do nivel educativo, o cal afectaría de forma positiva aos datos de participación da xuventude e de forma negativa aos das persoas de idade avanzada

(>60), provocando que a da xuventude non fora aínda menor e que a das persoas de idade avanzada fora menor que as de mediana idade; ademais amosarían que a diferenza na participación base (controlando a influencia do nivel educativo) sería debida a efectos de “startup” e “slowdown”, polos que canto máis tempo pasase unha persoa nunha comunidade de forma activa, máis participativa sería (Nie et al., 1974); desta forma, “é como se a experiencia adulta acumulada empezara lentamente a compensar a súa escasa educación formal” (Converse & Niemi, 1971, como se citou en Wolfinger & Steven, 1980: 60), polo que a acumulación de experiencias vitais iría sumándose á gañada a raíz da experiencia educativa, facendo que o individuo participase en maior medida.

Por último, outros autores acadaron un termo medio entre a visión pesimista, caracterizada pola apatía da xuventude, e a optimista, pola que as persoas mozas terían atopado novas formas de participación, defendendo que “tanto o compromiso como a falta de compromiso se producen simultaneamente” (Farthing, 2010: 190). A citada investigación eríxese a partir do estudo de Beck (2001), no que formularía a incomparabilidade entre a participación das diferentes xeracións debido a que as máis novas teñen interiorizada a democracia, o que lles permitiría ter unha perspectiva sen precedentes, podendo chegar a “reagruparse nunha colorida rebelión contra o tedio e as obrigas que deben ser cumpridas sen dar razóns para iso e aínda que ninguén se identifique con elas” (Beck, 2001: 159), sendo capaces en última instancia de “cuestionar o monopolio dos guardiáns do interese público sobre a definición do interese público” (Beck, 2001: 159). Desta forma, a xuventude non participaría menos por mera apatía, senón que sería unha resposta conscente ante as dificultades que lles presentou a sociedade na que naceron. A este bloque de visións intermedias pode sumarse a teoría de que a xuventude está desexando participar en política, mais é esta a que lles impide facelo mediante unha oferta electoral e discursos pouco atractivos, polo que “a maioría da xuventude sería máis crítica que apática” (Cammaerts et al., 2014: 661), sendo o “sistema político e os partidos e políticos establecidos que o dominan incapaces de proporcionar os estímulos necesarios para animar á xuventude a comprometerse coa política formal” (Henn & Foard, 2014: 373).

Así, en contraposición á corrente que defende a apatía da xuventude en relación á política, atoparíanse diversas teorías que diferirían na explicación que lle dan á diferenza de participación entre mozos e adultos máis maiores pero coincidirían ao sinalar o que para elas é a base da corrente apática, unha definición demasiado “estreita” da política (Henn et al., 2002; Manning, 2010; O’Toole et al., 2003; O’Toole, 2003), asemellándose máis ao concepto de participación política convencional e deixando sen medición outras moitas formas de participación polas que a xuventude podería ter máis interese.

Recapitulando, no ámbito de estudo da participación política na xuventude, poderían agruparse as diferentes investigacións en tres correntes. En primeiro lugar, estaría a corrente da apatía, a cal defendería que a xuventude do momento está nunha situación de desinterese pola política sen precedentes, facendo perigar os mínimos niveis de participación requeridos para que a democracia tal e como a coñecemos funcione correctamente. No outro extremo, estarían os que defenden que a xuventude non participa menos en política, senón que polas características propias da súa etapa de socialización atoparon novas formas de participación, conseguindo innovacións neste ámbito que os adultos dunha idade máis avanzada incluso poden non comprender na súa totalidade. Por último, nun termo medio estaría a corrente que defende que a xuventude si que participa menos, pero non é por desinterese ou apatía, senón que as súas ganas de participar son anuladas polo propio sistema político, o cal fala duns temas e establece uns mecanismos que non son atractivos para eles.

2.3.2 Revisión española

Avanzando no nivel de concreción ata situarse no ámbito español, atópanse investigacións xerais como a de Ferrer (2006), onde se observaban unhas pautas de comportamento similares entre a xuventude e o total da poboación. As diferenzas máis notables estarían no ámbito da participación política, onde a xuventude sería máis propensa a participar en manifestacións ou folgas e menos propensa a participar en actividades de carácter electoral; así como no ámbito da eficacia política interna, véndose a xuventude máis capaz que o total da poboación para entender a política e para influír no goberno por medios diferentes ao voto. Por outro lado, atópanse diferenzas menos pronunciadas na confianza da xuventude cara diferentes institucións e actores, como unha menor confianza no Congreso dos Deputados e na Unión Europea e unha maior confianza nos sindicatos. Por outro lado, Benedicto (2008) sinala “catro rasgos básicos nas actitudes políticas” da xuventude española, sendo estes: a lexitimidade da que goza a democracia, a desafección cara o comunmente considerado como político, a pouca implicación en actividades políticas convencionais e o predominio da solidariedade sobre o cumprimento das normas establecidas; todo isto cubriría á vida política xuvenil dunha complexidade na que poderían convivir elementos políticos opostos, como o pouco interese cara a política e a elevada participación en manifestacións, dificultando reunir ás persoas mozas ao redor dunha etiqueta xeral como a de apatía.

Outro exemplo sería o *Informe Juventud en España 2020*, onde aínda que non se realizan comparacións con persoas máis maiores, pode ser útil para observar tendencias na xuventude que servirán para contrastalas con datos doutras investigacións e do propio TFG. Así, atópanse elementos como que o seu nivel de interese pola política subiu notablemente a partir da Gran Recesión, aínda que cun lixeiro retroceso dende o ano 2012, cando alcanzou o seu punto álxido. Unha das formas de canalizar este interese é a través do consumo de información política, neste eido, no ano 2020 por primeira vez a xuventude consume máis información política a través de redes sociais (46%) que de calquera outro medio, desbancando do primeiro lugar á televisión (44%). En canto ao interese que lle xeran os distintos temas políticos, os máis valorados na escala de interese son “o traballo”, “a educación” e “a igualdade entre homes e mulleres” (García-Albacete, 2021).

Nun plano máis concreto, realizáronse moitos estudos en ámbitos como o da desafección. Os primeiros traballos que a relacionaron coa xuventude son de J.R. Montero e M. Torcal, como o publicado no ano 1998 xunto a Gunther e Menezo, onde chegaban á conclusión de que “as actitudes que miden a desafección política presentan unha considerable estabilidade a través das xeracións” (p. 41), polo que defenderían que estas se transmitirían entre xeracións sen practicamente ningún cambio. Isto contrastaría co que denominan como “descontento político”, o cal non presentaría ningún efecto cohorte, e “lexitimidade democrática”, a cal si tería “sufrido importantes cambios interxeracionais” (Montero et al., 1998: 41). Se ben, partes da literatura académica revisaron este concepto co tempo, aludindo a que “foi estudado fundamentalmente en termos de actitudes e non de sentimentos, afectos ou emocións” (Rivera & Pereira, 2020: 319), polo que sería necesario ter en conta ese compoñente afectivo para poder analizar ese concepto de forma completa.

Estudos máis recentes que os de Montero e Torcal, como o de Galais (2012), chegaron a conclusións como que, na comparación entre as diferentes cohortes, non se atopa evidencia de que a xuventude actual sexa menos participativa que nas anteriores xeracións de mozos, a excepción da xeración da Transición, polo que se mantería esa estabilidade entre cohortes. Seguindo coas achegas deste artigo de Galais, se ben a xuventude española é a cuarta dos 29 países europeos analizados na Encuesta Social Europea 2008-2009 que ten unha menor proporción de mozos interesados pola política, este desinterese non sería homoxéneo en todas as formas de participación, afectando en menor medida a accións como acudir a manifestacións, realizar boicots ou firmar peticións, nas que o desinterese tería un menor efecto desmobilizador en España que noutros países cun maior interese pola política a nivel xeral. Ademais, defende que “a relación entre desinterese político e xuventude é moito menos intensa en España que noutros países

européos” (Galais, 2012: 122), asemellándose moito máis aos adultos de idades máis avanzadas. Así mesmo, Jaime-Castillo (2008), ao centrarse na participación política non convencional, afirma que na xuventude esta non só non decreceu, senón que está experimentando un crecemento nas últimas medicións do momento analizado. Nesta liña, tamén se atopan investigacións como a de García-Albacete (2008), na que mostra como, se ben a xuventude declara ter menos interese pola política, na práctica non se observa unha diferenza radical cos adultos máis maiores, a excepción de elementos como a abstención; desta forma, en ocasións confundiríase a maior crítica da xuventude cara o sistema político convencional cunha apatía cara a política en xeral, polo que sería necesaria unha boa definición que abarcase todos os indicadores pertinentes, tal e como se abordou no apartado anterior de revisión global.

Investigacións como a de Francés & Santacreu (2015) afirmarían que a xuventude “define a política dunha forma diferente” (Hill & Louth, 2006, como se citou en Francés & Santacreu, 2015: 124), renegando de participar nas opcións tradicionais e institucionalizadas, levando ás persoas mozas cara dous escenarios: 1) a maior implicación cara novos actores e o voto a partidos políticos emerxentes e 2) a menor participación vía sufraxio debido á falta de confianza nos partidos tradicionais, mudando cara outras formas de participación non institucionais. Entre estas formas de participación non institucionais, nas que máis destaca a xuventude española son a firma de peticións e a participación en manifestacións, cunha diferenza en ambas de case 10 puntos respecto ao conxunto da poboación, destacando ademais no lado das protestas pola súa superioridade porcentual sobre outros países europeos como Alemaña, Suecia, Italia, e Países Baixos, entre outros (Muxel, 2008).

Nun punto de vista máis pesimista cara a xuventude, atópanse estudos como o de García & Martín (2010), onde se vería que a diferente forma de participación da xuventude estaría marcada por efectos do ciclo vital, o que explicaría a súa maior participación en manifestacións. Mais, a nivel xeral entre a xuventude non se atoparían outras formas de participación menos convencionais que permitisen realizar a afirmación de que “teñen novas formas de participar na política”, como sería a participación en asociacións non vinculadas a partidos políticos. Como engadido á análise desta investigación, as autoras manifestan que a baixa participación a nivel electoral é algo característico da cohorte xuvenil actual e podería ser “unha característica que lles acompañe tamén durante a súa vida adulta” (García & Martín, 2010: 236).

Por outro lado, a nivel de influencia no voto, a idade foi vista como “un factor de cambio asociado ao ciclo político-electoral” nas eleccións xerais de 1996, 2000 e 2004 (González, 2009: 304), se ben facendo efecto máis como variable de control, é dicir, influíndo na decisión do voto a través doutras variables como a experiencia persoal ou a cultura política, entre outras. Ese factor de cambio provocaría que a xuventude tivese unha “tendencia á desafección ao partido no goberno a medida que transcorre o ciclo político” (González & Caínzos, 2012: 176). Outras investigacións tamén posicionan á idade como unha variable importante na explicación do voto, dándolle un maior apoio entre a xuventude a Unidas Podemos e un menor a PSOE e PP, confirmando así ese “factor de cambio” por un lado, e un rexeitamento da vella política, polo outro (Megías et al., 2022). Nesta última investigación, Megías et al., mostran que ademais da idade, a valoración dos líderes ten unha gran relevancia na explicación do voto, tanto no voto cara o partido do líder máis valorado, como no voto en contraposición a un líder mal valorado. Na mesma liña, Salazar (2022) amosa como o grupo de idade máis mozo é o que proporciona unha maior porcentaxe de votantes a Unidas Podemos, Ciudadanos e Vox, mentres que no caso de PSOE e PP o efecto sería o contrario, concluíndo que, a maior idade, maior tendencia de votar ao bipartidismo. Este maior apoio das persoas mozas cara Unidas Podemos foi estudado por Barragán & Rivas (2022) ao analizar as variables que explicarían o voto a UP e Vox entre a xuventude, atopándose a ideoloxía como nexo común entre partidos e idades, pero observando diferenzas en case todas as demais variables significativas; no caso da coalición de esquerdas, a explicación viría dada por variables de carácter sociodemográfico como o lugar de residencia (tendo maior apoio nos núcleos urbanos) e por variables máis políticas, como a (in)satisfacción co goberno e a satisfacción coa democracia, mentres que no caso dos adultos a nivel xeral pesarían máis outros elementos como a (menor) relixiosidade, o interese pola política ou a (boa) opinión sobre a inmigración, entre outras cousas; polo lado das persoas mozas votantes de Vox, ademais da (in)satisfacción co goberno, destacaríase o rexeitamento cara unha maior integración na Unión Europea, en cambio, os adultos a nivel xeral valorarían máis elementos como o interese pola política, a (des)confianza nos políticos, a (mala) opinión sobre a inmigración ou o vínculo emocional con España.

Centrado máis na ideoloxía, Lorente & Sánchez-Vitores (2022) analizan como evolucionou a ideoloxía da xuventude dende a consolidación da democracia ata a actualidade, facendo comparacións tanto de maneira intragrupal (observando as diferentes cohortes de persoas mozas) como intergrupala (comparando estas cohortes cos seus respectivos adultos máis maiores). Desta forma, chegan á conclusión de que a idade xoga un rol relevante na explicación da ideoloxía, estando presente un efecto de ciclo vital que fai que, conforme

aumenta a idade, a ideoloxía sufra un desprazamento cara a dereita. Se ben desta forma as persoas xirarían cara a dereita conforme avanzan no ciclo vital, a posición de inicio non sería a mesma en cada xeración, atópanse así cun efecto de cohorte. Polo que, dependendo deste punto de partida, tamén se modificaría o punto final da escala ideolóxica que acadarían nas últimas etapas da súa vida, o que leva a que as persoas mozas na actualidade sexan “máis de esquerda que os adultos, si; pero menos de esquerdas do que eses adultos foron cando aínda eran novos” (Lorente & Sánchez-Vítores, 2022: 130), polo que cabería agardar unha xeración máis dereitizada que a actual entre os adultos máis maiores do futuro.

Respecto a outros temas, atopamos investigacións como a de Voces & Caínzos (2022), os cales ao medir as preferencias pola democracia e o autoritarismo, analizan como evolucionou o apoio cara a democracia a partir da pandemia, comparando datos de 2019 e 2021, podendo observarse como o grupo de idade máis novo foi o que sufriu un maior descenso na súa preferencia pola democracia (case 30 puntos), indo na súa maioría cara a indiferencia. Así, pode observarse como no ano 2021 “aparece unha relación positiva moi clara entre idade e actitudes cara a democracia” (Voces & Caínzos, 2022: 186). Por outro lado, Calzada & Del Pino (2019), exploraron as actitudes da xuventude española cara os impostos e os servizos públicos, podendo observarse como os mozos entre 18 e 24 anos son o grupo de idade máis favorable a aumentar os impostos se con iso melloran os servizos públicos e as prestacións sociais; así como o grupo que máis declara que a sociedade se beneficia moito/bastante dos impostos e cotizacións que pagamos ás diferentes administracións públicas; sendo ademais o grupo de idade que máis afirma que os impostos se cobran con xustiza.

3. METODOLOXÍA

Tal e como se adiantou na introdución, é necesaria a elaboración dun apartado metodolóxico que permita asentar as bases técnicas sobre as que se sustentará o deseño desta investigación, abrindo a posibilidade de conseguir os obxectivos propostos, inicialmente de forma teórica, mais adquirindo un matiz práctico segundo se vaian cumprindo os requisitos que a continuación se enumerarán.

3.1 DELIMITACIÓN DO CONCEPTO

Antes de comezar coa obtención e tratamento dos datos, é preciso delimitar a que se refire o concepto de “xuventude”, é dicir, que idades abrangueranse nese concepto á hora de analizar os resultados. Na revisión bibliográfica realizada no apartado anterior, pódese observar como non existía un consenso sobre que anos pertencen á xuventude, pois cada estudo seguía unha delimitación diferente, algúns incluso dividindo á mocidade en dúas categorías, antes e despois dos 24 anos. Non obstante, debido aos obxectivos deste traballo de facer tanto comparacións intergrupais como intragrúps, considérase máis adecuado delimitar á xuventude nun grupo homoxéneo, sendo escollido o rango entre os 18 e os 29 anos, ao ser unha distinción en tramos xeralmente empregada en estudos deste cariz, a cal responde tamén á distribución poboacional da poboación española e á súa evolución no ciclo vital, sendo marcada comunmente a fin da xuventude coa barreira simbólica do abandono da casa familiar, situada en España ao redor dos 30 anos (Eurostat, 2024).

Por outro lado, os demais grupos de idade analizados co obxectivo de realizar comparacións serán as persoas entre 30 e 49 anos, 50 e 64 anos, e maiores de 65 anos. Desta forma, estarían representadas a maioría de etapas do ciclo vital: a xuventude, a mediana idade, os últimos anos no mercado laboral e a xubilación.

3.2 SELECCIÓN E OBTENCIÓN DOS DATOS A UTILIZAR

Comezando polos datos que se utilizarán, en primeiro lugar hai que ter conta que, polas limitacións propias dun Traballo de Fin de Grao, a obtención de datos primarios é algo inacadable a gran escala, limitándose unicamente a casos máis concretos como as entrevistas ou os grupos de discusión, pero non sendo posible para a consecución de datos extrapolables á totalidade de España. Por este motivo, é necesario utilizar unha información xa extraída por algún tipo de organismo ou investigador, sendo seleccionado neste caso o Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS), debido á súa condición de principal organismo

a nivel estatal neste campo e á dispoñibilidade pública e gratuita das matrices de datos completas dos seus estudos, facilitando a súa obtención e tratamento. En canto a este último punto, para o tratamento dos datos será utilizado o programa informático *IBM SPSS Statistics*, servindo como demostración de todos os coñecementos adquiridos ao longo do grao.

En canto á selección do tipo de eleccións a analizar, considérase ás xerais como as máis apropiadas para cumprir cos obxectivos propostos, debido a feitos como a posibilidade de analizar unha mostra de entrevistas de toda España nun momento temporal concreto, o cal non permitirían as eleccións autonómicas, influenciadas polo contexto concreto do momento e características propias de cada unha delas, dificultando a comparabilidade e a extrapolación dos resultados ao conxunto do Estado. Por outro lado, as xerais terían a vantaxe de ser as máis recentes no momento de inicio da investigación e de facilitar a comparabilidade ao estar centrada a campaña mediática e o debate público maioritariamente nuns mesmos partidos e candidatos, o cal non sucedería coas municipais. Por último, as eleccións xerais do período escollido teñen a característica de ser convocadas en solitario, é dicir, non tiveron que compartir o día de votación con ningún outro proceso electoral, o cal si ocorreu coas municipais e autonómicas, polo que é máis sinxelo sacar conclusións ao non ter que ter en conta factores externos provintes doutra campaña ou proceso electoral.

Unha vez seleccionadas as eleccións xerais, considéranse máis adecuados os datos dos estudos postelectorais que os dos preelectorais, pois permiten observar un feito xa establecido, por exemplo quen votou e por que, mentres que os preelectorais farían un maior fincapé en intencións, as cales poderían cambiar antes do momento dos comicios ou ben no mesmo día dos propios comicios.

Por último, foi escollido o período correspondido entre os anos 2019 e 2023, pois considérase que é o comezo dun novo ciclo político a nivel estatal, debido a feitos propios como a aparición a gran escala dun partido á dereita do Partido Popular no plano ideolóxico, Vox, a posterior necesidade de artellar gobernos de coalición para sumar unha maioría o suficientemente ampla como para acadar a investidura, ou a centralidade do *procés* catalán na axenda política e mediática debido á celebración do referéndum unilateral do 1 de outubro do 2017.

Desta forma, para analizar o comportamento político da xuventude española entre 2019 e 2023 farase uso dos estudos postelectorais das eleccións xerais do 28 de abril do 2019 (Estudo 3248), do 10 de novembro do 2019 (Estudo 3269) e do 23 de xullo do 2023 (Estudo 3420), elaborados polo CIS e dispoñibles na súa páxina web. Nalgunhas ocasións, que se poderán observar na Táboa 2, debido á desaparición dos cuestionarios de determinadas preguntas consideradas de especial relevancia, farase uso dos resultados desa pregunta no estudo preelectoral para intentar compensar esa ausencia, como son os casos dos preelectorais das eleccións de abril do 2019 (Estudo 3242) e de xullo do 2023 (Estudo 3411). Por último, como forma de complementar as análises feitas ao longo do traballo, utilizaranse datos do postelectoral das eleccións de xuño do 2016 (Estudo 3145) para observar se existen cambios radicais respecto ao que se identificou como un ciclo político previo. Tanto este último postelectoral como os dous preelectorais serán mencionados na Táboa 1, mais debe terse en conta que a súa análise é menos exhaustiva que nos casos dos postelectorais do 2019 e 2023, os cales actúan como columna vertebral do presente traballo. Desta forma, os estudos contan coas seguintes especificacións técnicas:

Táboa 1. Datos técnicos dos estudos analizados

Ano	Estudo	Datos técnicos
2016	Barómetro Postelectoral para as Eleccións Xerais do 2016 (Estudo 3145)	Datas: do 2 ao 21 de xullo do 2016. Universo: poboación con dereito a voto en eleccións xerais e residente en España. Tamaño da mostra: 6175. Supostos: p=q. Erro asociado: $\pm 1,27\%$ Afixación: proporcional. Administración: entrevista persoal nos domicilios.
2019	Macrobarómetro de marzo do 2019. Preelectoral Eleccións Xerais do 2019 (Estudo 3242)	Datas: do 1 ao 18 de marzo do 2019. Universo: poboación con dereito a voto en eleccións xerais e residente en España. Tamaño da mostra: 16194. Supostos: p=q. Erro asociado: $\pm 0,79\%$. Afixación: non proporcional. Administración: entrevista persoal nos domicilios.
2019	Barómetro Postelectoral para as Eleccións Xerais de abril do 2019 (Estudo 3248)	Datas: do 10 ao 25 de maio do 2019. Universo: poboación con dereito a voto en eleccións xerais e residentes en España. Tamaño da mostra: 5943. Supostos: p=q. Erro asociado: $\pm 1,3\%$. Afixación: proporcional. Administración: entrevista persoal nos domicilios.

2019	Barómetro de decembro 2019. Postelectoral Eleccións Xerais de novembro do 2019 (Estudo 3269)	Datas: do 29 de novembro ao 19 de decembro do 2019. Universo: poboación española de ambos sexos de 18 anos e máis. Tamaño da mostra: 4804. Supostos: p=q. Erro asociado: ±1,4%. Afixación: non proporcional. Administración: persoalmente mediante o sistema CAPI.
2023	Barómetro Preelectoral para as Eleccións Xerais do 2023 (Estudo 3411)	Datas: do 8 ao 27 de xuño do 2023. Universo: poboación española de ambos sexos de 18 anos e máis con dereito a voto en eleccións xerais e residente en España. Tamaño da mostra: 29201. Supostos: p=q. Erro asociado: ±0,6%. Afixación: non proporcional. Administración: telefonicamente mediante o sistema CATI.
2023	Barómetro de setembro 2023. Postelectoral Eleccións Xerais do 2023 (Estudo 3420)	Datas: do 1 ao 12 de setembro do 2023. Universo: poboación española de ambos sexos de 18 anos e máis. Tamaño da mostra: 10101. Supostos: p=q. Erro asociado: ±1%. Afixación: non proporcional. Administración: telefonicamente mediante o sistema CATI.

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

3.3 TRATAMENTO DOS DATOS

O tratamento dos datos estará enfocado nos catro apartados de resultados mencionados na introdución: os perfís políticos, a comparación entre estudos, a análise multivariante e a análise da abstención. Nos dous primeiros casos, a análise será puramente descritiva, limitándose a enumerar os resultados provintes de frecuencias, comparacións de medias ou táboas cruzadas, entre outras. Para unha mellor lectura e interpretación dos resultados, ao longo do traballo agruparanse as diferentes variables escollidas en seis grupos diferentes: valoración do contexto, campaña electoral, desafección e percepción do sistema, recordo de voto, cercanía e simpatía, liderados e cleavages políticos. Estas categorías foron escollidas debido á súa numerosa presenza na literatura académica analizada, se ben estaban presentes de forma separada en artigos individuais, permitindo ademais formar unha visión global do comportamento político. Todas as variables recollidas nestes dous primeiros apartados dos resultados están recollidas na Táboa 2.

Táboa 2. Variables utilizadas nos perfis políticos e na comparación entres estudos¹

Categoría	Variables	2019A	2019N	2023X
Valoración contexto	Principal problema España	PRE		
	Principal problema persoal	PRE		
	Valoración situación económica España			
	Valoración situación económica persoal	x		
	Valoración prospectiva situación económica España			x
	Valoración situación política España			x
	Valoración retrospectiva situación política España	x		x
	Valoración prospectiva situación política España	x		x
Campaña electoral	Participación en actividades			x
	Tema máis debatido durante a campaña			x
	Partido que máis insistiu no tema seleccionado			x
	Grao importancia do tema seleccionado			x
	Seguimento información política durante a campaña		x	x
	Principal medio información electoral	x		x
	Principal periódico			x
	Principal televisión			x
	Principal emisora			x
	Seguimento información electoral a través de internet			x
	Conta nas rrss			x
	Consumo rrss/internet		x	x
	Visionado do debate electoral			x
	Gañador do debate electoral			x
	Cambio de voto tras visionado do debate electoral			x
	Sentido cambio voto tras o debate electoral			x
	Momento decisión voto			
	Cofecemento enquisas			x
	Grao influencia enquisas			x

¹ Para a correcta comprensión da Táboa 2, as celas baleiras indican que esa variable estivo presente no estudo. As grises marcadas cunha “x” indican a ausencia desa variable nese estudo concreto, mentres que as grises marcadas cun “PRE” indican que se compensou a súa ausencia cos datos do estudo preelectoral.

	Sentido influencia enquisas			x
Desafección	Interese pola política			x
	Interese pola campaña electoral			x
	Nivel satisfacción coa democracia		x	x
	Réxime político preferido			x
	Importancia destas eleccións			x
Recordo voto, cercanía e simpatía	Cercanía			
	Recordo de voto			
	Simpatía	x		
Liderados	Coñecemento líderes			PRE
	Valoración líderes			PRE
	Preferencia como presidente	x	x	
Cleavages políticos	Autoubicación ideolóxica			
	Sentimento identitario			x

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Como engadido, leváronse a cabo dúas probas para comprobar a validez dos resultados obtidos e a súa extrapolación á poboación total. Nos casos nos que comparamos dúas variables cualitativas, nas táboas de continxencia faremos uso da proba de Chi-Cadrado para comprobar se existe unha relación de asociación significativa (<0.05) entre as dúas variables seleccionadas. Todos os casos nos que foi necesaria realizar esta proba foron recollidos na Táboa 3, sendo omitidas da interpretación posterior as variables non significativas.

A segunda proba que serviría como comprobación sería a da análise da varianza, usada cando se analiza a relación entre unha variable cuantitativa e unha cualitativa politómica. En primeiro lugar, fariase unha comprobación da existencia de homoxeneidade das varianzas, mediante a proba de Levene, podendo chegar a dúas situacións: 1) que o p-valor do resultado sexa maior que 0.05, aceptando a hipótese nula de homocedasticidade, polo que se realizará a proba da diferenza de medias co Test F, 2) que o p-valor sexa menor que 0.05, rexeitando a hipótese de homocedasticidade, polo que se acudirá ao test robusto de Welch para realizar a diferenza de medias. Tras o primeiro dos casos, realizaranse as comparacións múltiples con Bonferroni, tras o segundo dos casos, con Games-Howell.

Táboa 3. Probas Chi-Cadrado (significación)²

Categoría	Variables	2019A	2019N	2023X
Valoración contexto	Principal problema España	0,000 (PRE)	0,000	0,000
	Principal problema persoal	0,000 (PRE)	0,000	0,000
	Valoración situación económica España	0,024	0,000	0,000
	Valoración situación económica persoal	x	0,000	0,000
	Valoración prospectiva situación económica España	0,000	0,039	x
	Valoración situación política España		0,038	x
	Valoración retrospectiva situación política España	x	0,000	x
	Valoración prospectiva situación política España	x	0,000	x
Liderados	Coñecemento Santiago Abascal	0,000	0,000	0,000 (PRE)
	Coñecemento Pablo Casado	0,019	0,001	x
	Coñecemento Alberto Núñez Feijóo	x	x	0,000 (PRE)
	Coñecemento Alberto Garzón	0,000	0,000	x
	Coñecemento Pablo Iglesias	0,030		x
	Coñecemento Ione Belarra	x	x	0,000 (PRE)
	Coñecemento Albert Rivera	0,006	x	x
	Coñecemento Inés Arrimadas	x	0,000	x
	Coñecemento Pedro Sánchez			0,000 (PRE)
	Coñecemento Yolanda Díaz	x	x	0,000 (PRE)
	Coñecemento Íñigo Errejón	x	0,000	x
Preferencia como presidente	x	x	0,000	
Campaña electoral	Tema máis debatido durante a campaña	0,000	0,000	x
	Partido que máis insistiu no tema seleccionado	0,000	0,000	x
	Grao importancia do tema seleccionado	0,000	0,009	x
	Principal medio información electoral	x	0,000	x
	Principal periódico	0,000		x
	Principal televisión	0,000	0,000	x

² As celas en branco indican que esa variable non foi significativa, as celas en gris indican que a variable non estaba presente nese estudo. As celas cun "(PRE)", indican que esa variable e significación foron obtidas do estudo preelectoral desas eleccións debido a que a pregunta non existía no postelectoral.

	Principal emisora	0,002	0,000	x
	Consumo rrss/internet	0,000	x	x
	Voto partido por uso rrss/internet	0,000	x	x
	Uso rrss/internet por partido	0,000	x	x
	Visionado do debate electoral	0,000	0,000	x
	Gañador do debate electoral	0,000	0,000	x
	Cambio de voto tras visionado do debate electoral	0,000	0,000	x
	Sentido cambio voto tras o debate electoral	0,035		x
	Momento decisión voto	0,000		0,000
	Se coñecera os resultados...	0,000	0,000	0,000
	Eleccións tema de conversa	0,000	0,000	x
	Coñecemento enquisas	0,000	0,000	x
	Grao influencia enquisas	0,000	0,000	x
	Sentido influencia enquisas			x
Desafección	Interese pola política	0,000	0,000	x
	Interese pola campaña electoral	0,002	0,001	x
	Réxime político preferido	0,022		x
	Importancia destas eleccións	0,000	0,000	x
Recordo voto, cercanía e simpatía	Cercanía	0,000	0,000	0,000
	Recordo de voto	0,000	0,000	0,000
	Simpatía	x	0,004	0,000
Cleavages políticos	Identidade	0,000	0,000	x

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

En canto ao terceiro apartado dos resultados, a análise multivariante, buscarase observar a influencia dunha serie de variables independentes sobre o voto, usando polo tanto o recordo de voto como variable dependente en cada un dos tres estudos postelectorais analizados entre 2019 e 2023. A proba escollida para a súa realización foi a regresión loxística multinomial, a cal é apropiada en casos onde as categorías da dependente son discretas, nominais e sen orde (Liao, 1999, como se citou en Kwak & Clayton-Matthews, 2002: 405), xa que permite observar a influencia das variables independentes sobre unha dependente nominal politómica, superando o requisito da dependente dicotómica que establece a regresión loxística binaria, converténdose así nunha “extensión multivariante da regresión loxística binaria clásica” (Pando & San Martín, 2004: 323) e permitindo unha visión máis completa do feito estudado. Desta forma, faise posible realizar nun cálculo o que doutro xeito requiriría dunha transformación da variable multicategoría en múltiples variables

binarias que á súa vez serían utilizadas en múltiples regresións loxísticas binarias, minimizando así o risco de erros na manipulación das variables e na súa posterior análise por separado. Por outro lado, a realización da regresión loxística multinomial requírese establecer entre as categorías da variable dependente unha que servirá como referencia, para o que foi escollido neste caso o recordo de voto cara o PSOE, debido ao seu carácter de partido de goberno durante os tres comicios analizados neste traballo, sendo ademais o único partido xunto con Vox que mantén unha posición estable a nivel de liderado durante este período. Como apuntamento final, o tipo de modelización obrigou a limitar o número de variables utilizadas, prescindindo dalgúñas que inicialmente se propuxeran, debido á necesidade de combinar o número de variables independentes co de categorías da variable dependente.

Por último, no cuarto apartado de resultados, a análise da abstención, usaranse as técnicas e procedementos recollidas nos anteriores tres apartados, tanto unha análise de descritivos a nivel xeral, sendo utilizadas as variables recollidas na táboa 4, como unha regresión para cada estudo postelectoral, neste caso loxística binaria debido a que a variable da abstención/voto de candidatura é dicotómica.

Táboa 4. Variables utilizadas perfís xuventude abstencionista

Variables	2019A	2019N	2023X
Participación en actividades			x
Seguimento periódicos		x	x
Seguimento televisión		x	x
Seguimento radio		x	x
Decisión de participación			
Afirmacións non votar			x
Momento decisión non votar			
Motivo polo que non votou			
Interese pola política			x
Interese pola campaña electoral			x
Satisfacción coa democracia		x	x
Réxime político preferido			x
Coñecemento líderes			x
Valoración líderes			x
Preferencia presidente	x	x	
Autoubicación ideolóxica			
Sentimento identitario			x

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

3.4 OUTRAS CONSIDERACIÓNS

Os comicios analizados contan coa presenza de coalicións de partidos nas listas electorais, o cal pode supoñer un problema á hora de analizar os datos pois, nalgúns territorios preséntase un partido que forma parte desa coalición pero coa súa propia marca e candidatos, absténdose o resto de participar electoralmente nesa circunscrición, polo que aparecería o dilema de se é adecuado sumar as súas porcentaxes en variables como o recordo de voto ou a cercanía. A posición tomada neste traballo é a de non sumar as porcentaxes, tal e como se ten realizado en traballos previos (Lagares et al., 2018), cunha excepción, a de Podemos e En Comú Podem, xa que consideramos que debido ao seu cercano momento de aparición e a que sempre acudiron de forma conxunta aos comicios anteriores, forman parte dun mesmo imaxinario, chegando a pensarse en moitos casos que ECP é a marca de Podemos en Cataluña. Desta forma, as porcentaxes destes dous partidos serán sumadas nas variables oportunas nos dous estudos do 2019, non no do 2023, pois ECP empezou a participar en Sumar, polo que nesas eleccións será tomado como unha porcentaxe individual.

Por outro lado, cabería destacar a gran cantidade de cambios que sofren as preguntas e respostas do cuestionario en cada estudo postelectoral, tanto pola súa desaparición como polo cambio na redacción. O caso da desaparición de preguntas pode comprobarse na xa mencionada Táboa 2. O estudo do 2023 é o máis destacado neste ámbito, desaparecendo 37 das 51 preguntas que se tiñan en conta neste traballo provintes dos anteriores postelectorais das eleccións xerais, omitindo a práctica totalidade das cuestións referidas directamente á campaña electoral ou á desafección, así como outros elementos relevantes como a valoración de líderes ou o sentimento identitario. Esta é unha cuestión que afecta á comparabilidade e que se ten intentado atallar ao longo da investigación (por exemplo, acudindo ao estudo preelectoral para observar esa variable), non obstante, esta problemática podería terse evitado co mantemento das series históricas de preguntas.

Un exemplo sería o caso das preguntas referentes a que partido considera o entrevistado máis cercano ás súas ideas, atópase un dos cambios na serie histórica de preguntas, pois no estudo do 2019A a cuestión posúe un filtro previo sobre “se siente ud. cercano/a o próximo/a a algún partido o coalición política?”, polo que só preguntan a formación concreta aos que responden afirmativamente, non participando así o conxunto dos entrevistados. Mentres que nos estudos do 2019N e 2023X non existe ningún tipo de filtro previo, atopándose entre as respostas á pregunta única a opción de “ningún” partido. Outro

exemplo atopárase en varias preguntas como a da valoración da situación económica xeral de España, onde, mentres nos dous estudos do 2019 a resposta de “regular” é mencionada de forma explícita tanto na pregunta como nas respostas, no do 2023 pasa a ter a etiqueta de “no leer”, polo que só se ten en conta se a persoa o menciona de forma espontánea.

Como apuntamento final, para evitar confusións considérase importante recalcar que, en calquera punto deste traballo, tanto títulos de táboas e gráficos como texto normal, sempre que se fale dun dato sen especificar a idade, este será relativo á xuventude, é dicir, ao grupo de idade de persoas entre 18 e 29 anos. Sempre que se fale doutro grupo de idade será especificado de forma explícita e co único obxectivo de realizar unha comparación con outro dato pertencente á xuventude.

4. PERFÍS MOZOS

A continuación, realizaranse tres perfís políticos centrados no grupo de idade máis novo, o que abrangue entre os 18 e os 29 anos. Cada un destes perfís fai referencia ao seu respectivo estudo postelectoral das eleccións dos anos 2019, tanto das de abril como das de novembro, e 2023. Foron tidas en conta variables pertencentes a seis categorías diferentes: valoración do contexto, campaña electoral, desafección e percepción do sistema, recordo de voto e cercanía/simpatía, liderados e cleavages políticos.

Antes de cada perfil, expoñerase unha breve explicación da situación política que atravesaba España nese momento electoral, servindo como base contextual que axudará na posterior interpretación dos datos obtidos nos estudos postelectorais, engadindo máis información ás conclusións que se obteñan e facilitando a súa comprensión. Neste apartado trataranse elementos contextuais tanto a nivel dos diferentes partidos, como a nivel electoral ou mediático, buscando así aportar unha visión completa dos respectivos comicios. Como apuntamento, os temas escollidos como protagonistas da campaña electoral proveñen da análise de cada un dos propios estudos postelectorais, polo que na análise de resultados afondarase en maior medida o mencionado nestas introducións.

4.1 ELECCIÓNS XERAIS DO 28 DE ABRIL DO 2019

4.1.1 Introducción

O contexto previo ás eleccións xerais do 28 de abril do 2019 foi particular debido a que, por primeira e única vez ata o momento, a lexislatura na que estaban presentes foi froito dunha moción de censura exitosa, quedando Mariano Rajoy (PP) relegado da presidencia do goberno en favor de Pedro Sánchez (PSOE). Este goberno socialista en minoría estivo vixente durante case tres anos ata que un fallido intento de aprobar os Presupostos Xerais do Estado provocou que dous días despois se anunciase de forma anticipada a convocatoria das eleccións obxecto de estudo neste apartado. Todos os partidos políticos chegaron a esta cita electoral con feitos relevantes que marcaron as súas expectativas.

Tras a repetición electoral do 2016, o PSOE posicionouse como segunda forza con 85 escanos, os peores resultados da historia democrática do partido, mais coa capacidade de decidir o rumbo da formación de goberno, resumíndose as súas opcións en tres vías: 1) absterse nunha sesión de investidura de Mariano Rajoy e facilitar o goberno do PP en minoría, 2) intentar un goberno socialista co apoio de Unidas Podemos e os chamados partidos nacionalistas e 3) negarse ás dúas posibilidades anteriores e conducir á política

española cara unha segunda repetición electoral consecutiva. Este dilema levou a unha disputa interna no seo do partido socialista entre os partidarios de facilitar o goberno do PP, liderados por Susana Díaz (Presidenta socialista de Andalucía), e os defensores do “non é non”, negando calquera apoio ao PP, liderados por Pedro Sánchez (candidato socialista nesas eleccións e secretario xeral), rematando todo coa dimisión de 17 membros da executiva federal do PSOE e, posteriormente, do propio Pedro Sánchez, o cal xunto coa súa dimisión anunciou o comezo dun proceso de escoita por toda España que culminaría meses despois coa presentación da súa candidatura ás eleccións primarias á secretaría xeral do partido, onde sairía vencedor. Tras a recuperación da secretaría xeral e a estabilización interna no PSOE, a sentenza xudicial do Caso Gürtel pola que o PP saía condenado serviulle aos socialistas como pretexto para presentar unha moción de censura, da cal sairía Pedro Sánchez investido como novo Presidente do Goberno. Finalmente, despois duns meses ao fronte dun goberno en minoría, a non aprobación dos Presupostos Xerais do Estado do 2019 provocou que Pedro Sánchez disolvese as Cortes e convocase eleccións de forma anticipada.

Antes do goberno socialista, o Partido Popular viña de estar sete anos á fronte do goberno do Estado, primeiro cunha maioría absoluta no 2011 e logo en minoría grazas á abstención socialista tras a dimisión de Sánchez no 2016. A condena do Caso Gürtel e a perda do executivo provocou a dimisión de Mariano Rajoy como líder do PP e o anuncio dun Congreso extraordinario co obxectivo de atopar ao novo Presidente da formación. Tras unha votación inicial da que Soraya Sáenz de Santamaría (vicepresidenta do goberno de Rajoy) e Pablo Casado (vicesecretario xeral de comunicación do PP) saíron como os dous candidatos máis votados, finalmente na segunda volta de votacións este último sería elixido sucesor de Rajoy na Presidencia do Partido Popular. Toda esta situación deixaba á formación popular nunha situación complicada, cunha imaxe danada debido á condena por corrupción e cun novo liderado que aínda necesitaba tempo para normalizarse e asentarse entre o electorado.

Unidas Podemos viña de acadar os seus mellores resultados da súa curta historia nas últimas eleccións, acadando os cinco millóns de votos e quedándose a medio millón do *sorpasso* ao PSOE. Non obstante, este resultado non foi visto como suficiente polos líderes morados, os cales aspiraban a posicionarse como líderes da oposición. Este resultado avivou unha brecha no partido entre a ala máis de esquerdas e partidaria de unirse con Izquierda Unida, liderada por Pablo Iglesias, e outra facción máis “transversal” que buscaba acercarse cara o centro ideolóxico, liderada por Íñigo Errejón. Esta brecha foi aumentando ata ser xa pública e resolverse mediante unha votación, a realizada na *Segunda Asamblea*

Ciudadana Estatal de Podemos, onde a plataforma de Iglesias obtivo a maioría absoluta dos votos e, polo tanto, conservou o control do partido, permitindo que relegasen a Errejón da portavocía parlamentaria e deixándolle o liderado do partido na Comunidade de Madrid. Finalmente, non resoltas as discrepancias entre ambas faccións, en xaneiro do 2019 Íñigo Errejón anunciou o abandono de todos os seus cargos en Podemos e a creación dun novo partido político, Más Madrid, co que se presentaría ás eleccións municipais e autonómicas nesa comunidade. Así, Podemos chegou aos comicios de abril do 2019 cunha imaxe prexudicada debido aos problemas internos, pero que transcenderon publicamente, e ao enfrontamento da súa militancia e base electoral ao redor de dúas visións diferentes de partido.

Ciudadanos, como partido orixinario de Cataluña, destacou mediaticamente pola súa dureza no tratamento do *procés* catalán, o cal lles beneficiou tras feitos como o referéndum unilateral do 1 de outubro, que levou á aplicación do artigo 155 da Constitución Española. Tras un período no que as competencias catalás se levaron dende o executivo estatal, o 21 de decembro celebráronse eleccións ao *Parlament* de Cataluña, onde Ciudadanos foi a forza máis votada, aínda que non logrou entrar no goberno. Este contexto previo foi moi favorable cara as aspiracións da formación laranxa, a cal en abril do 2019 buscou *sorpassar* ao Partido Popular e posicionarse como líderes da oposición.

Por último, estes foron os primeiros comicios xerais aos que Vox se presentou con opcións de acadar representación. A formación de Santiago Abascal caracterizábase pola súa extrema dureza no tema catalán, o cal tamén lles serviu para gañar notoriedade tras os sucesos de outubro do 2017 en Cataluña. O punto de inflexión a nivel electoral foron os comicios ao Parlamento de Andalucía celebrados en decembro do ano 2018, onde Vox entrou por primeira vez nunha cámara autonómica, facéndoo ademais con 12 deputados. Este gran avance a medio ano das eleccións xerais de abril colocou a Vox no foco mediático e permitiu que acudisen aos comicios con aspiracións de superar o 10% do voto.

A nivel mediático, os temas que marcaron esta campaña foron a “crise catalá”, continuando o *procés* tras o referéndum cualificado de “ilegal” no 2017; a economía, sufrindo aínda os efectos da Gran Recesión; e a corrupción, destacando o Caso Gürtel debido á súa recente sentenza que serviu como pretexto para que os socialistas presentasen a mencionada moción de censura.


Todos estes elementos levaron a unhas eleccións das que o Partido Socialista saíu como primeira forza (123 escaños), seguido polo Partido Popular (66), Ciudadanos (57), Unidas Podemos (42) e Vox (24).

Táboa 5. Número de votos e escaños cinco principais partidos estatais 2019A

Partido	Votos	Escaños
PSOE	7.513.142	123
PP	4.373.653	66
Ciudadanos	4.155.665	57
UP	3.732.929	42
VOX	2.688.092	24

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS


Gráfico 1. Porcentaxe de votos válidos cinco principais partidos estatais 2019A



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Por último e xa entrando na análise do datos do estudo postelectoral, considérase relevante realizar un perfil sociodemográfico previo a cada unha das análises de resultados dos postelectorais, podendo observar en forma de gráfico como está repartida a xuventude da mostra nun conxunto de variables clave. No Gráfico 2 pode apreciarse como, se ben no sexo as cifras de homes e mulleres son moi similares, no resto de variables observadas sempre hai unha ou dúas que sobresaen do resto. Así, a xuventude deste estudo destacaríase en gran parte por ter un nivel de estudos secundarios, unha situación laboral activa remunerada e un nivel de ingresos do fogar entre 901€ e 3000€ ao mes.

Gráfico 2. Perfil sociodemográfico xuventude 2019A



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

4.1.2 Valoración contexto

Comezando coa análise, a valoración do contexto que fai a xuventude atopa a súa diferenza máis importante no ámbito económico, pois entre outras cousas a asociación entre a situación política e os grupos de idade non é significativa. No caso da “situación económica xeral de España”, respecto aos demais grupos de idade, sitúanse entre os que peor a valoran, cun 46.5% dos entrevistados cualificándoa como “mala/moi mala” e un 5.9% como “boa/moi boa”. Mentres que no referido á situación económica prospectiva de España, de todos os grupos de idade son os que dan unha mellor valoración, valorándoa nun 29.4% como “mellor/moito mellor” e nun 14.8% como “peor/moito peor”.

Táboa 6. Valoración da situación económica xeral de España 2019A

Valoración	18-29	30-49	50-64	>65	Total
Moi boa	0,1%	0,1%	0,1%	0,1%	0,1%
Boa	5,8%	6,9%	6,1%	6,2%	6,4%
Regular	47,6%	48,4%	44,2%	49,0%	47,3%
Mala	32,4%	29,2%	34,6%	32,8%	32,0%
Moi mala	14,1%	15,4%	15,1%	12,0%	14,3%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS


Táboa 7. Valoración prospectiva da situación económica de España 2019A

Valoración	18-29	30-49	50-64	>65	Total
Moito mellor	0,6%	0,9%	0,9%	0,8%	0,8%
Mellor	28,8%	21,9%	25,0%	25,4%	24,5%
Igual	55,8%	56,9%	54,1%	50,0%	54,4%
Peor	13,2%	18,0%	18,3%	21,2%	18,2%
Moito peor	1,6%	2,3%	1,6%	2,5%	2,1%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Polo lado dos problemas, o cuestionario do estudo postelectoral das eleccións de abril do 2019 non pregunta por eles, polo que para favorecer a comparabilidade recorreremos ao preelectoral desas mesmas eleccións. Desta forma, os máis nomeados pola xuventude como “o principal problema que existe actualmente en España” son “o paro” (31.8%), “a corrupción e o fraude” (14.2%) e “os/as políticos/as en xeral, os partidos e a política” (13.8%). Estes resultados concordan cos manifestados polo resto de grupos de idade, sendo “o paro” o máis nomeado e coincidindo nos tres primeiros postos, podendo intercambiar posicións o segundo e o terceiro en función do grupo. Mentres que no referido ao problema que lle afecta máis a nivel persoal, están “o paro” (28.2%), “a educación” (12.7%) e “os problemas de índole económica” (12.5%). Aquí si que atopamos un contraste cos demais grupos de idade, manténdose “o paro” como principal problema para todos, excepto para os maiores de 65, que o deixan como o terceiro máis votado, sendo lóxico pola súa situación persoal de inactividade laboral indefinida, e desaparecendo “a educación” en favor de “ningún” (12.6% no total).

Gráfico 3. Principal problema de España e Persoal por grupo de idade 2019A



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

4.1.3 Campaña electoral

Nas variables referentes á campaña electoral, comezaremos vendo a participación da xuventude nas diferentes actividades, onde se pode apreciar unha tendencia a participar en menor medida nos tipos máis clásicos das coñecidas como formas de participación “convencionais”, como serían acudir a reunións dun partido político, sindicato ou dunha asociación cidadá. En cambio, son os máis propensos a participar en actividades como as manifestacións ou as folgas. Estes datos concordan con achegas realizadas por parte da literatura académica española, onde se recollen teses como que “os cidadáns máis novos prefiren a protesta política e certas formas de asociacionismo, mentres que os adultos de idade «madura» prefiren participar por medio de mecanismos electorais e partidistas” (Morales, 2005: 84), polo que estes adultos se decantarían máis por estas formas de participación máis formais e tradicionais.

No plano discursivo, en canto ao que consideran que é o tema máis debatido polos partidos e candidatos durante a campaña electoral, a xuventude destaca o “Estado das autonomías/cuestión territorial” (18.8%), aínda que en menor medida que os de mediana idade; “a economía” (11.7%); e “o paro” (11.2%), sendo os que máis mencionan estas dúas últimas. O conxunto da mostra seguiría a mesma clasificación, mais introducindo “ningún tema” (8.8%) na terceira posición en lugar da “economía”. Polo lado de cal consideran que foi o partido que máis insistiu no tema seleccionado, a xuventude escolle maioritariamente a Ciudadanos (26.8%), PP (20%) e PSOE (19.8%), tendencia que se mantén no conxunto da mostra. Ademais, observando o grao de importancia do tema que cada entrevistado considerou como o máis debatido durante a campaña, son os que lle outorgan unha maior importancia, cualificándoo o 76.9% deles como “bastante importante” ou “moi importante”.

Observando o consumo de medios, apreciamos como son o grupo que menos consume medios “tradicionais”. Son os que máis manifestan consumilos “nunca ou case nunca”, así como os que menos os consumen “todos ou case todos os días”, tanto no caso dos periódicos, como da televisión e, especialmente, a radio. No primeiro dos casos os seus periódicos preferidos son *El País* (32.5%), *El Mundo* (10.6%) e *La Vanguardia* (9.8%), sendo nos tres casos o grupo de idade con máis porcentaxe. Polo lado da televisión, as canles preferidas son *Antena 3* (27.7%), *La Sexta* (22.7%) e *TVE1* (17.5%). En canto ás emisoras de radio, atopamos á *Cadena SER* (37.8%), seguida da *Cadena COPE* (18.9%) e de *Onda Cero* (9.5%), sendo o grupo de idade que máis consume a primeira e menos a última.

Por último, adentrándose nas novas tecnoloxías, son o grupo que claramente máis usa as redes sociais ou internet, un 46.7% “todos ou case todos os días” e un 29.5% “nunca ou case nunca”. As redes sociais máis usadas entre a xuventude son *Facebook* (63.8%), *Instagram* (59%) e *Twitter* (52.6%). Entre as persoas mozas que declaran utilizar nalgunha medida as redes sociais ou internet para seguir a información política e electoral, o 73.6% manifestou tela seguido a través das redes sociais de forma concreta. Así mesmo, comparándoos co resto de grupos de idade, son os que máis usan todos os tipos de sitios de internet para seguir información sobre a campaña ou as eleccións, a excepción das “páxinas de medios de comunicación” e “outro tipo de páxinas web”, onde son os que menos uso lles dan para este propósito.

Táboa 8. Seguimento información política a través de internet 2019A. Porcentaxe de persoas que declaron utilizar redes sociais ou internet que seguiron información sobre a campaña ou as eleccións a través dos seguintes sitios web (resposta múltiple)

Sitio internet	18-29	30-49	50-64	>65
Redes sociais	73.9%	59%	46.7%	37.7%
Páxinas de medios de comunicación	58.3%	71.9%	71.9%	75.7%
Páxinas de partidos ou candidatos/as	21.7%	15.3%	12.5%	9.5%
Blogs e foros de debate	15.4%	10.4%	7.9%	6.7%
Páxinas de organizacións cidadás ou movementos cívicos	9.1%	7.7%	8.7%	5.2%
Outro tipo de páxinas web	8.9%	10.8%	12.3%	9%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Por outro lado, a nivel de debates electorais, observando as diferenzas entre a xuventude e o resto de grupos de idade, esta destaca pola súa persistencia; mentres que no primeiro debate organizado por *TVE* todos os grupos rondan o 11% de persoas que o viron, no segundo debate feito por *Atresmedia* sitúanse como o grupo con máis porcentaxe de visionados, chegando ao 13.1% e estando varios puntos por riba dos demais. En canto a que candidato consideraron máis convincente, son os que mellor valoran a Pablo Iglesias (54.8%) tanto de forma intragrupal como intergrupala. En contraposición, son o grupo que peor valora a Pedro Sánchez cun 12.2%.

Observando o cambio de intención de voto tras os debates electorais, son os que máis declaran telo modificado (12.5%), na súa maioría traducíndose nun cambio de voto entre partidos (64.2%). Coincidindo con esta liña, son o grupo de idade que máis tarde declara ter

decidido o seu voto, destacando pola diferenza cos outros grupos na “última semana da campaña electoral” (27.3%).

Táboa 9. Momento decisión voto 2019A

Momento decisión	18-29	30-49	50-64	>65	Total
Tiñao decidido dende hai bastante tempo (antes do inicio da campaña electoral)	53,6%	63,5%	71,9%	83,7%	69,4%
Decidiuno ao comezo da campaña electoral	11,5%	11,5%	10,2%	7,3%	10,1%
Decidiuno durante a última semana da campaña electoral	27,3%	19,0%	13,9%	7,0%	15,8%
Decidiuno o mesmo día das eleccións	7,6%	5,9%	4,0%	2,1%	4,7%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Por último, son o grupo que ten un menor coñecemento dos resultados de sondaxes electorais (52.5%), aínda que mostrando un grao de influencia persoal destes máis elevado que o resto de grupos de idade (26%).

Táboa 10. Grao influencia persoal das sondaxes das eleccións do 2019A

Grao influencia	18-29	30-49	50-64	>65	Total
Moito	2,7%	2,1%	1,6%	1,4%	1,9%
Bastante	7,3%	5,4%	4,9%	4,9%	5,4%
Pouco	16,0%	10,9%	8,2%	7,1%	9,9%
Nada	74,0%	81,5%	85,3%	86,6%	82,8%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

4.1.4 Desafección e percepción do sistema


Observando o nivel de satisfacción co funcionamento da democracia en España, a xuventude dalle un valor medio sobre a escala (5.16), situándose ao redor do resto de grupos de idade, por riba dos 30-49 e por debaixo dos maiores de 65. Asimesmo, ao preguntar polo réxime político preferido, aínda que teñen unha opinión similar respecto aos demais grupos de idade sobre que “a democracia é preferible a calquera outra forma de goberno” (88.7%), son os que máis opinan que “nalgunhas circunstancias, un goberno autoritario é preferible a un sistema democrático” (6.1%). Este último dato mostra unha peculiaridade na xeración máis nova, cabería preguntarse se é debido a un efecto de “non

recordo”, xa que nin eles nin a maioría dos seus pais teñen memoria da ditadura, ou en cambio sería froito do auxe de partidos de extrema dereita e a súa influencia na axenda política e mediática.

Como xeito de verificar o dato sobre o nivel de satisfacción co funcionamento da democracia en España, realizáronse as probas de Levene e Welch, rexeitando as hipóteses nulas de homoxeneidade de varianzas e de igualdade de medias (2.803, 3, 0.039). Non obstante, ao realizar a proba de Games Howell, unicamente é significativa a relación entre o grupo de persoas maiores de 65 anos e os que están entre 30 e 49 anos, representando ambos casos o grupo cun nivel máis e máis baixo de satisfacción pola democracia, respectivamente.

En canto aos niveis de interese, no referido á política son o segundo grupo que máis manifesta ter “moito” ou “bastante” interese pola política (44.6%) por debaixo do grupo de persoas entre 30 e 49 anos. Esta actividade tradúcese nun elevado grao de interese pola campaña electoral, sendo o grupo de idade que máis declara ter “moito” ou “bastante” interese (48%).


Gráfico 4. Grao interese pola política e pola campaña electoral 2019A



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Por último, son o grupo que posiciona a estas eleccións como “máis importantes” respecto a outras anteriores (42.4%).

Gráfico 5. Comparación importancia eleccións 2019A respecto a outras anteriores



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

4.1.5 Recordo de voto e cercanía

Antes de comentar os datos referidos á cercanía, considérase de utilidade analizar a porcentaxe de recordo de voto a candidaturas entre os diferentes grupos de idade, observando así se existen diferenzas intergrupais.

Táboa 11. Recordo voto a candidaturas 2019A

Partido	18-29	30-49	50-64	>65	Total
PP	6,2%	8,2%	12,4%	26,9%	13,6%
PSOE	26,9%	32,6%	40,2%	42,7%	36,3%
UP	28,8%	19,9%	14,2%	5,7%	16,1%
Cs	18,6%	16,7%	13,3%	9,9%	14,4%
VOX	6,6%	8,9%	5,0%	4,7%	6,5%
Outros partidos	12,9%	13,6%	14,9%	10,2%	13,0%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Así, observando os datos da táboa 11, apreciaríase como os partidos máis votados pola xuventude nas eleccións do 2019A serían Unidas Podemos (28.8%), PSOE (26.9%) e Ciudadanos (18.6%). Na comparación intergrupal podería observarse como a xuventude é a que menos vota ao PP, o cal atopa unha relación directa entre maior idade e maior apoio, e ao PSOE, os dous partidos hexemónicos do bipartidismo. En cambio, no caso de Unidas Podemos e Ciudadanos serían o grupo de idade con maior porcentaxe de voto cara estes novos partidos. Por último, en canto a Vox e aos “outros partidos”, a súa porcentaxe de voto situaríase practicamente na media do conxunto da poboación, polo que non existirían diferenzas destacables.

As persoas mozas son o grupo de idade que menos declara sentir cercanía cara algún partido político (41.8%). Centrando a observación en cada formación, pode observarse unha división entre o denominado como “nova” e “vella” política, seguindo a liña apreciada no recordo de voto, tendo moita menos cercanía que o resto de grupos cara o PP e o PSOE e moita máis cara Unidas Podemos e Ciudadanos. Polo lado de VOX, son o segundo grupo con máis cercanía cun 7.9%. Esta favorabilidade da xuventude cara a “nova política” seguiría a liña trazada por Francés & Santacreu (2015), mencionada na revisión bibliográfica, pola que o abandono por parte das persoas mozas das solucións institucionalizadas levaría ao seu voto cara o que cualificaban como partidos políticos emerxentes.

Táboa 12. Partido político que considera máis cercano ás súas ideas 2019A

Partido	18-29	30-49	50-64	>65	Total
Podemos	33,1%	19,3%	14,1%	5,0%	15,7%
PSOE	19,6%	33,1%	43,7%	47,0%	38,1%
Ciudadanos	16,7%	12,3%	7,8%	5,5%	9,8%
VOX	7,9%	8,0%	4,2%	3,8%	5,8%
PP	6,3%	10,2%	12,7%	28,8%	15,4%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Unha explicación que se lle podería dar a este éxito da “nova” política entre a xuventude sería a da introdución de novas formas de expresión política por outras canles como as redes sociais, podendo estudarse de certa forma observando se as persoas novas que consumen máis redes sociais son tamén as que votan en maior medida aos citados partidos. Con este fin, realizáronse dúas táboas cruzadas, buscando observar na Táboa 13 a porcentaxe que representa cada partido dentro do total de respostas de cada categoría de uso de redes sociais/internet, e na Táboa 14 como se distribúe o total de votantes de cada partido entre as diferentes categorías de uso de redes sociais/internet.

Táboa 13. Porcentaxe votantes cada partido dentro de cada categoría de uso de redes sociais/internet 2019A

	Todos ou case todos os días	Catro ou cinco días por semana	Dous ou tres días por semana	Un día á semana	Menos dun día á semana	Nunca ou case nunca
PP	4,1%	1,7%	1,4%	12,5%	20,0%	6,5%
PSOE	20,7%	31,7%	29,0%	25,0%	20,0%	17,1%
Ciudadanos	16,0%	20,0%	21,7%	20,8%	6,7%	9,7%
Unidas Podemos	32,5%	15,0%	18,8%	8,3%	20,0%	12,9%
VOX	6,2%	6,7%	1,4%			5,5%
Voto nulo	0,9%		1,4%			1,4%
Outros partidos	12,4%	13,3%	10,1%	25,0%	20,0%	3,7%
En branco	0,9%	1,7%	5,8%			2,8%
Abstención	6,2%	10,0%	10,1%	8,3%	13,3%	40,6%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Táboa 14. Porcentaxe total votantes de cada partido distribuídas por cada categoría de uso de redes sociais/internet 2019A

	Todos ou case todos os días	Catro ou cinco días por semana	Dous ou tres días por semana	Un día á semana	Menos dun día á semana	Nunca ou case nunca	Total
PP	38,9%	2,8%	2,8%	8,3%	8,3%	38,9%	100,0%
PSOE	45,2%	12,3%	12,9%	3,9%	1,9%	23,9%	100,0%
Ciudadanos	50,0%	11,1%	13,9%	4,6%	0,9%	19,4%	100,0%
Unidas Podemos	66,7%	5,5%	7,9%	1,2%	1,8%	17,0%	100,0%
VOX	55,3%	10,5%	2,6%			31,6%	100,0%
Voto nulo	42,9%		14,3%			42,9%	100,0%
Outros partidos	56,8%	10,8%	9,5%	8,1%	4,1%	10,8%	100,0%
En branco	21,4%	7,1%	28,6%			42,9%	100,0%
Abstención	16,7%	4,8%	5,6%	1,6%	1,6%	69,8%	100,0%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Observando aos cinco principais partidos, esta proba confirmaría a teoría no caso de Unidas Podemos, sendo os que representan a unha maior porcentaxe de persoas que

declararon consumir redes sociais ou internet “todos ou case todos os días” (32.5%), así como os que teñen unha maior porcentaxe do seu propio electorado nesa resposta (66.7%). Mentres que no caso de Ciudadanos, estarían situados nunha posición próxima ao PSOE en ambos casos, polo que esta división comunicativa entre nova e vella política non encaixaría como con UP.

4.1.6 Liderados

En canto ao coñecemento dos diferentes líderes, como pode observarse na seguinte táboa, quitando a Pedro Sánchez, presidente do goberno, Pablo Iglesias e Albert Rivera son os líderes máis coñecidos en todos os grupos de idade. Na comparación intergrupual destaca que a xuventude ten un menor coñecemento de calquera dos líderes entre todos os grupos salvo cos maiores de 65, quen teñen unha menor porcentaxe, a excepción do caso de Pablo Casado.

Táboa 15. Coñecemento líderes 2019A

Líder	18-29	30-49	50-64	>65	Total
Santiago Abascal	88,4%	90,5%	92,1%	81,7%	88,6%
Pablo Casado	95,7%	96,8%	97,7%	95,8%	96,7%
Alberto Garzón	80,8%	87,9%	90,9%	79,9%	85,9%
Pablo Iglesias	98,2%	98,7%	99,1%	97,8%	98,5%
Albert Rivera	97,2%	97,6%	98,8%	96,8%	97,7%
Pedro Sánchez	99,3%	99,0%	99,7%	98,9%	99,2%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Gráfico 6. Valoración líderes 2019A

	Santiago Abascal	Pablo Casado	Alberto Garzón	Pablo Iglesias	Albert Rivera	Pedro Sánchez
18-29	2,66	3,43	4,39	4,84	4,33	4,90
30-49	2,90	3,36	4,24	4,21	4,17	4,89
50-64	2,56	3,36	4,13	4,15	3,98	5,23
>65	2,90	4,15	3,53	3,51	4,35	5,31
Total	2,77	3,55	4,07	4,11	4,18	5,08

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Santiago Abascal (5.721, 3, 0.001)³

Pablo Casado (26.055, 3, 0.000)

Alberto Garzón (377.155(0.000))***

Pablo Iglesias (846.897(0.000))***

Albert Rivera (111.127(0.000))***

Pedro Sánchez (9.649, 3, 0.000)

³ (Welch, gl1, Sig.)


A nivel descriptivo, nos liderados vemos unha continuidade da lóxica da “nova” e “vella” política, sendo os que mellor valoran a Pablo Iglesias e a Albert Rivera e dos que peor valoran a Pedro Sánchez e Pablo Casado. Contrastando con esta división, Santiago Abascal é o líder peor valorado de todos, e no que a xuventude se refire, ten a peor valoración tras o tramo 50-64 anos.

Tras realizar as probas de Levene e Welch como comprobación, rexeitanse as hipóteses nulas de homoxeneidade de varianzas e de igualdade de medias tanto para Santiago Abascal, como Pablo Casado, como Pedro Sánchez. Para observar entre que grupos están estas diferenzas, realízase a proba de Games Howell, onde se vería que as persoas entre 18 e 29 anos terían diferenzas estatisticamente significativas cos maiores de 65 no caso de Pablo Casado e con todos os grupos, salvo as persoas entre 30 e 49 anos, no caso de Pedro Sánchez. Polo lado de Alberto Garzón, Pablo Iglesias e Albert Rivera, a proba de ANOVA amosaría que si que existen diferenzas estatisticamente significativas na poboación na valoración dos liderados en función dos grupos de idade. Por último, usando Bonferroni para observar estas diferenzas significativas, veríamos que as persoas entre 18 e 29 anos terían diferenzas estatisticamente significativas cos maiores de 65 no caso de Alberto Garzón, con todos os grupos de idade no de Pablo Iglesias, e coas persoas entre 50 e 64 anos no de Albert Rivera.

4.1.7 Cleavages políticos: ideoloxía e identidade

Comezando pola autoubicación ideolóxica de cada entrevistado, as persoas mozas son as que están situadas máis cara a esquerda na escala 1-10, colocándose nunha media de 4.20. En cambio, no referido á identidade, son o grupo que menos declara sentirse “unicamente español/a” (11.9%) ou “máis español/a” que da súa respectiva Comunidade Autónoma (5.4%). Ademais, son o grupo que máis declara sentirse “tan español/a como” da súa respectiva Comunidade Autónoma (59.3%).

Gráfico 7. Escala autoubicación ideolóxica (1-10) 2019A



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Táboa 16. Sentimento identitario 2019A

Sentimento identitario	18-29	30-49	50-64	>65	Total
Séntese unicamente español/a	11,8%	13,7%	15,2%	19,8%	15,4%
Séntese máis español/a que (xentilicio C.A.)	5,4%	6,5%	6,5%	8,8%	6,9%
Séntese tan español/a como (xentilicio C. A.)	59,3%	58,1%	56,9%	57,0%	57,7%
Séntese máis (xentilicio C. A.) que español/a	11,8%	9,8%	9,3%	7,8%	9,4%
Séntese unicamente (xentilicio C. A.)	6,1%	5,2%	7,5%	5,1%	5,9%
(NON LER) Ningunha das anteriores	5,6%	6,7%	4,6%	1,4%	4,7%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

En canto á escala de autoubicación ideolóxica, realizando a proba de Levene veríamos que se aceptaría a hipótese nula de homoxeneidade de varianzas ($2.233(0.082)^*$), mais dependería de en que valor se situase a barreira da significación, pois se atopa entre o 0.1 e o 0.05. Tras ver que a proba de ANOVA si que da un resultado estatisticamente significativo ($409.269(0.000)^{***}$), a análise post-hoc amosaría diferenzas estatisticamente significativas entre as persoas no grupo de 18-29 anos e os demais, a excepción do grupo de 50-64.

4.1.8 Conclusións

A imaxe da xuventude que se ve reflectida neste estudo é a dunhas persoas que teñen unha peor valoración da situación económica presente de España, pero cunha visión máis optimista de cara ao futuro. Entre os máis nomeados como principal problema, tanto a nivel xeral como persoal “o paro” sitúase na primeira posición, mentres que nos dous seguintes postos no ámbito español os entrevistados escollen problemas máis políticos como “a

corrupción e o fraude” e “os/as políticos/as en xeral, os partidos e a política”, en cambio, no plano individual seleccionan “a educación” e “os problemas de índole económica”.

Na campaña, son máis propensos a participar en actividades como manifestacións e folgas antes que en reunións das diferentes organizacións involucradas en política. Así mesmo, deixan patente o menor afianzamento do seu voto, sendo decidido en etapas máis tardías que o resto de grupos de idade e estando exposto en maior medida a influencias como os debates electorais ou as enquisas. No plano discursivo, os máis mencionados como tema máis debatido polos partidos e candidatos son o “Estado das Autonomías/cuestión territorial”, “a economía” e “o paro”, sendo Ciudadanos, PP e PSOE os que consideran que máis insistiron no tema escollido. No consumo de medios de comunicación, apreciase un contraste entre o menor uso dos medios “tradicionais”, como serían os periódicos, a televisión e a radio; en favor dunha maior utilización das redes sociais.

Observando as opinións respecto á democracia, aproban este réxime político e maioritariamente o sitúan como o seu preferido, mais son o grupo de idade que máis aceptan que, nalgunhas ocasións, un goberno autoritario é preferible a un democrático. Como engadido, son o segundo grupo que manifesta un maior interese pola política e o que lle outorga un maior grao de importancia ás eleccións.

Respecto ás relacións cos partidos políticos e os candidatos, son os que menos declaran sentir cercanía cara algún partido político, probablemente debido á súa corta experiencia no sistema, e pódese observar un posicionamento máis favorable cara a nova política, favorecendo as valoracións de Podemos, Ciudadanos e Vox en detrimento do PSOE e o PP, en comparación co resto de grupos. Polo lado dos candidatos, son os que mellor valoran a Pablo Iglesias, Alberto Garzón e Albert Rivera, este último tras os maiores de 65.

Por último, pódese observar como son o grupo máis situado á esquerda na escala de autoubicación ideolóxica, así como os que mostran un menor nivel de sentimento identitario español.

4.2 ELECCIÓN XERAIS DO 10 DE NOVEMBRO DO 2019

4.2.1 Introducción

As eleccións xerais celebradas o 10 de novembro do 2019 estiveron marcadas polo seu carácter de repetición electoral, sendo a segunda vez que sucedía nun período recente, os diferentes partidos políticos non foron capaces de acadar ningún acordo de goberno que sumase os apoios suficientes. O clima xerado polo fracaso na formación de goberno instaurou unha sensación de incredulidade na sociedade ao ter que acudir novamente ás urnas, atopándose nunha situación de bloqueo político.

O intento de investidura do PSOE, proposto polo monarca tras ser o partido máis votado, tivo dúas opcións de ser exitosa: o acordo con Ciudadanos e o acordo con Unidas Podemos e nacionalistas. Polo lado de Ciudadanos, sendo o único partido ademais do PP con capacidade para sumar maioría absoluta co Partido Socialista en solitario, mantivo unha posición de negativa ante calquera tipo de acordo que se acabou materializando nun voto negativo na sesión de investidura, se ben xerou debates tanto na opinión pública como no seo da formación laranxa, tal e como pasara co PSOE no 2016. En cambio, Unidas Podemos amosouse máis aberto cara a posibilidade de votar favorablemente, propoñendo un goberno de coalición e estando inmerso en diferentes negociacións sobre o reparto das carteiras ministeriais co Partido Socialista, chegando o propio Pablo Iglesias a descartarse como ministro para facilitar o alcance de acordos; mais finalmente, non se atopou consenso e os morados abstivéronse na sesión de investidura.

Debido ao escaso tempo sucedido entre eleccións, os contextos dos partidos non cambiaron de forma relevante, manténdose todos os candidatos, agardando ata as seguintes eleccións para sacar conclusións dos resultados. Destaca a incorporación ao proceso electoral de Más País, partido liderado por Íñigo Errejón, o cal competía polo mesmo electorado que Unidas Podemos.

A nivel mediático, os comicios estiveron marcados por elementos como a situación de bloqueo político que levou á repetición electoral; o “tema catalán”, pola publicación da sentenza do xuízo aos líderes do procés, outorgándolles penas de varios anos de cárcere. Outro tema obxecto de debate foi o auxe de Vox nas últimas eleccións, o cal foi confirmado nas posteriores eleccións municipais e autonómicas de maio, co que se rompeu a “excepción ibérica”, pola que España e Portugal eran practicamente os únicos Estados de Europa sen unha presenza importante da denominada “ultradereita” nas súas institucións.


O resultado das eleccións nos, ata o momento, cinco principais partidos foi de 120 deputados para o Partido Socialista, 89 para o Partido Popular, 52 para Vox, 35 para Unidas Podemos e 10 para Ciudadanos.

Táboa 17. Número de votos e escanos cinco principais partidos estatais 2019N

Partido	Votos	Escanos
PSOE	6.792.199	120
PP	5.047.040	89
VOX	3.656.979	52
UP	3.119.364	35
Ciudadanos	1.650.318	10

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS


Gráfico 8. Porcentaxe de votos válidos cinco principais partidos estatais 2019N



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

No Gráfico 9, referido ao perfil da xuventude deste estudo postelectoral, pode apreciarse como se agruparían principalmente nas categorías de: home (54.9%), con estudos secundarios (47.4%), en situación laboral activa e remunerada (48.3%) e cun nivel de ingresos do fogar entre 901€ e 1800€. Así, respecto ao perfil do 2019A, obsérvase como na mostra do 2019N existe unha maior presenza de homes, de parados e de persoas cun nivel de ingresos no fogar entre 901€ e 1800€.

Gráfico 9. Perfil sociodemográfico xuventude 2019N




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

4.2.2 Valoración contexto


Tras unha infructuosa negociación que levou a unha repetición electoral, os españois acudiron de novo ás urnas o 10 de novembro de 2019. Tras estas eleccións, preguntados por cales cren que son os principais problemas, a xuventude identifica como o principal problema xeral de España “o paro” (34.3%), seguido dos “políticos en xeral, os partidos e a política” (24.3%) e os “problemas de índole económica” (9%). O resto de grupos de idade nomean estes mesmos problemas ao ser preguntados polo principal, a excepción dos maiores de 65, que intercambian “os problemas de índole económica” por “as pensións”. A nivel persoal, ven como principais problemas “o paro” (24.6%), “os problemas relacionados coa calidade do emprego” (12.8%) e “a educación” (11.8%); así mesmo, como a segunda opción con máis porcentaxe manifestan que “ningún” problema lles afecta en maior medida a nivel persoal (13.4%). Observando os resultados de cada grupo de idade, atopamos máis diferenzas que no anterior estudo, analizando as respostas do conxunto da mostra vemos que mentres que “o paro” e “ningún” se manteñen nos dous primeiros postos, “os problemas relacionados coa calidade do emprego” e “a educación” baixan en favor dos “problemas de índole económica” e “as pensións”.

Gráfico 10. Principal problema de España e Persoal por grupo de idade 2019N



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Gráfico 11. Valoración situación económica e situación política xeral de España 2019N




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Nun nivel máis global, respecto aos demais grupos de idade son os que mellor valoran a situación económica xeral de España (7.1% boa/moi boa), así como a súa situación económica persoal (37.6% boa/moi boa) e a situación económica dentro dun ano (17.6% “mellor”). A situación política segue a mesma tendencia, son o grupo que mellor valoran a situación política xeral de España (2.8% boa/moi boa), a situación política respecto a un ano


antes (7.9% “mellor”) e a situación política dentro dun ano (23.9% “mellor”). Desta forma, podería apreciarse como a cuestión da idade podería influír no optimismo que amosan as persoas do grupo de idade máis novo respecto aos demais grupos.

Gráfico 12. Valoración prospectiva situación económica e situación política 2019N




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Gráfico 13. Valoración situación económica persoal 2019N



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Gráfico 14. Valoración retrospectiva situación política (1 ano) 2019N



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

4.2.3 Campaña electoral

No referido á participación en actividades, seguen sendo os máis propensos a acudir a manifestacións ou protestas, seguindo así a liña observada na revisión bibliográfica (Muxel, 2008), e a participar en folgas. Ademais, tamén son os que máis acuden a “algún acto electoral”.

Sobre a consideración de cal foi o tema máis debatido durante a campaña polos partidos e candidatos, a xuventude coloca nos primeiros lugares ao “Estado das autonomías/Cuestión territorial” (31.1%), “Cataluña” (9.6%) e “a economía” (8.2%). Estes datos contrastan cos do conxunto da mostra, onde nos primeiros lugares se coloca, ademais do “Estado das Autonomías”, ás “disputas entre partidos” (10.8%) e “ningún tema” (9%). En canto a que partido cren que insistiu máis no tema seleccionado, están Vox (30.4%), Ciudadanos (20.7%) e PP (18.3%), polo que se pode observar como as persoas mozas consideran que a dereita dominou a axenda de temas durante a campaña. Os datos do conxunto da mostra confirman esta tendencia, atopándose os mesmos tres partidos nos tres primeiros lugares, pero destacando, respecto á xuventude, unha baixada de VOX (21.8%) e unha subida do PP (23%).

A nivel de consumo de medios, a xuventude sitúa á televisión como a súa principal fonte de información (46%), seguida das redes sociais (19.8%) e da prensa en formato dixital (13.2%). Mentres que a asociación entre o periódico preferido e os grupos de idade non é significativa, no referido á canle de televisión preferida atopamos a *Antena 3* (27.4%), *TVE1*

(22%) e *LaSexta* (18.9%). Polo lado da emisora de radio preferida, temos á *Cadena SER* (29.5%), a *Cadena COPE* (23%) e a *Onda Cero* (11.5%). Por último, en canto ás redes sociais, *Facebook* é a máis popular entre a xuventude (73.3%), seguida de *Instagram* (71.1%) e, en menor medida, *Twitter* (43.2%).

En canto ao seguimento de “información sobre a campaña ou as eleccións” a través dos diferentes sitios de internet, mentres que no postelectoral de abril só se facía esta pregunta aos que declararan utilizar nalgunha medida as “redes sociais ou internet”, no presente estudo das eleccións de novembro pregúntase a todas as persoas entrevistadas, modificando a cuestión previa que permitía filtrar polo uso que cada persoa lle daba ás diferentes fontes de información. Así, a xuventude segue tendo ás redes sociais como principal sitio de internet polo que seguiron información sobre a campaña ou as eleccións, seguidos das “páxinas de medios de comunicación” e as “páxinas de partidos ou candidatos/as”.

Táboa 18. Seguimento información política a través de internet 2019N. Porcentaxe de persoas que seguiron información sobre a campaña ou as eleccións a través dos seguintes sitios web (resposta múltiple)

Sitio internet	18-29	30-49	50-64	>65
Redes sociais	50.7%	34.2%	17.5%	4.9%
Páxinas de medios de comunicación	38.8%	41%	34.4%	11.6%
Páxinas de partidos ou candidatos/as	10.1%	5%	5.1%	1.8%
Blogs e foros de debate	8.7%	4.5%	3.2%	1%
Páxinas de organizacións cidadás ou movementos cívicos	4.1%	3.6%	3.6%	0.8%
Outro tipo de páxinas web	5.7%	4.9%	3.3%	1.1%
En ningún	32.4%	41.8%	57.2%	84%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Polo lado do debate electoral, son o grupo que en menor proporción viu “enteiro ou case enteiro” o debate, cun 18.9%. En canto ao candidato máis convincente, seleccionan a Pablo Iglesias (36.1%) e Santiago Abascal (20.3%). Así mesmo, seguen amosando unha porcentaxe máis alta de cambio na intención de voto tras o visionado do debate, un 6.7%.

Por último, no referido ás enquisas, son o grupo de idade que menos coñecemento declara de sondaxes electorais (50.3%), aínda que ao mesmo tempo son os que manifestan algún tipo de influencia (37.3%).

Táboa 19. Grao influencia persoal das sondaxes das eleccións do 2019N


Grao influencia	18-29	30-49	50-64	>65	Total
Moito	2,2%	1,3%	1,4%	1,3%	1,4%
Bastante	15,1%	9,3%	6,2%	6,3%	8,5%
Pouco	20,0%	12,6%	11,4%	6,8%	12,0%
Nada	62,8%	76,8%	80,9%	85,6%	78,1%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

4.2.4 Desafección e percepción do sistema

En canto ao grao de interese pola política, seguen sendo o segundo grupo que máis declara ter “moito” ou “bastante” interese (38.7%), estando nesta ocasión tras o grupo de persoas entre 50 e 64 anos. En cambio, no grao de interese pola campaña electoral son o segundo grupo de idade que menos manifesta ter “moito” ou “bastante” interese (35.5%).

Gráfico 15. Grao interese pola política e campaña electoral 2019N




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Polo lado da importancia que lle dan a estas eleccións, son claramente o grupo que máis as cualifica como “máis importantes” (27.5%). Se ben, a nivel global nótanse os efectos da repetición electoral, pois respecto ao estudo dos anteriores comicios reducíronse a practicamente a metade as persoas que cualificaban as eleccións de novembro como “máis

importantes”, así como ascendeu ao redor de 10 puntos a porcentaxe de persoas que as ven como “menos importantes”.

Gráfico 16. Comparación importancia eleccións 2019N respecto a outras anteriores



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

4.2.5 Recordo de voto, cercanía e simpatía

Observando o recordo de voto ás diferentes candidaturas, pode observarse como os partidos máis apoiados pola xuventude nas eleccións do 2019N serían PSOE (25.8%), Unidas Podemos (24%) e Vox (17.2%). Analizando os datos dos demais grupos de idade, apréciase como a xuventude é o grupo que menos porcentaxe de voto outorga a PP e PSOE, mentres que son os que máis porcentaxe outorgan a Unidas Podemos, Vox e Ciudadanos.

Táboa 20. Recordo voto a candidaturas 2019N

Partido	18-29	30-49	50-64	>65	Total
PP	10,7%	14,8%	19,8%	30,8%	19,6%
PSOE	25,8%	29,8%	36,5%	43,2%	34,4%
UP	24,0%	18,3%	12,2%	4,3%	13,9%
Cs	9,0%	8,6%	7,5%	4,2%	7,2%
VOX	17,2%	13,3%	9,6%	5,0%	10,7%
Outros partidos	13,3%	15,2%	14,5%	12,6%	14,1%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

No referido á cercanía, en primeiro lugar cabe recalcar que no anterior postelectoral (abril 2019) existía unha pregunta previa á da selección do partido máis cercano, esta cuestión versaba sobre se o entrevistado tiña sentimentos de cercanía cara algún partido ou coalición, servindo de filtro para preguntar polo partido concreto unicamente aos que responderon afirmativamente. Esta pregunta previa desapareceu nos postelectorais tanto das eleccións de novembro do 2019 como de xullo do 2023, polo que en ambos casos se realizará un filtro manual coas persoas que responderon “ningún” partido, facilitando así a comparabilidade entre as porcentaxes dos tres estudos analizados. No caso da simpatía, non é necesario realizar esta corrección, pois no postelectoral de abril non se pregunta por ela.

Así, tanto este estudo postelectoral como o do 2023X permiten observar tanto a cercanía como a simpatía, servindo ambas para realizar unha medición do concepto de identificación partidista da Escola de Michigan nun contexto multipardista como o español, atopándose a diferenza entre ambas en que a simpatía ten un enfoque máis emocional (Lagares et al., 2022).

Desta forma, hai un gran descenso das persoas que declaran non sentir cercanía cara ningún partido político (no caso da xuventude pasando do 58.2% ao 21.2%, e sendo adiantados polas persoas entre 30 e 49 anos como os que menos declaran sentir cercanía cara algún partido). En canto aos que si seleccionaron un partido, os que a xuventude considera como máis cercanos ás súas ideas son o PSOE (24.9%), Podemos (22.2%) e VOX (13.4%).

Táboa 21. Partido político que considera máis cercano ás súas ideas 2019N

Partido	18-29	30-49	50-64	>65	Total
PSOE	24,9%	29,2%	39,3%	43,1%	34,8%
Podemos	22,2%	16,0%	9,8%	3,3%	12,0%
VOX	13,4%	8,8%	7,2%	3,5%	7,7%
Ciudadanos	10,9%	11,2%	9,3%	5,3%	9,1%
PP	10,5%	14,1%	16,4%	30,7%	18,4%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

En canto á simpatía, a orde dos partidos sería similar a excepción de VOX, quen só é considerado como polo que “máis simpatía sente” por un 1.1%. Este último feito podería deberse ao escaso percorrido político de VOX como partido con representación, dando a

opción a entender que unha persoa é próxima a eles no plano ideolóxico, mais non sendo suficiente para xerar un certo nivel de simpatía ou identificación.

Táboa 22. Partido político polo que sente máis simpatía 2019N

Partido	18-29	30-49	50-64	>65	Total
PSOE	14,3%	13,3%	17,9%	12,4%	14,4%
Podemos	9,9%	4,7%	2,8%	2,2%	4,4%
Ciudadanos	7,7%	10,0%	9,3%	7,1%	8,9%
PP	3,8%	4,7%	7,7%	13,1%	7,1%
VOX	1,1%	1,8%	2,2%	3,4%	2,1%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

4.2.6 Liderados

Observando o coñecemento dos diferentes líderes políticos, respecto ás anteriores eleccións destaca a subida do coñecemento de Santiago Abascal, case 10 puntos. Así mesmo, Pedro Sánchez e Pablo Iglesias seguen sendo os líderes máis coñecidos, desaparecendo Albert Rivera en favor de Inés Arrimadas, o que implicou unha gran perda de coñecemento cara a candidata presentada por Ciudadanos. Na comparación intergrupala, a xuventude segue tendo menos coñecemento de calquera dos líderes, a excepción de Pedro Sánchez cos 30-49 e de todos salvo Santiago Abascal, Pablo Iglesias e Íñigo Errejón cos maiores de 65.

Táboa 23. Coñecemento líderes 2019N

Líder	18-29	30-49	50-64	>65	Total
Santiago Abascal	97,7%	97,8%	98,4%	94,8%	97,2%
Pablo Casado	97,5%	98,8%	99,5%	99,1%	98,9%
Alberto Garzón	84,3%	90,3%	92,9%	86,5%	89,3%
Pablo Iglesias	99,0%	99,5%	99,3%	98,8%	99,2%
Inés Arrimadas	86,5%	93,5%	96,6%	88,9%	92,3%
Pedro Sánchez	99,7%	99,4%	99,9%	99,6%	99,6%
Íñigo Errejón	88,4%	93,7%	96,0%	87,4%	92,2%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

De todos os grupos de idade, as persoas entre 18 e 29 anos son as que lle outorgan unha maior valoración a todos os líderes políticos, salvo a Pedro Sánchez e Pablo Casado, estando na segunda posición tras os maiores de 65 anos. Cabe destacar que, a excepción

de Pablo Casado e Santiago Abascal, todos os demais líderes baixan a súa valoración respecto ao Postelectoral do 28A, en todos os grupos de idade.

Gráfico 17. Valoración líderes 2019N

	Pedro Sánchez	Pablo Casado	Santiago Abascal	Pablo Iglesias	Alberto Garzón	Inés Arrimadas	Íñigo Errejón
18-29	4,22	3,65	3,13	4,22	3,83	3,72	3,87
30-49	3,89	3,37	2,93	3,59	3,49	3,56	3,48
50-64	3,99	3,50	2,72	3,32	3,38	3,60	3,20
>65	4,39	4,02	2,67	3,02	3,03	3,53	2,91
Total	4,08	3,60	2,84	3,47	3,40	3,58	3,33

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Pedro Sánchez (33.603, 3, 0.000)

Pablo Casado (16.346, 3, 0.000)

Santiago Abascal (13.370, 3, 0.000)

Pablo Iglesias (12.715, 3, 0.000)

Alberto Garzón (207.825(0.000))***

Inés Arrimadas (12.161(0.525))

Íñigo Errejón (333.743(0.000))***

Facendo as probas de Levene e Welch, observaríamos como nos casos de Pedro Sánchez, Pablo Casado, Santiago Abascal e Pablo Iglesias se rexeitan as hipóteses de homoxeneidade de varianzas e de igualdade de medias. Desta forma, a xuventude atoparía diferenzas estatisticamente significativas co grupo de persoas entre 30 e 49 anos no caso de Pedro Sánchez, cos grupos de 30-49 e >65 no de Pablo Casado, cos 50-64 e >65 no de Santiago Abascal e con todos os grupos de idade no caso de Pablo Iglesias. Mentres que polo lado de Alberto Garzón, Íñigo Errejón e Inés Arrimadas, só os dous primeiros atopan diferenzas estatisticamente significativas na proba de ANOVA, sendo significativas todas as relacións entre as persoas entre 18 e 29 anos e o resto de grupos de idade.

4.2.7 Cleavages políticos: ideoloxía e identidade

Coa identidade séguese observando a tendencia pola que son o grupo de idade que menos declara sentirse “unicamente español/a” (13.9%) e “máis español/a que” da súa respectiva Comunidade Autónoma (3.4%), así como os que máis se declaran “tan español/a” como da súa CA (61.1%).


Táboa 24. Sentimento identitario 2019N

Sentimento identitario	18-29	30-49	50-64	>65	Total
Síntome unicamente español/a	13,9%	14,8%	16,9%	19,4%	16,4%
Síntome máis español/a que (xentilicio C. A.)	3,4%	4,0%	5,8%	6,4%	5,0%
Síntome tan español/a como (xentilicio C. A.)	61,1%	57,3%	54,9%	53,6%	56,3%
Síntome máis (xentilicio C. A.) que español/a	9,4%	10,0%	9,5%	9,1%	9,6%
Síntome unicamente (xentilicio C. A.)	5,7%	5,7%	6,7%	7,1%	6,3%
(NON LER) Ningunha destas respostas	6,5%	8,2%	6,1%	4,5%	6,5%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

No plano ideolóxico, están practicamente igualados co resto de grupos de idade, a excepción dos maiores de 65, situándose no 4.56.

Gráfico 18. Escala autoubicación ideolóxica (1-10) 2019N



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Facendo as comprobacións de Levene e Welch, rexeitaríamos as hipóteses nulas de homoxeneidade de varianzas $(4.911(0.002))^{**}$ e igualdade de medias $(16.990(0.000))^{***}$, polo que atoparíamos diferenzas estatisticamente significativas na poboación na escala de autoubicación ideolóxica en relación aos grupos de idade.

4.2.8 Conclusións

Atopamos un escenario marcado pola repetición electoral e coa xuventude poñendo o foco en problemas como o paro; os políticos, partidos e a política; e os problemas de índole económica, así como os problemas relacionados coa calidade do emprego nun plano máis persoal, seguindo en todos estes casos unha tendencia temática similar á do anterior estudo analizado. A pesar de todo isto, as persoas entre 18 e 29 anos son as que de todos

os grupos de idade mellor valoran a situación económica e política tanto a nivel xeral, como persoal e como futura.

No plano da campaña electoral, continúa a tendencia da xuventude de participar en maior medida en actividades como manifestacións ou folgas. En canto ao tema máis debatido, destaca a centralidade do ámbito territorial, motivado pola situación vivida en Cataluña tras o anuncio da sentenza do xuízo aos líderes do *procés*, e a súa utilización en maior medida polos partidos políticos de dereitas, especialmente Vox. Desta forma, habería un desprazamento do “paro” en favor do tema de “Cataluña” en comparación a principios do mesmo ano. Por outro lado, manteñen a súa maior volatilidade no comportamento electoral, sendo influenciados máis que o resto de grupos tanto polo debate electoral como polos resultados das enquisas. No consumo de medios, a xuventude infórmase principalmente a través da televisión, aínda que en menor medida que o resto de grupos, así como das redes sociais, onde si teñen unha posición dominante na comparación intergrupala.

En canto á desafección, atopamos unha baixada do interese que mostran as persoas entre 18 e 29 anos cara a política respecto ás eleccións de abril, así como na importancia que lle dan a estas eleccións, decrecendo varios puntos en ambos casos.

Xa no plano dos partidos e líderes, a xuventude posiciona como as formacións máis cercanas ás súas ideas ao PSOE, Unidas Podemos e VOX. Ao observar a simpatía, todos os partidos sofren unha baixada en favor de “ningún”, pero o caso máis chamativo é o de VOX, quen descende ata o 1.1%, probablemente debido ao seu corto percorrido político como partido a gran escala. A nivel de liderado, destaca a mellor valoración que fai a xuventude en comparación ao resto de grupos de idade, destacando as valoracións de Pedro Sánchez e Pablo Iglesias, sendo ademais os que valoran en mellor medida a Santiago Abascal, cando seis meses antes eran dos que menos.

Por último, a autoubicación ideolóxica mostra unha pequena tendencia cara o centro, estando unhas décimas menos á esquerda que en abril e igualándose con varios dos outros grupos de idade. En canto á identidade, seguen sendo os que menos se identifican como unicamente españois ou como máis españois que da súa respectiva Comunidade Autónoma.

4.3 ELECCIÓN XERAIS DO 23 DE XULLO DO 2023

4.3.1 Introducción

As eleccións xerais celebradas o 23 de xullo do 2023 estiveron marcadas polo seu carácter de adiamento electoral, debido aos resultados das eleccións municipais e autonómicas do 28 de maio, nas que o bloque de Partido Popular e Vox saíu como vencedor, obtendo o control dunha gran parte das Administracións.

En canto ao contexto de cada partido, tras catro anos de goberno de coalición, o PSOE chega danado debido aos resultados obtidos nas eleccións municipais e autonómicas, onde foron o partido máis votado en catro das quince Comunidades Autónomas onde se celebraron eleccións, perdendo cinco gobernos autonómicos que estaban no seu poder e quince das capitais de provincia onde ostentaban a alcaldía. A pesar destes resultados, a convocatoria de eleccións colleu por sorpresa a gran parte da sociedade española, cualificándoa en moitos casos como unha confirmación dunha nova vitoria do PP e Vox, ao haber unha distancia de escasos dous meses entre ambos comicios.

No Partido Popular destaca a disputa interna entre Pablo Casado (Presidente do partido) e Isabel Díaz Ayuso (Presidenta da Comunidade de Madrid) tras un suposto cobro de comisións por parte do irmán da presidenta madrileña e a espionaxe da cúpula nacional á familia desta, todo isto levou a unha crise interna que rematou coa convocatoria dun Congreso extraordinario para votar ao Presidente do partido, posto para o cal Pablo Casado decidiu non presentarse para a súa reelección. Tras a celebración deste congreso, Alberto Núñez Feijóo (Presidente popular da Xunta de Galicia) foi nomeado novo Presidente do PP, deixando a presidencia autonómica no momento que se confirmo ao seu sucesor. Aproximadamente un ano despois da súa chegada, celébranse as citadas eleccións municipais e autonómicas, onde o PP obtivo o 31% dos votos a nivel municipal e a posibilidade de gobernar en ao redor de oito dos gobernos autonómicos que acudiron ás urnas, mais na maioría deles necesitará o apoio de Vox para sumar maioría absoluta.

A participación de Unidas Podemos no primeiro goberno de coalición da historia democrática foi un feito polémico a nivel mediático, recibindo a maior parte de atención os líderes de Podemos, Pablo Iglesias (vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Dereitos Sociais e Axenda 2030) e Irene Montero (Ministra de Igualdade). Mais tamén houbo ministros da coalición morada cunha boa valoración, tal e como se verá posteriormente nos resultados, como é o caso de Yolanda Díaz, ministra de Traballo e Economía Social. En marzo do 2021, tras o anuncio dun adiamento electoral na Comunidade

de Madrid por parte de Isabel Díaz Ayuso, Pablo Iglesias anunciou que abandonaría o goberno para presentarse como candidato a estes comicios, deixando a vicepresidencia segunda a Yolanda Díaz e o ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 a Ione Belarra. Despois duns resultados nas eleccións madrileñas onde Unidas Podemos foi a forza con menos escanos do Parlamento, Pablo Iglesias anuncia que abandona a política activa, acabando a secretaría xeral de podemos posteriormente en mans de Ione Belarra. Non obstante, o avance electoral da dereita sacou ao debate público a necesidade de “unidade na esquerda” para aproveitar as vantaxes que da á concentración de voto o sistema electoral estatal. Así, Yolanda Díaz construíu un proxecto político paralelo a Podemos, Sumar, unha plataforma onde se poderían agrupar todas as forzas de esquerdas para concorrer ás eleccións. Tras o anuncio de eleccións xerais por parte do Presidente do Goberno no 2023, Sumar anunciou que acudiría a estas e comezou as negociacións coas diferentes formacións para agruparse dentro da plataforma, sendo a negociación con Podemos a máis dura debido ás críticas públicas dos morados cara os métodos seguidos por Sumar na elección dos liderados e a formación das listas electorais, aínda que finalmente conseguiron chegar a un acordo e concorrer xuntos ás eleccións.

Ciudadanos, coa perda de 47 escanos nas últimas eleccións xerais, quedando unicamente con 10 e tendo menos que partidos autonómicos como *Esquerra Republicana*, e cos malos resultados obtidos nos comicios autonómicos e municipais posteriores, decidiron non presentarse a estas eleccións xerais.

Por último, Vox, quen aumentara 28 deputados nos últimos comicios, escalando da quinta á terceira posición, tamén obtivo bos resultados no plano autonómico, sumando en Cataluña máis escanos que PP e Cs xuntos. Chegadas as eleccións municipais e autonómicas do 2023, os de Abascal convertéronse nunha forza necesaria para que o PP acade o goberno de seis Comunidades Autónomas e a alcaldía de dezoito capitais de provincia.

Con todo isto, estas eleccións foron enfocadas mediaticamente en clave de bloques, cun bloque de dereitas como gañador anunciado das pasadas e as futuras eleccións e cun bloque de esquerdas facendo chamamentos á resistencia ante a “ultradereita”. Así, o adianto electoral do PSOE buscaba que a campaña electoral estivese marcada polos pactos entre PP e Vox en gobernos autonómicos e concellos, xerando unha dicotomía entre votar PSOE ou votar ultradereita. Por outro lado, os partidos da dereita enfocaron claramente a súa estratexia en “botar” a Sánchez do executivo, personalizando a campaña ao redor do Presidente do Goberno.

A nivel mediático, destacaron temas como a data escollida para as eleccións, por ser en época estival; a análise dos resultados das recentes eleccións municipais e autonómicas de maio; a polarización e o auxe da chamada “ultradereita”; etc.


Con todo isto, acadáronse uns resultados de 137 deputados para o PP, 121 para o PSOE, 33 para VOX e 31 para Sumar.

Táboa 25. Número de votos e escanos catro principais partidos estatais 2023X

Partido	Votos	Escanos
PP	8.160.837	137
PSOE	7.821.718	121
VOX	3.057.000	33
SUMAR	3.044.996	31

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS


Gráfico 19. Porcentaxe de votos válidos catro principais partidos estatais 2023X



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

No Gráfico 20, as persoas mozas deste estudo concéntranse nas categorías de: home (53.7%), con estudos superiores (45.7%), situación laboral activa e remunerada (54.9%) e un nivel de ingresos do fogar entre 1801€ e 2700€. O cambio máis destacado respecto aos anteriores estudos radica na gran subida da porcentaxe de persoas mozas cun nivel de estudos superiores, pasando dun 22% nos estudos do 2019 ao 45.7% neste do 2023, descendendo no seu lugar a porcentaxe de persoas cun nivel de estudos secundarios.

Gráfico 20. Perfil sociodemográfico xuventude 2023X



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS


4.3.2 Valoración contexto

No postelectoral referido ao adiamento electoral de xullo do 2023, atopamos unha serie de complicacións debido á pouca cantidade de preguntas e á reformulación de varias delas, destaca por exemplo a practicamente total ausencia de cuestións referidas á campaña electoral, á desafección ou á identidade, as cales eran habituais nos estudos postelectorais previos.

As persoas entrevistadas pertencentes ao grupo de idade entre 18 e 29 anos mencionan como o principal problema xeral de España á “crise económica, os problemas de índole económica” (14.6%), “os problemas políticos en xeral” (13.9%) e “o paro” (7.7%). Observando os resultados de todos os grupos de idade, non se atopan diferenzas coa xuventude, estando como máis nomeados os mesmos tres problemas nos resultados do conxunto da mostra. En cambio, en comparación aos outros estudos destaca a baixada do “paro”, o cal estaba sempre na primeira posición do conxunto da mostra e neste caso non lidera ningún dos grupos de idade, aínda que segue estando como un dos tres máis

nomeados. En canto ao principal problema a nivel persoal, repiten “a crise económica, os problemas de índole económica” e “o paro”, aos que se lle engaden “os problemas relacionados coa calidade do emprego” (10.8%), os cales ven como unha cuestión importante a nivel persoal pero que non afecta en tanta medida a España en xeral. Na comparación co conxunto da mostra, destaca a desaparición do “paro” dos tres primeiros postos en favor da “sanidade” (6.8%).

Gráfico 21. Principal problema España e Persoal por grupo de idade 2023X



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

En canto á valoración da situación económica, tanto a nivel xeral de España como a nivel persoal, de todos os grupos de idade son os que outorgan unha mellor valoración. Cabe destacar o contraste entre o xeral e o persoal, pois mentres no primeiro caso a maioría das persoas mozas cualifican a situación como “mala” (51.2%), no segundo caso esta pasa a ser maioritariamente “boa” (64%). Estes datos contrastan cos dos anteriores estudos, onde a opción “regular” era escollida maioritariamente, isto podería ser debido ao cambio producido nas opcións de resposta por parte do CIS, pois mentres nos anteriores postelectorais a opción “regular” era mencionada na preguntaba e formaba parte do listado,

neste cuestionario pasouse a clasificar como “no leer”, o que incitou ás persoas a distribuírse entre as dúas opcións máis cercanas a ese posicionamento.

4.3.3 Campaña electoral

No referido á campaña electoral, pódese observar como son o grupo de idade que máis tarde decide o seu voto, declarando un 40.8% que o decidiu antes do inicio da campaña e un 27.5% durante a última semana de campaña.

Táboa 26. Momento decisión voto 2023X

Momento decisión	18-29	30-49	50-64	>65	Total
Decidiuno moito antes do comezo da campaña electoral	40,8%	53,5%	66,5%	76,8%	61,2%
Decidiuno ao comezo da campaña electoral	15,7%	13,9%	11,3%	10,5%	12,6%
Decidiuno durante a última semana de campaña electoral	27,5%	19,6%	13,5%	7,8%	16,0%
Decidiuno durante a xornada de reflexión, a véspera das eleccións	7,2%	3,9%	2,3%	1,7%	3,3%
Decidiuno o mesmo día das eleccións	8,9%	9,1%	6,4%	3,2%	6,8%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

4.3.4 Recordo de voto, cercanía e simpatía

Ao observar os datos do recordo de voto a candidaturas no estudo do 2023X, as opcións máis votadas pola xuventude serían PSOE (32.6%), Sumar (25.3%) e PP (18.7%). Na comparación intergrupal, pode verse como son o grupo de idade que en menor porcentaxe votou ao Partido Popular, así como o segundo que menos no caso do PSOE. Por outro lado, son os que contan cunha maior porcentaxe de voto a Sumar, Vox e os outros partidos.

Táboa 27. Recordo voto a candidaturas 2023X

Partido	18-29	30-49	50-64	>65	Total
PP	18,7%	26,9%	31,4%	32,2%	28,5%
PSOE	32,6%	28,8%	35,0%	42,2%	34,2%
SUMAR	25,3%	23,2%	15,4%	10,9%	18,2%
VOX	12,0%	10,4%	8,6%	5,7%	9,0%
Outros partidos	11,4%	10,6%	9,7%	9,1%	10,1%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Se ben a comparabilidade entre a porcentaxe de persoas que declaraban non sentir cercanía cara ningún partido político en abril e novembro do 2019 era dificilmente comparable debido á eliminación da pregunta filtro previa, si que é posible comparar con todas as garantías os resultados de novembro do 2019 cos de xullo do 2023, pois tanto a pregunta como o proceso de obtención dos datos foron idénticos. Desta forma, se nas últimas eleccións do 2019 o 21.2% das persoas mozas declaraban non sentir cercanía cara ningún partido, no estudo do 2023 esta porcentaxe baixa ata o 11.7%

Ao ter que seleccionar cal é o partido máis cercano ás súas ideas, as formacións máis nomeadas pola xuventude son PSOE (28.4%), Sumar (20.0%), PP (18.5%) e Vox (11.1%). En cambio, na simpatía, están PSOE (19.7%), Vox (9%), Sumar (6.1%) e PP (5.7%). Como elemento a destacar nestes cambios entre simpatía e cercanía, vemos como mentres a baixada de porcentaxe da primeira respecto á segunda nos diferentes partidos políticos é relativamente uniforme en todos os grupos de idade, atopamos unha excepción no caso da xuventude que simpatiza con Vox, mantendo unha estabilidade respecto á cercanía ao redor dese 9%. Este feito podería deberse a que este grupo, na súa maioría, se socializou nun contexto de aparición e auxe dos partidos de extrema dereita, tanto a nivel europeo como estatal, polo que estarían influenciados por eles e terían normalizada a súa presenza durante toda a súa vida política.

Táboa 28. Partido político que considera máis cercano ás súas ideas 2023X

Partido	18-29	30-49	50-64	>65	Total
PSOE	28,4%	26,6%	32,8%	36,8%	31,1%
Sumar	20,0%	17,7%	12,9%	9,3%	14,6%
PP	18,5%	21,6%	26,2%	31,3%	24,8%
VOX	11,1%	9,3%	8,2%	5,1%	8,2%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS


Táboa 29. Partido político polo que sente máis simpatía 2023X

Partido	18-29	30-49	50-64	>65	Total
PSOE	19,7%	14,6%	20,4%	19,5%	18,2%
VOX	9,0%	2,4%	2,3%	1,7%	3,0%
Sumar	6,1%	6,6%	4,4%	1,5%	4,5%
PP	5,7%	7,7%	9,0%	13,9%	9,5%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

4.3.5 Cleavages políticos: ideoloxía e identidade

Na escala de autoubicación ideolóxica, seguen sendo o grupo de idade situado máis cara a esquerda (4.44).



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Tras realizar as comprobacións de Levene e Welch, rexeitáramos as hipóteses nulas de homoxeneidade de varianzas (33.361(0.000))*** e igualdade de medias (15.796(0.000))***, polo que atopáramos diferenzas estatisticamente significativas na poboación na escala de autoubicación ideolóxica en relación aos grupos de idade.

Por outro lado, no caso dos estudos das eleccións do 2023, a pregunta referente á identidade non está presente nin no postelectoral nin no preelectoral, polo que non será posible a súa análise.

4.3.6 Liderados

Por último, cabe destacar a desaparición da pregunta referida ao coñecemento e valoración dos diferentes líderes políticos, rompendo así unha serie que levaba vixente en todos os postelectorais das eleccións xerais dende o ano 2008. Debido a esta situación e coa intención de favorecer, dentro das limitacións, a comparabilidade entre estudos, farase uso do Preelectoral das Eleccións Xerais de 2023. Así, o liderado nestas eleccións estivo marcado polos cambios, dos líderes analizados nos anteriores comicios só permanecen Santiago Abascal e Pedro Sánchez, dándose cambios na cúpula do Partido Popular entre Pablo Casado e Alberto Núñez Feijóo e de Podemos entre Pablo Iglesias e Ione Belarra, todo isto sumado á aparición dunha nova formación dirixida por Yolanda Díaz.

Para comprobar o posible efecto que tiveron estes cambios nos liderados, comezaremos analizando o coñecemento dos diferentes líderes por parte dos entrevistados. Os tres líderes máis coñecidos pola xuventude son Pedro Sánchez, Santiago Abascal e Yolanda Díaz; mentres que no conxunto da mostra se intercambian esta última por Alberto Núñez Feijóo. A diferenza dos anteriores estudos, neste caso as persoas mozas son de todos os grupos de idade as que teñen un maior coñecemento de Santiago Abascal (98.9%) e Pedro Sánchez (99.9%). En cambio, destaca o coñecemento que ten a xuventude de Ione Belarra (60.6%), sendo con diferenza o valor máis baixo de todos os líderes analizados nas tres eleccións.

Táboa 30. Coñecemento líderes 2023X

Líder	18-29	30-49	50-64	>65	Total
Santiago Abascal	98,9%	98,7%	98,5%	95,5%	97,9%
Alberto Núñez Feijóo	93,8%	97,9%	98,4%	97,1%	97,3%
Yolanda Díaz	95,0%	97,5%	98,0%	95,0%	96,7%
Ione Belarra	60,6%	77,4%	84,5%	78,9%	77,4%
Pedro Sánchez	99,9%	99,8%	99,8%	99,4%	99,7%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

As persoas mozas son as que outorgan unha mellor valoración a todos os líderes políticos, a excepción de Alberto Núñez Feijóo. Así mesmo, a nivel intragrupo, as mellores valoracións van cara Yolanda Díaz (4.83) e Pedro Sánchez (4.65).

Gráfico 23. Valoración líderes 2023X

	Pedro Sánchez	Alberto Núñez Feijóo	Santiago Abascal	Yolanda Díaz	Ione Belarra
18-29	4,65	4,09	3,03	4,83	3,54
30-49	4,26	4,06	2,98	4,74	3,18
50-64	4,58	4,23	2,85	4,59	2,96
>65	5,33	4,78	3,02	4,70	3,07
Total	4,68	4,30	2,96	4,70	3,12

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Pedro Sánchez (156.839, 3, 0.000)

Alberto Núñez Feijóo (98.544, 3, 0.000)

Santiago Abascal (6.752, 3, 0.000)

Yolanda Díaz (7.483, 3, 0.000)

Ione Belarra (36.875, 3, 0.000)

Por último, tras realizar a comprobación de Levene e Welch, veríase que no caso de todos os líderes se rexeitan as hipóteses de homoxeneidade de varianzas e de igualdade de medias, polo que si que existirían diferenzas estatisticamente significativas na poboación na valoración dos líderes en función dos grupos de idade. Observando entre que grupos se atoparían esas diferenzas, en relación á xuventude, veríamos que todos os grupos serían estatisticamente significativos salvo os 50-64 con Pedro Sánchez, 30-49 con Alberto Núñez Feijóo e 30-49 e >65 con Santiago Abascal e Yolanda Díaz.

4.3.7 Conclusións

Este estudo deixa patente a perda de forza do tema territorial na listaxe de problemas da xuventude, gañando unha maior centralidade as cuestións de índole económica. A pesar disto, son o grupo de idade que mellor valoración fai da situación económica tanto xeral como persoal, sendo máis optimistas nesta última.

Na campaña electoral pódese apreciar como son o grupo que máis tarde decide o seu voto, destacando como momento clave da campaña electoral “a última semana”. Respecto ao postelectoral de abril do 2019, xa que o de novembro non foi significativo nesta cuestión, a tendencia e as cifras de decisión de voto na última semana da campaña electoral seguen estables, a pesar da introdución dunha nova resposta para os que o decidiron “durante a xornada de reflexión”. Desta forma, o maior cambio produciuse nos que decidiron o voto antes da campaña electoral, pasando dun 53.6% no 2019 ao 40.8% no 2023. Cabe destacar o cambio de redacción na resposta proporcionada pola tarxeta do entrevistador, pasando de “lo tenía decidido desde hace bastante tiempo (antes del inicio de la campaña electoral)” a “lo decidió mucho antes del inicio de la campaña electoral”.

A nivel de partidos, na cercanía destacan PSOE, Sumar e PP; mentres que na simpatía Vox adquire importancia posicionándose como a segunda formación con máis simpatía entre a xuventude. En canto aos liderados, obtidos do preelectoral, destacan a valoración de Yolanda Díaz e Pedro Sánchez, así como a negativa de Alberto Núñez Feijóo respecto ao resto de grupos de idade.

Por último, na escala de autoubicación ideolóxica son o grupo situado máis cara a esquerda, mantendo posicións similares ás doutros estudos recentes.


5. COMPARACIÓN ENTRE ESTUDOS

Unha vez realizados os perfís da xuventude nos diferentes estudos postelectorais analizados, poñendo o foco en cada un de forma individual e priorizando a comparación da xuventude co resto de grupos de idade, consideramos de especial interese realizar unha comparación entre os resultados da xuventude nos tres estudos, engadindo ademais os datos do 2016X nalgunhas variables de relevancia, podendo observar así a evolución das súas respostas ao longo dos anos seleccionados. Como apuntamento, cabe recalcar a falta de continuidade de determinadas series de preguntas, tal e como se explicou na metodoloxía do presente traballo, polo que no caso de determinadas variables isto dificultará ou directamente imposibilitará o exercicio de comparación proposto neste apartado.

5.1 VALORACIÓN CONTEXTO

No referido á valoración da situación económica xeral de España, a xuventude pasaría de ser o grupo de idade que menos a valora de forma positiva nos postelectorais de xuño do 2016, cualificándoa nun 1.2% como “boa/moi boa”, e de abril do 2019 (5.9% “boa/moi boa”) a ser os que mellor a valoran no de novembro do mesmo ano (7.1% “boa/moi boa”), sendo ademais o único grupo de idade que reduce a súa porcentaxe de respostas negativas. Esta tendencia ascendente nas respostas positivas continuaría no estudo do 2023, cualificándoa un 28,9% como “boa/moi boa”, mais romperíase polo lado da comparación intergrupala, sendo o grupo de idade que peor a valora, cun 68.6% de cualificacións como “mala/moi mala”, mais podendo ter experimentando moitos cambios nas porcentaxes debido á conversión da resposta “regular” en resposta de “no leer”.

Gráfico 24. Valoración situación económica xeral España 2016-2023



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

No caso da valoración prospectiva da situación económica, pasarían de ser o grupo de idade con menos respostas positivas no 2016X (17.8% mellor/moito mellor), a ser o grupo con máis respostas positivas nos dous estudos do 2019, 29.4% “mellor/moito mellor” en abril e 17.6% “mellor” en novembro (desaparecendo do cuestionario as respostas “moito mellor” e “moito peor”); se ben destaca nestes últimos a subida da porcentaxe de respostas negativas, pasando do 14.8% “peor/moito peor” ao 37.7% “peor”. Este contraste entre os comicios do 2016 e os do 2019 podería amosar como a sociedade do momento estaba influenciada polos anos de crise económica, os cales dificultaban tanto valorar positivamente o presente como ter esperanzas de cara ao futuro. Por último, na valoración da situación económica persoal, son o grupo que máis veces responde “boa/moi boa” (xunto coas persoas entre 30-49 anos) no caso do 2019N, mentres que no do 2023X pasan a ser o grupo de idade que peor a valoran, cualificándoa de “mala/moi mala”.

En canto aos problemas, no caso do principal problema xeral de España, no estudo preelectoral das eleccións de abril do 2019 seleccionan “o paro” (31.8%), “a corrupción e o fraude” (14.2%) e “os/as políticos/as en xeral, os partidos e a política” (13.8%); no caso do estudo dos comicios de novembro, desaparece dos primeiros postos a corrupción en favor dos “problemas de índole económica” (9%). Esta prioridade de problemas mantense no 2023, estando nas tres primeiras posicións “a crise económica, os problemas de índole económica” (14.6%), “os problemas políticos en xeral” (13.9%) e “o paro” (7.7%), destacando especialmente a baixada da porcentaxe da última opción en máis de 20 puntos, sendo experimentada por todos os grupos de idade.

Táboa 31. Principal problema España 2019-2023

2019A	2019N	2023
O paro (31.8%)	O paro (34.3%)	Crise económica, problemas de índole económica (14.6%)
Corrupción e fraude (14.2%)	Políticos en xeral, partidos e política (24.3%)	Problemas políticos en xeral (13.9%)
Políticos en xeral, partidos e política (13.8%)	Problemas de índole económica (9%)	O paro (7.7%)

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

En cambio, no principal problema persoal, en abril do 2019 atopamos “o paro” (28.2%), “a educación” (12.7%) e “os problemas de índole económica” (12.5%). En novembro dese

mesmo ano, a xuventude dálle unha maior prioridade aos “problemas relacionados coa calidade do emprego” (12.8%), respecto aos de índole económica do anterior estudo, así como se sitúa “ningún” (13.4%) como o segundo máis nomeado. Por último, no 2023 atopamos “a crise económica, os problemas de índole económica” (19.5%), “os problemas relacionados coa calidade do emprego” (10.8%) e “o paro” (9.7%), experimentando este último a mesma baixada que no caso do problema xeral de España. Así, pode observarse como o paro foi perdendo centralidade a nivel de preocupación segundo avanzaban os anos, pasando de ser mencionado polo 53% da xuventude entrevistada no 2016X a solo polo 9.7% no 2023X.

Táboa 32. Principal problema persoal 2016-2023

2016X	2019A	2019N	2023
O paro (53.0%)	O paro (28.2%)	O paro (24.6%)	Crise económica, problemas de índole económica (19.5%)
A corrupción (17.7%)	A educación (12.7%)	Ningún (13.4%)	Problemas relacionados coa calidade do emprego (10.8%)
A educación (10.4%)	Problemas de índole económica (12.5%)	Problemas relacionados coa calidade do emprego (12.8%)	O paro (9.7%)

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

As enormes baixadas na porcentaxe de mención do “paro” como principal problema, tanto a nivel de España como persoal no 2023, coinciden cos datos rexistrados na Encuesta de Población Activa (EPA), na que se pode observar como o número de persoas paradas está nos niveis mínimos dende o comezo da crise do 2008, polo que co paso do tempo a xuventude tería sido capaz de asimilar este cambio e reordenar a valoración dos diferentes problemas, outorgándolle unha maior prioridade aos temas relacionados con mellorar o emprego existente ou xerar ofertas de maior calidade. Así mesmo, tamén podería ter feito efecto a pandemia, ao paralizar o mercado laboral durante semanas ou meses, dando moita marxe a mellorar dende a fin dos respectivos Estados de Alarma e medidas excepcionais de contención.

5.2 CAMPAÑA ELECTORAL

Polo lado da participación en actividades durante a campaña electoral, nos dous estudos do 2019 manteñen a mesma tendencia a ser os máis propensos a implicarse en formas de participación non convencionais, acudindo a manifestacións ou protestas, así como participando en folgas.

No plano discursivo, no estudo das eleccións de abril destacan como temas máis debatidos polos partidos e candidatos durante a campaña electoral ao “Estado das autonomías/cuestión territorial” (18.8%), “a economía” (11.7%) e “o paro” (11.2%). Mentres que seis meses máis tarde destacan o “Estado das autonomías/cuestión territorial” (31.1%), subindo máis de 10 puntos, “Cataluña” (9.6%) e “a economía” (8.2%). Contrasta a desaparición do “paro” dos tres principais postos, cando neste mesmo estudo a xuventude o mencionou como o principal problema, tanto de España como persoal, polo que existiría unha diferenza significativa entre o que a xuventude considera como importante e o papel que consideran que os partidos e políticos lle deron durante a campaña electoral.

Táboa 33. Tema máis debatido polos partidos e candidatos durante a campaña electoral, segundo a xuventude 2019A e 2019N

2019A	2019N
Estado das autonomías/Cuestión territorial (18.8%)	Estado das autonomías/Cuestión territorial (31.1%)
A economía (11.7%)	Cataluña (9.6%)
O Paro (11.2%)	A economía (8.2%)

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Por outro lado, o aumento da presenza do tema territorial, e especialmente do catalán, pode deberse á centralidade desta cuestión na axenda política e mediática debido ao anuncio da sentenza dos líderes do *procés* en Cataluña. Esta irrupción do tema catalán na axenda coincide coa mellora de resultados de Vox, a cal pode apreciarse en parte cando os entrevistados responden a “que partido insistiu máis” no tema que seleccionaron previamente, pasando de Ciudadanos (26.8%), PP (20%) e PSOE (19.8%) en abril a Vox (30.4%), Ciudadanos (20.7%) e PP (18.3%) en novembro. Desta forma, pode apreciarse como o tema catalán foi un elemento central do discurso de Vox, servindo para estruturalo e dar unha imaxe clara de cara á sociedade.

Táboa 34. Partido que máis insistiu no tema seleccionado 2019A e 2019N

2019A	2019N
Ciudadanos (26.8%)	Vox (30.4%)
PP (20%)	Ciudadanos (20.7%)
PSOE (19.8%)	PP (18.3%)


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

En canto ao momento de decisión do voto, mantense a tendencia a decidilo maioritariamente antes da campaña electoral ou durante a última semana desta, perdendo porcentaxe a primeira en favor da segunda no estudo do 2023, respecto ao de abril do 2019.

5.3 DESAFECCIÓN E PERCEPCIÓN DO SISTEMA

Observando o grao de interese que declaran pola política, mentres que no 2019A son o grupo que máis manifesta ter “moito” ou “bastante” interese, apréciase unha tendencia á baixa que fai que pasen a ser superados polo grupo de idade entre 50-64 anos no 2019N, ao pasar do 44.6% ao 38.7%; contrastando isto cos datos do 2016X, onde son o segundo grupo que menos interese pola política declara (38.2% bastante/moito), polo que se apreciaría unha subida no 2019A que non sería compartida polo resto de comicios. Esta liña é continuada na pregunta sobre a importancia que lle dan a esas eleccións respecto das anteriores, sendo o grupo que máis as cualifica como “máis importantes” en ambos casos, mais baixando do 44.6% ao 27.5%, o cal ten lóxica debido ao seu carácter de repetición electoral motivada pola ausencia de pactos entre os partidos.


Gráfico 25. Grao interese pola política 2016X, 2019A e 2019N



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

En cambio, no referido ao grao de interese pola campaña electoral, pasan de ser o grupo que menos declara “moito” ou “bastante” interese (38%), ao que máis en abril do 2019 (48%), rematando sendo o segundo grupo de idade que menos o fai en novembro do mesmo ano (35.5%), polo que se apreciaría unha tendencia similar á do interese pola política, cun pico positivo no interese do 2019A que non é correspondido polos outros dous estudos postelectorais.

Gráfico 26. Grao interese pola campaña electoral 2016X, 2019A e 2019N



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

5.4 RECORDO DE VOTO, CERCANÍA E SIMPATÍA

En canto ao recordo de voto da xuventude comparado entre os tres estudos postelectorais, observaríase como PSOE e Unidas Podemos/Sumar serían sempre os dous partidos máis votados por esta franxa da poboación, cambiando o terceiro entre Ciudadanos, Vox e PP. En canto aos cambios entre o 2019A e o 2023X atópanse polo lado positivo os casos de PP, PSOE e Vox, aínda que nunha baixada respecto ao 2019N na porcentaxe destes últimos. Mentres que no caso negativo está Ciudadanos, o cal seguiu a traxectoria descendente do partido a nivel xeral, rematando coa non presentación de candidatura no 2023X. Por último, tanto UP/Sumar como os “Outros partidos”, estarían nunha situación de relativa estabilidade entre pequenas baixadas e subidas. En cambio, no estudo do 2016X comprobaríase como o PP mantería unha porcentaxe considerable de voto da xuventude, pode que pola aínda presenza do liderado de Rajoy e a aínda non representación de Vox nin a explosión definitiva de Ciudadanos, mentres que o PSOE estaría no seu mínimo de toda esta serie (17.8%) e Unidas Podemos no seu máximo (34.7%).

Táboa 35. Recordo voto a candidaturas 2016-2023


Partido	2016X	2019A	2019N	2023X
PP	17,5%	6,2%	10,7%	18,7%
PSOE	17,8%	26,9%	25,8%	32,6%
UP/SUMAR	34,7%	28,8%	24,0%	25,3%
Cs	15,4%	18,6%	9,0%	x
VOX	0,5%	6,6%	17,2%	12,0%
Outros partidos	14,1%	12,9%	13,3%	11,4%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Como xa se adianto no perfil das eleccións de novembro do 2019, as porcentaxes relativas á cercanía cara os partidos políticos deben ser tomadas con precaución á hora de realizar comparacións entre o estudo das eleccións de abril do 2019 e os demais, pois os resultados cambiaron drasticamente tras desaparecer a pregunta previa que actuaba como filtro. Tendo isto en conta, pode observarse un descenso no número de persoas mozas que declaran non sentir cercanía cara ningún partido político, pasando do 64.3% en xuño do 2016, ao 58.2% en abril 2019, ao 21.2% en novembro do mesmo ano e ao 11.7% no 2023. Esta última subida na cercanía cara os diferentes partidos políticos foi absorbida na súa maioría por PP, PSOE e o espazo de Sumar+Podemos, o cal conseguiu atraer a máis persoas cercanas ao separarse en dous proxectos con programas e líderes diferenciados.

No plano dos partidos políticos máis sinalados pola xuventude como cercanos ás súas ideas, en xuño do 2016 escolían a Podemos, PSOE e PP, non destacando aínda en tanta medida Ciudadanos; mentres que en abril do 2019 seleccionaban a Unidas Podemos, PSOE e Ciudadanos, mostrando un novo dominio da “nova” política pola parte dos dous partidos de recente creación. Tras ese estudo, medio ano foi suficiente para sufrir cambios na cercanía da xuventude como que o Partido Socialista pasase a ser o partido máis seleccionado, seguido de Unidas Podemos e agora con Vox en lugar de Ciudadanos. Catro anos máis tarde, a situación volve a niveis pre 2019, con PSOE, PP e Sumar como partidos máis nomeados, personificando así o clásico esquema dos dous partidos hexemónicos do bipartidismo e o partido dominante á esquerda do Partido Socialista.


Gráfico 27. Partido político que considera máis cercano ás súas ideas 2016-2023



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

No plano da simpatía, mentres que no estudo de abril do 2019 non se preguntaba por ela, o de novembro dese mesmo ano deixaba a PSOE, Podemos e Ciudadanos como os máis nomeados entre a xuventude, destacando a caída de Vox (1.1%) respecto á terceira posición ocupada no ámbito da cercanía, probablemente debido á súa aínda nova situación na axenda mediática estatal, o cal non lle permitiu á xuventude xerar vínculos máis fortes durante un período de tempo tan breve. En cambio, no 2023 esta formación xa estaría máis que normalizada (9%) neste ámbito, mostrando a maior estabilidade de todas as formacións no cambio entre os valores de cercanía e simpatía, sendo desta forma o segundo partido máis nomeado pola xuventude en canto a simpatía, por debaixo do PSOE e por riba de Sumar.

Gráfico 28. Partido político polo que sente máis simpatía 2019N e 2023



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

5.5 LIDERADOS

Polo lado do nivel do coñecemento dos diferentes líderes, pode observarse unha estabilidade ao longo dos anos analizados, sendo en todos os casos Pedro Sánchez o líder máis coñecido pola xuventude, como é lóxico pola súa posición de Presidente do Goberno. Mentres que en abril do 2019 os seguintes líderes máis coñecidos eran Pablo Iglesias e Albert Rivera, famosos representantes da nova política do momento. O cambio no liderado de Ciudadanos en favor de Inés Arrimadas fixo que en novembro dese mesmo ano Santiago Abascal pasase a ocupar a terceira posición de líderes máis coñecidos, o cal aproveitou novamente co cambio de Pablo Iglesias por Yolanda Díaz para intercambiar posicións coa coalición de esquerdas no 2023.

No caso da valoración dos liderados pódese apreciar a mesma estabilidade, para a xuventude os dous líderes máis valorados nos estudos analizados sempre son os das dúas formacións de esquerdas máis votadas, Pedro Sánchez e Pablo Iglesias nos comicios do 2019 e Yolanda Díaz e Pedro Sánchez nos do 2023, respectivamente. En canto ao terceiro líder máis valorado, esta posición pasa por Alberto Garzón en abril, Íñigo Errejón en novembro e Alberto Núñez Feijóo no 2023. En cambio, na comparación intergrupala, destaca o movemento na valoración da xuventude cara Santiago Abascal, pasando de ser o segundo grupo de idade que peor o valoraba en abril do 2019 a ser o que mellor o valoraba

tanto en novembro do 2019 como no 2023. Ademais, son o grupo de idade que mellor valoración outorga a todos os líderes de partidos á esquerda do PSOE (Iglesias, Garzón, Errejón, Díaz e Belarra). Ao introducir as valoración do estudo do 2016X, pódese apreciar unha menor valoración de todos os líderes políticos salvo Alberto Garzón, podendo estar motivada polo recente de todos eses liderados (salvo o de Rajoy), así como pola situación de fartazgo cos políticos/as no que estaba inmerso o debate público.

Gráfico 29. Valoración líderes 2016-2023


	PSOE	Podemos	PP	Vox	Ciudadanos	IU	Sumar	Más País
2016X	3,69	4,00	2,70		3,91	4,94		
2019A	4,90	4,84	3,43	2,66	4,33	4,39		
2019N	4,22	4,22	3,65	3,13	3,72	3,83		3,87
2023X	4,65	3,54	4,09	3,03			4,83	

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

5.6 CLEAVAGES POLÍTICOS: IDEOLOXÍA E IDENTIDADE

En canto á escala de autoubicación ideolóxica, se ben a xuventude está nas posicións máis á esquerda de todos os grupos de idade, esta non é estática. O seu punto máis cara a esquerda foi en abril do 2019 (4.20), o cal foi seguido dun aumento cara a súa posición máis cara a dereita en novembro dese mesmo ano (4.56), onde practicamente todos os grupos de idade igualan as súas medias, para finalmente sufrir un descenso cara o 4.44 no 2023.


Gráfico 30. Media na escala de autoubicación ideolóxica (1-10) 2016-2023



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Coa identidade podemos observar unha tendencia durante todo o 2019, xa que no 2023 non se preguntou por ela, coa xuventude como o grupo que menos declara “sentirse unicamente español/a”, cun lixeiro aumento do 11.8% ao 13.9%, e “máis español/a que” da súa respectiva Comunidade Autónoma, neste caso cun descenso do 5.4% ao 3.4%. Polo lado contrario, son o grupo que máis declara sentirse “tan español/a” como da súa respectiva Comunidade Autónoma, pasando do 59.3% en abril ao 61.1% en novembro. No estudo do 2016X non se aprecian cambios drásticos respecto a estes datos.

Gráfico 31. Sentimento identitario 2016X, 2019A e 2019N



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

5.7 CONCLUSIÓN

Na valoración do contexto, se ben observando unicamente os valores da xuventude podería parecer que son un grupo cunha mala valoración da situación que atravesamos España, tanto no presente como no futuro, así como da súa situación persoal, aumentando a porcentaxe de respostas negativas segundo avanza o tempo. Non obstante, ao comparar os seus datos cos dos demais grupos de idade, obsérvase como se ben no referido á situación presente esta é peor que a dos demais grupos de idade, na valoración prospectiva son os que máis veces responden de forma positiva, polo que se podería alegar que, aínda que na

actualidade do momento a xuventude era dos grupos de idade máis críticos coa situación xeral e persoal presente, tamén son os que mostran unha maior esperanza de cara ao futuro.

No caso dos principais problemas tanto a nivel xeral de España como a nivel persoal, pode apreciarse un protagonismo do “paro” nos dous estudos do ano 2019 que no 2023 perde forza en favor doutros elementos como os problemas de índole económica, nos dous casos, os problemas políticos en xeral, a nivel de España, e os problemas relacionados coa calidade do emprego, a nivel persoal.

Se ben a comparabilidade das variables relacionadas coa campaña electoral é limitada debido á eliminación das preguntas sobre este tema no estudo das eleccións do 2023, poden observarse coincidencias nos postelectorais do 2019 como que a xuventude é o grupo de idade con máis propensión a participar en manifestacións ou folgas. No plano discursivo, atopamos en ambos casos un claro protagonismo do tema territorial, especialmente o catalán, e do económico. Esta relevancia do tema catalán pode apreciarse na subida de Vox na pregunta de “que partido insistiu máis” no tema seleccionado como o máis debatido polos partidos e políticos durante a campaña, colocándose no primeiro lugar cun 30%. Este factor sumado á tendencia a que unha boa parte do voto se decida durante a última semana da campaña electoral, puido axudar na mellora dos resultados electorais da formación de Santiago Abascal.

No grao de interese pola política sucede algo similar á valoración do contexto, se ben a resposta xeral da xuventude é negativa, comparándoa co resto de grupos de idade son os que máis declaran sentir interese pola política, sucedendo o mesmo coa importancia que lle dan a esas eleccións concretas, aínda que cunha tendencia á baixa en ambos casos. Non obstante, no grao de interese pola campaña electoral, esa tendencia á baixa que se observaba nas outras preguntas neste caso lévalles a ser o segundo grupo que menos declara ter moito/bastante interese pola campaña.

O recordo de voto a candidaturas amosaría como PSOE e Unidas Podemos/Sumar serían sempre as dúas formacións máis votadas pola xuventude entrevistada, mentres que a terceira posición se repartiría entre os tres partidos da dereita. En canto á cercanía, pode observarse como cada vez menos persoas mozas declaran non sentir cercanía cara ningún partido. Observando as tendencias dos diferentes partidos políticos, a imaxe inicial de Unidas Podemos, PSOE e Ciudadanos como as formacións máis nomeadas como cercanas

ás súas ideas pola xuventude cambia cara un esquema máis “familiar” para a política española, cunha subida dos dous partidos hexemónicos do bipartidismo, estando PSOE no primeiro lugar e PP no terceiro, acompañados polo partido dominante á esquerda do PSOE, neste caso Sumar na segunda posición.

Observando a simpatía pode apreciarse unha tendencia similar á da cercanía, mais o cambio máis acusado diferiría dela, pasando Vox de ser o partido (dos principais) que a xuventude menos manifestou ao ser preguntado pola simpatía, a ser o segundo partido máis mencionado, podendo ser grazas en parte ao seu proceso de normalización tras pasar case catro anos dende a súa entrada no Congreso dos Deputados e sete da súa entrada en parlamentos autonómicos e concellos.

No plano dos liderados, no coñecemento pode observarse unha tendencia pola que Pedro Sánchez é sempre o líder máis coñecido pola xuventude, lóxico polo súa posición como Presidente do Goberno, e sempre está acompañado nas tres primeiras posicións polo líder da coalición de partidos á esquerda do PSOE, Pablo Iglesias ou Yolanda Díaz, e polo líder da formación nova máis á alza do momento, primeiramente Albert Rivera con Ciudadanos e posteriormente Santiago Abascal con Vox. Na valoración ocorre algo parecido, Pedro Sánchez e o/a líder da coalición de partidos á esquerda do PSOE, Pablo Iglesias ou Yolanda Díaz, son sempre os mellor valorados pola xuventude, repartíndose a terceira posición entre Alberto Garzón, Íñigo Errejón e Alberto Núñez Feijóo. Finalmente, cabe destacar tanto a valoración da xuventude cara Santiago Abascal, pasando de ser o segundo grupo que peor o valoraba en abril do 2019 a ser o que mellor o valoraba nos posteriores comicios do 2019 e 2023, como a valoración cara os líderes de esquerdas, sendo os que mellor puntuación lles outorgan de todos os grupos de idade.

No ámbito dos cleavages políticos, vemos unha estabilidade tanto no plano ideolóxico como identitario, sendo o grupo de idade máis á esquerda e o que menos se declara “unicamente español/a” e “máis español/ que” da súa respectiva Comunidade Autónoma, sendo ademais os que máis manifestan sentirse “tan español/a” como da súa Comunidade Autónoma, cunha tendencia á alza na primeira e na terceira e á baixa na segunda.

Por último, tras a introdución dos datos do estudo postelectoral do 2016X, observáronse cambios relevantes nas variables analizadas dos dous ciclos políticos delimitados, caracterizándose na maioría dos casos por unha peor valoración por parte das persoas mozas do primeiro estudo, o cal ten sentido debido ás características do momento, sendo

uns comicios con carácter de repetición electoral e nunha época de crise económica e descontento coa política, os políticos e o sistema en xeral.

6. ANÁLISE MULTIVARIANTE

Unha vez observadas e analizadas tanto a relación bivariada entre a idade e as diferentes variables de carácter político como as características políticas do grupo de persoas máis novo con dereito a voto, consideramos preciso realizar unha aproximación máis profunda do comportamento político na xuventude. Se ben a observación de cada unha das variables políticas de forma individual pode servir para ter unha imaxe específica da xuventude en determinados aspectos, para obter unha visión máis global cómpre realizar unha análise na que entren en xogo distintas variables ao mesmo tempo, influenciando así ao comportamento político de forma simultánea, tal e como sucede na práctica.

Desta forma, realizaremos unha análise mediante o uso de regresións loxísticas multinomiais para a xuventude de cada un dos estudos postelectorais xa analizados, da mesma forma que se ten utilizado noutras investigacións (Pereira & Lagares, 2019). Así, en cada estudo farase unha regresión dirixida á xuventude, tendo como variable dependente o recordo de voto. Así mesmo, utilizaremos variables independentes de múltiples áreas, co obxectivo de acadar un enfoque o máis global posible: variables de tipo sociodemográfico, ideolóxico, de campaña, liderados, etc. Por último, cabe destacar que se ben se intentarán utilizar as mesmas categorías nos cálculos dos tres estudos, as limitacións que supoñen os cambios experimentados nas preguntas presentes nos mesmos, nalgunhas ocasións fará imposible esa comparabilidade; aínda así en cada estudo se usarán o maior número posible de variables co obxectivo de que o resultado sexa máis preciso.

6.1 ELECCIÓNS XERAIS DO 28 DE ABRIL DO 2019

Respecto ao estudo postelectoral dos comicios de abril ano 2019, comezarase agrupando todas as variables que serán utilizadas na primeira das regresións, a que ten ao recordo de voto como variable dependente, nunha táboa co obxectivo de facilitar a súa lectura e comprensión.

Así, observando a Táboa 36, no caso do Partido Popular, a única variable por debaixo do 0.05 na significatividade é a valoración de Pablo Casado (Exp(B) 81.552), polo que valorar positivamente ao líder popular aumentaría as probabilidades de votar ao PP fronte ao PSOE.

Táboa 36. Regresión loxística multinomial 2019A⁴

Variables	Voto PP/PSOE	Voto UP/PSOE	Voto VOX/PSOE	Voto Cs/PSOE	Voto Outros/PSOE
Sexo (cat. ref: muller)	-3,245 (3,089)	-0,290 (0,475)	-2,038 (2,875)	2,530* (1,138)	-0,682 (0,607)
Valoración situación política España	-2,014 (1,522)	-0,018 (0,334)	-2,715+ (1,595)	-0,921 (0,655)	-0,110 (0,420)
Valoración situación económica actual España	1,091 (1,600)	0,190 (0,333)	3,621* (1,762)	1,603* (0,740)	-0,148 (0,417)
Valoración situación económica prospectiva España	-2,945 (2,777)	0,023 (0,377)	-2,040 (2,735)	-1,196 (0,798)	-0,961+ (0,515)
Autoubicación ideolóxica	9,124+ (4,769)	-0,366+ (0,208)	9,547* (4,792)	2,179*** (0,599)	0,651* (0,297)
Escala de nacionalismo	1,481 (2,470)	0,223 (0,322)	1,988 (2,449)	0,263 (0,697)	2,210*** (0,460)
Nivel ingresos persoal	-0,434 (0,772)	0,029 (0,097)	-0,882 (0,910)	0,180 (0,213)	-0,089 (0,133)
Valoración Abascal	1,812 (1,684)	0,219 (0,153)	2,325 (1,670)	-0,776* (0,336)	-0,037 (0,242)
Valoración Casado	4,401** (1,544)	0,091 (0,170)	2,290+ (1,279)	0,119 (0,280)	-0,130 (0,218)
Valoración Garzón	-2,189 (1,335)	0,428*** (0,133)	-1,227 (1,337)	0,009 (0,278)	0,296+ (0,157)
Valoración Iglesias	-0,909 (0,735)	0,672*** (0,160)	-1,086 (0,851)	-0,197 (0,229)	0,053 (0,170)
Valoración Rivera	-3,742 (2,828)	-0,158 (0,128)	-4,114 (2,774)	1,856*** (0,485)	-0,283 (0,172)
Valoración Sánchez	1,186 (1,141)	-0,908*** (0,166)	0,193 (1,112)	-1,134*** (0,325)	-0,657*** (0,184)
Intersección	-53,847+ (30,305)	-0,942 (2,190)	-49,458+ (29,897)	-13,882* (6,176)	-2,284 (2,926)
-2 log. de verosimilitude			323,591		
R² de Cox e Snell			0,884		
R² de Nagelkerke			0,92		
N (Total)			787		
N (Válido)			299		

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

⁴ A significación das tres regresións loxísticas multinomiais (Táboas 32, 33 e 34) segue o seguinte patrón: +p<0.1, *p<0.05; **p<0.01; ***p<0.001.

No caso de Unidas Podemos, atopamos como variables significativas ás valoracións de Alberto Garzón, Pablo Iglesias e Pedro Sánchez. Nesta valoración dos líderes atopamos dous efectos opostos, por un lado unha mellor valoración de Garzón (Exp(B) 1.534) e Iglesias (Exp(B) 1.957) aumentarían as probabilidades de voto dos morados fronte aos socialistas, mentres que unha mellor valoración de Pedro Sánchez (Exp(B) 0.403) implicaría o resultado oposto.

Observando a Vox podemos apreciar como as súas variables contan cunha menor significatividade que o resto de partidos analizados, con ningunha p chegando a estar por debaixo do 0.01. Entre as máis significativas atopamos á valoración da situación económica actual de España (Exp(B) 37.373), polo que unha opinión positiva sobre a situación económica do momento aumentaría en gran medida as probabilidades de votar a Vox fronte ao Partido Socialista. Outra das variables significativas da análise do recordo de voto de Vox sería a ideoloxía (Exp(B) 13996.895), polo que canto máis á dereita estea a persoa entrevistada, será moito máis probable que escolla votar a Vox fronte ao PSOE.

En Ciudadanos atopamos rasgos comúns coas análises de Unidas Podemos e Vox, sendo significativas tanto a valoración do liderado propio (Exp(B) 6.400) e do partido de referencia (Exp(B) 0.322), como no caso de UP, como a valoración da situación económica actual de España (Exp(B) 4.968), como no caso de Vox, como a autoubicación ideolóxica (Exp(B) 8.839), como en ambos casos. Desta forma, observaríamos como unha mellor valoración de Albert Rivera, unha autoubicación ideolóxica máis cara a dereita e unha mellor valoración da situación económica actual de España aumentarían as probabilidades de voto de Cs fronte ao PSOE, mentres que unha mellor valoración de Pedro Sánchez reduciría esas mesmas probabilidades. Como engadido, estaría a significatividade da variable sociodemográfica “sexo” (Exp(B) 12.552), pola que ser home ampliaría as probabilidades de voto de Ciudadanos respecto ao PSOE.

No caso dos agrupados en “outros partidos”, as únicas variables con significatividade serían o sentimento identitario (Exp(B) 9.112) e a valoración de Pedro Sánchez (Exp(B) 0.518). Así, tanto un maior posicionamento identitario español como unha mellor valoración de Sánchez implicarían unha menor probabilidade de votar a “outros partidos” fronte ao Partido Socialista.

Por último, en canto ás medidas de axuste global, a R^2 de Cox e Snell (0.884) e a R^2 de Nagelkerke (0.92) permiten apreciar como o modelo é eficaz á hora de predecir o recordeo de voto, explicando a gran maioría da variabilidade da variable dependente.

En conclusión, primeiramente a valoración dos diferentes líderes tería unha posición central na decisión de voto aos diferentes partidos fronte ao PSOE, salvo no caso de VOX, destacando especialmente as valoracións do líder/es da propia formación e da formación socialista. En segundo lugar, a ideoloxía tamén tería unha gran influencia no voto aos catro principais partidos analizados respecto ao PSOE, sendo positiva a esquerda no caso de Unidas Podemos e a dereita no das outras tres formacións. Para finalizar, atoparíamos diferentes variables que afectarían ao voto respecto ao PSOE, como serían a valoración da situación económica actual de España no caso de Vox e Ciudadanos, e o sexo, no caso destes últimos, así como o sentimento identitario nos “outros partidos”.

6.2 ELECCIÓNS XERAIS DO 10 DE NOVIEMBRE DO 2019

Seguindo coas eleccións de novembro do 2019, na Táboa 37 pode observarse como o voto ao Partido Popular respecto ao PSOE non atopou variables especialmente significativas, quedándose as máis destacadas entre o 0.05 e 0.1. Entre estas, observamos relacións positivas coa ideoloxía, canto máis de dereitas máis probabilidades de voto, e coa valoración de Pablo Casado; mentres que polo lado negativo están o sexo (menor probabilidade de voto se é home), a valoración da situación económica actual de España, a escala de nacionalismo (a maior posicionamento identitario español, maior probabilidade) e as valoracións de Iglesias, Sánchez e Errejón, polo que canto mellor valoren a estes líderes de esquerdas, menor probabilidade haberá de votar ao PP respecto ao PSOE.

Observando o caso de Unidas Podemos podemos apreciar unha maior significatividade en categorías como a autoubicación ideolóxica (Exp(B) 0.285) ou as valoracións de Iglesias (Exp(B) 4.877), Sánchez (Exp(B) 0.195) e Errejón (Exp(B) 0.630). Desta forma, aumentaría a probabilidade de votar a Unidas Podemos respecto aos socialistas canto máis á esquerda se autoubicase a persoa, canto mellor valorase a Pablo Iglesias e canto peor valorase a Pedro Sánchez e Íñigo Errejón, os candidatos dos outros dous partidos que compiten polo espazo da esquerda ideolóxica.

Táboa 37. Regresión loxística multinomial 2019N

Variables	Voto PP/PSOE	Voto UP/PSOE	Voto VOX/PSOE	Voto Cs/PSOE	Voto Outros/ PSOE
Sexo (cat. ref: muller)	-25,878+ (15,604)	-0,194 (0,713)	-20,372+ (11,984)	-9,140 (9,045)	0,259 (0,799)
Valoración situación política España	6,357 (4,108)	-0,784+ (0,439)	5,806 (4,131)	7,083 (4,786)	-0,260 (0,469)
Valoración situación económica actual España	-24,536+ (13,986)	0,514 (0,616)	-21,221+ (12,873)	-22,802+ (12,784)	-0,342 (0,701)
Valoración situación económica prospectiva España	-16,455 (10,831)	-0,029 (0,477)	-17,488 (10,873)	0,394 (4,796)	0,042 (0,539)
Autoubicación ideolóxica	11,801+ (6,885)	-1,256*** (0,388)	12,264+ (7,107)	9,578+ (5,395)	-0,827* (0,408)
Escala de nacionalismo	-11,441+ (6,835)	-0,429 (0,344)	-11,201+ (6,263)	-13,209+ (7,604)	0,378 (0,434)
Nivel ingresos persoal	-2,927 (2,110)	0,054 (0,173)	-3,929 (2,762)	-2,075 (1,779)	-0,158 (0,193)
Valoración Abascal	2,380 (1,755)	0,307 (0,238)	10,807+ (5,783)	0,343 (1,193)	0,705** (0,272)
Valoración Casado	10,320+ (5,356)	0,356 (0,284)	-2,633 (3,531)	6,042+ (3,197)	0,835** (0,324)
Valoración Garzón	1,576 (1,878)	-0,081 (0,236)	-2,938+ (1,662)	4,399 (4,060)	-0,079 (0,279)
Valoración Iglesias	-1,555 (1,937)	1,585*** (0,361)	-1,739 (2,761)	-5,957 (4,744)	0,989** (0,376)
Valoración Arrimadas	1,734 (1,495)	-0,426+ (0,242)	-1,437 (1,939)	5,057+ (2,684)	-0,828** (0,320)
Valoración Sánchez	-8,201+ (4,244)	-1,633*** (0,430)	-5,393* (2,516)	-5,860 (3,611)	-1,930*** (0,452)
Valoración Errejón	-5,254+ (3,106)	-0,462* (0,232)	-3,064 (2,584)	-3,082 (2,309)	-0,257 (0,249)
Intersección	55,255 (36,439)	8,138* (3,350)	84,154+ (48,368)	28,896+ (15,606)	7,990* (3,634)
-2 log. de verosimilitude			176,86		
R² de Cox e Snell			0,918		
R² de Nagelkerke			0,903		
N (Total)			648		
N (Válido)			196		

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

En canto a Vox, a única variable que cumpre cunha significatividade de 0.5 é a valoración de Pedro Sánchez (Exp(B) 0.005), atopando unha relación negativa pola que a mellor valoración do líder socialista, menor probabilidade de votar a Vox en comparación ao PSOE.

Polo lado de Ciudadanos, segue unha tendencia similar á do Partido Popular, sen ningunha variable especialmente significativa. Entre as que se atopan entre o 0.1 e o 0.05 están as relacións negativas coa valoración da situación económica actual de España, coa escala de nacionalismo (a maior posicionamento identitario español, maior probabilidade de voto) e coas valoracións de Iglesias, Sánchez e Errejón. Respecto ás relacións positivas, atopamos á autoubicación ideolóxica (canto máis de dereitas, maior probabilidade de voto) e ás valoracións de Pablo Casado e Inés Arrimadas.

Observando ao conxunto de formacións agrupadas na categoría “outros partidos”, podemos apreciar como as variables máis significativas na explicación do voto respecto ao do PSOE son a ideoloxía (Exp(B) 0.438) e as valoracións de Abascal (Exp(B) 2.024), Casado (Exp(B) 2.304), Iglesias (Exp(B) 2.689), Arrimadas (Exp(B) 0.437) e Sánchez (Exp(B) 0.145). Así, existirían relacións positivas coas valoracións de Abascal, Casado e Iglesias e relacións negativas coa autoubicación ideolóxica e as valoracións de Arrimadas e Sánchez.

En canto ás medidas de axuste global, a R^2 de Cox e Snell (0.918) e a R^2 de Nagelkerke (0.903) indican como o modelo é capaz de explicar en gran medida a variabilidade da variable dependente. Por outro lado, o -2 log. de verosimilitude de 176.86 contrastaría co de 323.591 na regresión do 2019A, polo que o modelo do 2019N se axustaría mellor aos datos observados e proporcionaría unha representación máis precisa da relación entre as variables independentes e a dependente, en relación ao modelo do 2019A.

Observando os resultados no seu conxunto, seguiría a tendencia observada no anterior estudo, onde as variables que máis explican de forma xeral o voto cara un partido fronte ao PSOE son as valoracións dos diferentes líderes políticos e, en menor medida, a autoubicación ideolóxica da persoa entrevistada.

6.3 ELECCIÓN XERAIS DO 23 DE XULLO DO 2023⁵

Táboa 38. Regresión loxística multinomial 2023X

Variables	Voto PP/PSOE	Voto Sumar/ PSOE	Voto VOX/ PSOE	Voto Outros/ PSOE
Sexo (cat. ref: muller)	0,161 (0,390)	0,221 (0,226)	1,183** (0,451)	0,208 (0,274)
Valoración situación económica actual España	-0,306 (0,208)	0,232* (0,110)	-0,488+ (0,250)	-0,070 (0,134)
Valoración situación económica actual persoal	-0,061 (0,202)	-0,019 (0,120)	0,019 (0,228)	-0,226 (0,140)
Autoubicación ideolóxica	0,640*** (0,112)	-0,402*** (0,088)	1,030*** (0,132)	0,066 (0,084)
Nivel ingresos fogar	0,062 (0,138)	0,013 (0,085)	-0,038 (0,158)	0,291** (0,101)
Principal problema Esp: Os políticos en xeral	0,064 (0,515)	-0,352 (0,361)	0,434 (0,564)	-0,414 (0,411)
Principal problema Esp: O paro	0,333 (0,731)	-0,458 (0,472)	-0,136 (0,855)	0,609 (0,489)
Principal problema persoal: Problemas relacionados coa calidade do emprego	-0,821 (0,623)	0,196 (0,325)	-1,706+ (0,903)	-0,814+ (0,451)
Principal problema persoal: O paro	-0,216 (0,733)	0,041 (0,386)	0,641 (0,790)	-1,242* (0,627)
Preferencia presidente: Feijóo	1,660** (0,617)	0,291 (0,956)	-0,633 (0,678)	-1,187 (0,841)
Preferencia presidente: Díaz	-3,363** (1,079)	1,116** (0,378)	-1,954* (0,902)	-1,619*** (0,445)
Preferencia presidente: Sánchez	-4,975*** (0,805)	-1,459*** (0,367)	-5,807*** (1,172)	-2,350*** (0,349)
Intersección	-1,720+ (0,996)	0,589 (0,613)	-4,365*** (1,242)	0,330 (0,699)
-2 log. de verosimilitude		1265,194		
R² de Cox e Snell		0,744		
R² de Nagelkerke		0,781		
N (Total)		1271		
N (Válido)		823		

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

As últimas eleccións froito de análise multivariante son as celebradas o 23 de xullo do 2023. Comezando polo Partido Popular, atopamos como variables significativas á autoubicación

⁵ Cat. ref: Principal problema Esp e Persoal (A crise económica, os problemas de índole económica); Preferencia presidente (Abascal).

ideolóxica (Exp(B) 1.896), polo que aumenta a probabilidade de voto ao PP respecto ao PSOE canto máis á dereita se posiciona a persoa, e ás persoas que prefiren como presidente, respecto a Abascal, a Feijóo (Exp(B) 5.257), cunha relación positiva, e a Díaz (Exp(B) 0.035) e Sánchez (Exp(B) 0.007), con relacións negativas.

Polo lado de Sumar, ás significatividades na autoubicación ideolóxica e os liderados hai que sumarlle a relación positiva coa valoración da situación económica actual de España (Exp(B) 1.261), polo que a mellor valoración desta, maior probabilidade de votar a Sumar respecto ao Partido Socialista. Nas outras categorías mencionadas, atopamos relacións negativas coa ideoloxía (Exp(B) 0.669) e coa preferencia de Sánchez (Exp(B) 0.233) como presidente respecto a Abascal, así como unha relación positiva coa preferencia de Yolanda Díaz (Exp(B) 3.052).

Observando a Vox, atopamos como variables significativas ao Sexo (Exp(B) 3.264), a autoubicación ideolóxica (Exp(B) 2.802) e as preferencias de Díaz (Exp(B) 0.142) e Sánchez (Exp(B) 0.003) como presidentes respecto a Abascal. Desta forma, o voto a Vox fronte ao PSOE sería máis probable no caso dos homes, ideoloxicamente máis cara a dereita, e cunha menor preferencia de Yolanda Díaz e Pedro Sánchez como presidentes respecto ao candidato da súa formación.

Vendo aos “outros partidos”, atopamos por primeira vez como variables significativas aos “ingresos do fogar” (Exp(B) 1.337), cunha relación positiva, pola que a cantos máis ingresos, maior probabilidade de votar a outros partidos respecto ao PSOE; e á selección “do paro” como principal problema persoal (Exp(B) 0.289), cunha relación negativa. Por outro lado, tamén serían significativas as preferencias como presidente de Díaz (Exp(B) 0.198) e Sánchez (Exp(B) 0.095) respecto a Abascal, polo que a maior preferencia destes respecto ao de Vox, menos probabilidades de votar a unha das formacións agrupadas dentro da categoría de “outros partidos” fronte ao PSOE.

En canto ás medidas de axuste global, a R^2 de Cox e Snell (0.744) e a R^2 de Nagelkerke (0.781) indican como o modelo é capaz de explicar moita da variabilidade da variable dependente, se ben en menor medida que os outros dous modelos analizados. Por outro lado, o -2 log. de verosimilitude de 1265.194 contrastaría co de 323.591 na regresión do 2019A e co de 176.86 na do 2019N. Desta forma, apreciaríase como o modelo do 2019N sería o que tería un mellor axuste aos datos observados, mentres que o do 2023X sería o que tería un peor, polo que non sería tan efectivo como os outros modelos.

Analizando os resultados de forma xeral, pode apreciarse como se confirma a tendencia observada nos outros dous estudos postelectorais, onde a valoración dos liderados e a ideoloxía eran as variables clave na explicación do voto cara un dos catro principais partidos respecto ao PSOE. Se ben, neste estudo do 2023 a autoubicación ideolóxica aumenta a súa significatividade respecto aos outros comicios, sendo un elemento central na explicación do voto nas tres principais formacións políticas analizadas.

7. ANÁLISE DA ABSTENCIÓN

Como se puido observar na revisión bibliográfica, unha gran parte da literatura académica que analizou o comportamento político da xuventude centrouse especificamente no ámbito da participación política, tanto na súa vertente electoral (voto/abstención) como nas formas de participación (convencionais/non convencionais), tratando de apreciar a que se debía a menor participación da xuventude nestas formas clásicas de participación no proceso político.

Esta menor participación da xuventude pode apreciarse na Táboa 35, onde se observa como as persoas mozas son as que posúen unha maior porcentaxe de abstención nos tres estudos postelectorais, sendo ademais as únicas nas que a porcentaxe aumenta segundo avanzan os anos, pois o resto de grupos de idade experimentan unha baixada da abstención nos comicios do 2023.

Táboa 39. Porcentaxe de abstención por grupo de idade e estudo postelectoral

Estudo	18-29	30-49	50-64	>65	Total
2019A	17,30%	12,60%	9,10%	9,60%	11,70%
2019N	19,30%	17,70%	12,50%	12,30%	15,30%
2023X	19,70%	12,30%	8,90%	7,00%	11,00%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Debido a esta relevancia na literatura académica e á existencia dunha diferenza observable na participación dos tres estudos analizados, considérase oportuno realizar unha análise centrada unicamente no caso da participación electoral, para o que se comezará elaborando un perfil político da xuventude abstencionista de cada un dos tres estudos e rematarase facendo un modelo de regresión loxística binaria para cada un dos mesmos, buscando obter así as variables que máis inflúen no feito de non votar.


7.1 ELECCIÓNS XERAIS DO 28 DE ABRIL DO 2019

Comezando así cos perfís da xuventude abstencionista, realizarase por un lado unha análise individual de cada gráfico e por outro lado unha comparación co perfil da xuventude xeral do respectivo estudo postelectoral.

Así, no Gráfico 32 pode apreciarse como a xuventude se reparte de forma similar entre homes e mulleres, ao igual que sucedía no plano xeral. En canto ao resto de variables, a

xuventude abstencionista concéntrase no nivel de estudos secundarios (58.4%), nunha situación laboral activa e remunerada (49.2%), nun nivel de ingresos do fogar entre 901€ e 1800€ (45.1%). Así, comparándoo co perfil xeral da xuventude do 2019A, atópase unha subida na porcentaxe de persoas cun nivel de estudos primarios e secundarios, das persoas activas remuneradas e das persoas cun nivel de ingresos do fogar de entre 901€ e 1800€, polo que entre os abstencionistas aumentaría a representación das persoas cun nivel de estudos máis baixo, descendendo as de estudos superiores en case 20 puntos, e cun nivel máis baixo de ingresos no fogar, aumentando en aproximadamente 10 puntos os que obteñen mensualmente menos de 1801€.

Gráfico 32. Perfil sociodemográfico xuventude abstencionista 2019A




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Pasando á análise descritiva das variables políticas consideradas como máis relevantes para observar o perfil dos abstencionistas, en primeiro lugar na participación en actividades durante a campaña electoral apréciase como seguen escollendo ás manifestacións e ás folgas como as formas de participación nas que máis se implican, aínda que con porcentaxes do 7.1% e 4.8%, respectivamente.

No consumo de medios, un 93.6% das persoas mozas que se obtiveron declaran que “nunca ou case nunca” seguiron información política e electoral a través de emisoras de radio durante a campaña, porcentaxe que se reduce ao 89.6% no caso dos periódicos, ao 69.8% no das redes sociais/internet e ao 57.6% no da televisión.

Gráfico 33. Seguimento de información política e electoral a través de redes sociais/internet e televisión xuventude abstencionista 2019A



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Ao ser preguntados pola toma de decisión respecto á participación, a gran maioría da xuventude abstencionista declarou que “tiña decidido absterse” (71.5%), é dicir, que non dubidou entre votar e non votar, polo que cabería preguntarse se tendo clara esta decisión nunha idade tan temperá poderían acabarse convertendo en abstencionistas estruturais co paso do tempo. Si dubiraron entre votar e non votar un 6.5% (dubidando entre un partido e

a abstención) e un 1.6% (dubidando entre votar en branco e a abstención). Así mesmo, entre as persoas que se abstiveron, o 79.7% declarou que “non quixo ir a votar”, mentres que o 16.3% “non puido votar”. Continuando no afondamento, entre os que non quixeron votar, o 39.4% “nunca vota” e o 35.4% tiña a decisión tomada dende hai bastante tempo, antes do inicio da campaña electoral.

Táboa 40. Momento da decisión de non votar 2019A

Momento decisión	%
Nunca vota	39,4%
Tiño decidido dende hai bastante tempo (antes do inicio da campaña electoral)	35,4%
Decidiuno ao comezo da campaña electoral	4,0%
Decidiuno durante a última semana da campaña electoral	10,1%
Dubidou ata o último momento	11,1%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Así, entre as persoas que non votaron, a maioría das respostas poderían agruparse en dous principais bloques: 1) Os que non votaron por indiferenza cara o sistema, porque votar non serve para nada ou está farto/a da política, cun 46.7%. 2) Os que non atoparon ningunha alternativa nin candidato/a que lles convencera para votar ou directamente a influencia dos debates dos candidatos/as evitou que votasen, cun 37%.


Táboa 41. Motivo principal polo que non votou 2019A

Motivo principal	%
Da o mesmo votar que non votar, non serve para nada	31,5%
Non había ningunha alternativa que lle satisficera	23,9%
Está farto/a de política e eleccións	15,2%
Estaba desorientado/a, non sabía a quen votar	12,0%
Non lle inspiraba confianza ningún partido nin ningún/ha político/a	12,0%
Para amosar o seu descontento	3,3%
Pola influencia dos debates dos principais candidatos	1,1%
(NON LER) Outros motivos	1,1%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

En cambio, no plano da desafección, a xuventude abstencionista está marcada polo baixo interese tanto pola política como pola campaña electoral, respondendo “moito/bastante” nun 6.4% no caso da política e nun 5.6% no da campaña electoral.

Táboa 42. Grao interese pola política e pola campaña electoral xuventude abstencionista 2019A




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Ao ser preguntados polo seu réxime político preferido, o 77.1% indicou que “a democracia é preferible a calquera outra forma de goberno”, mentres que o 11.9% manifestou que “nalgunhas circunstancias, un goberno autoritario é preferible”. Se ben o apoio á democracia é claramente maioritario entre a xuventude abstencionista do 2019A, ao comparar os datos cos da xuventude en xeral vemos como a resposta autoritaria practicamente dobrou a súa porcentaxe, pasando do 6.1% ao 11.9%. En cambio, na escala de satisfacción coa democracia 0-10, a xuventude abstencionista sitúase na puntuación media de 5.16, estando así lixeiramente a favor da democracia.

Respecto ao coñecemento dos diferentes líderes políticos, a orde destes mantense intacta respecto á xuventude en xeral, mais cunha baixada na porcentaxe cada vez máis acusada segundo o líder é menos coñecido a nivel xeral, pasando do 97.6% de Pedro Sánchez e o 90.8% de Pablo Iglesias ao 62.4% de Santiago Abascal e o 50.5% de Alberto Garzón.


Táboa 43. Coñecemento líderes xuventude abstencionista 2019A



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

En canto á valoración dos liderados, os líderes cunha maior puntuación media serían Pedro Sánchez (3.84), Albert Rivera (3.42) e Pablo Iglesias (3.16), o cal contrastaría co valor da xuventude xeral, que primaría a Pedro Sánchez (4.90), Pablo Iglesias (4.84) e Alberto Garzón (4.39). Por outro lado, cabe destacar que Santiago Abascal sería o único líder político que non vería a súa valoración media empeorada ao realizar a comparación coa da xuventude xeral, pasando do 2.66 ao 2.84.

Táboa 44. Valoración líderes xuventude abstencionista 2019A



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

No lado dos cleavages políticos, a autoubicación ideolóxica sitúa á xuventude abstencionista nunha puntuación media de 4.87 na escala 1-10, polo que se posicionarían na esquerda pero máis de 6 décimas respecto á xuventude xeral, que se posicionaba no 4.20 de media. Por último, en canto ao sentimento identitario, a xuventude abstencionista destaca na opción de “séntese tan español/a como” da súa C.A. (57.6%), habendo ademais unha maior porcentaxe no lado do posicionamento identitario español (25.6%) que no lado da Comunidade Autónoma (8%), na comparación coa xuventude xeral pódese apreciar como todas as categorías perden porcentaxe, a excepción do “séntese unicamente español/a” (que pasa do 11.8% ao 21.6%) e do “ningunha das anteriores” (que pasa do 5.6% ao 8.8%).

Táboa 45. Sentimento identitario xuventude abstencionista 2019A


Sentimento identitario	%
Séntese unicamente español/a	21,6%
Séntese máis español/a que (xentilicio C.A.)	4,0%
Séntese tan español/a como (xentilicio C. A.)	57,6%
Séntese máis (xentilicio C. A.) que español/a	6,4%
Séntese unicamente (xentilicio C. A.)	1,6%
(NON LER) Ningunha das anteriores	8,8%
Total	100,0%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

7.2 ELECCIÓNS XERAIS DO 10 DE NOVEMBRO DO 2019

No caso do perfil sociodemográfico do estudo das eleccións de novembro do 2019, visible no Gráfico 33, apreciaríase unha concentración da xuventude abstencionista nas categorías de: home (53%), nivel de estudos secundarios (57.4%), situación laboral activa remunerada (49.1%) e nivel de ingresos no fogar entre 901€ e 1800€ (58%). Na comparación co perfil da xuventude xeral, obsérvase un aumento da porcentaxe de persoas cun nivel de estudos primarios e secundarios, cunha situación laboral de “parado” e cun nivel de ingresos do fogar por debaixo dos 1801€, seguindo así a mesma tendencia apreciada na comparación do 2019A, pola que un menor nivel de estudos e uns menores ingresos terían unha maior representación entre os abstencionistas.

Gráfico 34. Perfil sociodemográfico xuventude abstencionista 2019N



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Seguindo cos descritivos, a xuventude abstencionista do 2019N continúa a tendencia de ter ás manifestacións (13%) e ás folgas (9.6%) como as súas formas de participación máis utilizadas, coincidindo tanto cos perfís xerais como cos abstencionistas.

Respecto á decisión de participar ou non e, en caso afirmativo, en que sentido facelo, a xuventude abstencionista declara que “tiña decidido absterse” nun 82.1%, 11 puntos máis que no anterior postelectoral, “dubidou entre un partido ou coalición e a abstención” nun 3.6% e “dubidou entre votar en branco e absterse” nun 2.7%. Así mesmo, o 76.3% destes afirmaron directamente que non quixeron votar e un 9.6% que “normalmente vota, pero esta vez non quixo facelo”. En canto ao momento de decisión de absterse, o 38.1% declararon que nunca votan, mentres que o 37.1% o tiña decidido hai bastante tempo (antes do inicio da campaña electoral); respecto ao perfil abstencionista do 2019A destaca o cambio de porcentaxes entre os que o decidiron ao comezo da campaña electoral e os que decidiron durante a última semana da campaña, adiantando a súa decisión neste último estudo.

Táboa 46. Momento da decisión de non votar 2019N

Momento decisión	%
Nunca vota	38,1%
Tiña decidido dende hai bastante tempo (antes do inicio da campaña electoral)	37,1%
Decidiuno ao comezo da campaña electoral	10,3%
Decidiuno durante a última semana da campaña electoral	4,1%
Dubidou ata o último momento	10,3%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

En canto ao principal motivo polo que non voto no 2019, obsérvase un gran cambio respecto ao perfil abstencionista do 2019A, onde a categoría máis mencionada era que votar non servía para nada. En cambio, neste estudo do 2019N, a xuventude xustifica a súa abstención por estar farto da política e eleccións (29.2%), non haber ningunha alternativa que lle satisfacera (22.9%) e non lle inspiraba confianza ningún partido nin político/a (18.8%), entre outras. Unha posibilidade que podería explicar este cambio sería o carácter de repetición electoral que tiñan estes comicios, polo que os votantes terían unha sensación de fartazgo e resentimento ao ter que volver a votar o mesmo ano despois de que os políticos non conseguisen acadar os acordos necesarios.


Táboa 47. Motivo principal polo que non votou 2019N

Motivo principal	%
Está farto/a de política e eleccións	29,2%
Non había ningunha alternativa que lle satisfacera	22,9%
Non lle inspiraba confianza ningún partido nin ningún/ha político/a	18,8%
Da o mesmo votar que non votar, non serve para nada	12,5%
Para amosar o seu descontento	7,3%
Outras respostas	6,3%
Estaba desorientado/a, non sabía a quen votar	3,1%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

No caso do grao de interese pola política e pola campaña electoral, mantéñese unha imaxe practicamente idéntica ao do perfil de abstencionistas do 2019A. Os maiores cambios centraríanse nun aumento do “bastante” interese pola política, pasando do 4.8% ao 10.4%, así como unha baixada dos “nada” de interese tanto pola política como pola campaña electoral.

Táboa 48. Grao interese pola política e pola campaña electoral xuventude abstencionista 2019N




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

En canto ao réxime político preferido, o 80.4% das persoas mozas abstencionistas entrevistadas indicaron que a democracia era preferible a calquera outra forma de goberno, mentres que o 7.5% defendían que nalgúns casos un goberno autoritario sería preferible a un democrático. Así, baixa a porcentaxe de persoas a favor do réxime autoritario respecto ao perfil abstencionista do 2019A, o cal situaba a cifra no 11.9%.

Neste caso, os líderes máis coñecidos serían Pedro Sánchez (98.9%), Pablo Iglesias (98.9%) e Pablo Casado (96.7%), contrastando co Pedro Sánchez, Pablo Iglesias e Santiago Abascal da xuventude xeral. En relación ao perfil abstencionista do 2019A, todos os líderes sufren un gran aumento na súa porcentaxe de coñecemento, situándose en valores máis próximos aos da xuventude xeral.


Táboa 49. Coñecemento líderes xuventude abstencionista 2019N



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Polo lado das valoracións, estas baixan en gran medida respecto ao perfil abstencionista do 2019A, pasando de ser dous os líderes cunha valoración media por debaixo do 3 a ser dous os líderes con ela por riba do 3, empeorando así no 2019N a puntuación media dada aos diferentes líderes políticos. Así, os líderes mellor valorados serían Pedro Sánchez (3.33), Pablo Iglesias (3.01) e Pablo Casado (2.93), sendo o popular o penúltimo peor valorado no plano da xuventude xeral, ao ser superado por todos os líderes salvo Santiago Abascal. Desta forma, comparando cos datos da xuventude xeral do 2019N, pode observarse como as valoracións de todos os líderes políticos diminúen ao redor dun punto.

Táboa 50. Valoración líderes xuventude abstencionista 2019N



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

No ámbito dos cleavages, na escala de autoubicación ideolóxica a xuventude abstencionista acada un valor medio de 4.73, moi similar ao do 4.87 obtido no 2019A, polo que seguiría posicionándose no lado esquerdo da escala ideolóxica, mais relativamente preto do centro ideolóxico que sería o 5.5. o sentimento identitario sofre unha baixada nas categorías referidas ao posicionamento identitario español respecto ao perfil abstencionista do 2019A, sendo a resposta de “séntese máis (xentilicio C.A.) que español/a” a que máis porcentaxe provinte desta perda absorbe, acercándose á situación de statu quo entre ambos lados da escala nacionalista.

Táboa 51. Sentimento identitario xuventude abstencionista 2019N


Sentimento identitario	%
Séntese unicamente español/a	13,4%
Séntese máis español/a que (xentilicio C.A.)	3,6%
Séntese tan español/a como (xentilicio C. A.)	58,0%
Séntese máis (xentilicio C. A.) que español/a	11,6%
Séntese unicamente (xentilicio C. A.)	2,7%
(NON LER) Ningunha das anteriores	10,7%
Total	100,0%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

7.3 ELECCIÓNS XERAIS DO 23 DE XULLO DO 2023

Observando o perfil sociodemográfico da xuventude abstencionista do 2023X, atópase unha clara concentración de homes (64.5%), a máis alta de calquera perfil, cun nivel de estudos superiores (33.9%), aínda que tamén cunha gran representación de estudos secundarios (32.7%), cunha situación laboral activa remunerada (59.5%) e cun nivel de ingresos do fogar entre 1801€ e 2700€. Realizando comparacións co perfil sociodemográfico xeral da xuventude do 2023X, no caso das persoas mozas abstencionistas obsérvase unha subida de 10 puntos na porcentaxe de homes, unha baixada de case 12 puntos das persoas cun nivel de estudos superiores, repartíndose entre as outras tres categorías, e subidas nas porcentaxes de persoas traballadoras e cun nivel de ingresos do fogar entre 1801€ e 2700€. Así, mentres que no caso dos estudos seguiría a mesma tendencia dos outros dous perfís de abstencionistas, no caso dos parados e do nivel de ingresos do fogar, as subidas nas porcentaxes non se acercarían ás magnitudes dos perfís previos.

Gráfico 35. Perfil sociodemográfico xuventude abstencionista 2023X



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Táboa 52. Momento da decisión de non votar 2023X

Momento decisión	%
Nunca vota	11,6%
Decidiuno moito antes do inicio da campaña electoral	35,3%
Decidiuno ao comezo da campaña electoral	6,8%
Decidiuno durante a última semana da campaña electoral	10,8%
Decidiuno durante a xornada de reflexión, a véspera das eleccións	2,4%
Decidiuno o mesmo día das eleccións	11,6%
Non puido votar	21,3%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Sendo preguntadas por se nalgún momento da campaña pensaron en votar nas eleccións xerais, a xuventude abstencionista respondeu afirmativamente nun 57.6%, resultado que contrasta coa ampla cantidade de persoas que declaraban ter decidido absterse dende antes nos outros postelectorais, un 82.1% no 2019N e un 71.5% no 2019A, se ben este cambio podería estar influído en parte pola reformulación da pregunta e das respostas. En canto ao momento de tomar a decisión de non votar, o 35.3% decidiuno “moito antes do

inicio da campaña electoral”, destacando ademais a baixada da categoría de “nunca vota” respecto aos outros perfís abstencionistas, pasando do 39.4% no 2019A, ao 38.1% no 2019N e ao 11.6% no 2023X.

En canto ao motivo polo que decidiu non votar, destaca un cambio no procedemento de resposta, mentres que nos dous estudos do 2019 a pregunta tiña unha lista de respostas pechada que se lle proporcionaba ao entrevistado mediante unha tarxeta, no 2023 a resposta pasa a ser espontánea e múltiple, polo que nesta pregunta concreta a comparabilidade entre os estudos se ve comprometida. De todas formas, as categorías máis mencionadas foron “non lle inspiraba confianza ningún partido nin ningún/ha político/a” (24.7%), “non se sentía representado por ningún partido político” e “problemas co voto por correo” (15.1%)

Táboa 53. Motivo principal polo que non votou 2023X (resposta múltiple)

Motivo principal	%
Estaba indeciso, non sabía a quen votar	4,4%
Non lle inspiraba confianza ningún partido nin ningún/ha político/a	24,7%
Para amosar o seu descontento	8,8%
Decepcionoulle o partido ao que pensaba votar	5,2%
Pola corrupción e os escándalos	2,8%
Non se sentía representado por ningún partido político	17,9%
Polas informacións dos medios de comunicación sobre a política	0,4%
Por motivos de saúde	1,6%
Por motivos de traballo	6,4%
Por motivos familiares	4,0%
O seu voto non ía servir para nada	8,0%
Nunca vota, decidiu non votar	3,6%
Non cre na política, non ten interese	9,6%
Falta de información de programas e candidatos/as	4,4%
Problemas co voto por correo (non sabía, esqueceu pedilo, pasou o prazo, outros)	15,1%
Outra resposta	13,1%


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

En canto aos cleavages políticos, o único dispoñible neste estudo postelectoral, a autoubicación ideolóxica, amosa como a xuventude abstencionista do 2023X situaríase nun valor medio de 4.91 na escala 1-10, sendo a posición máis cara a dereita dos tres perfís

abstencionistas e dos tres perfís da xuventude xeral, mais seguindo no espazo ideolóxico da esquerda.

Por último, no plano do coñecemento e valoración dos diferentes líderes políticos, estas variables non existen no estudo postelectoral do 2023, polo que para o caso dos perfís xerais foron utilizados os datos do preelectoral nesta cuestión. Non obstante, neste caso non se considera oportuno, pois para filtrar aos abstencionistas habería que facelo sobre a intención de voto en lugar de recordo, correndo o risco de coller persoas que finalmente non se abstivesen e de ignorar a persoas que si o fixesen. Por este motivo, en lugar de analizar a valoración dos liderados, usarase a variable de preferencia como Presidente do Goberno, debido á súa similitude na lóxica da resposta, mais sendo conscentes dos cambios producidos por esta limitación.

Táboa 54. Preferencia como Presidente do Goberno xuventude abstencionista 2023X



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

Así, apreciaríase como a resposta máis mencionada sería “ningún/ha deles/as”, co engadido de ser unha resposta que non se le, polo que unha boa parte da xuventude abstencionista saíría da lóxica de preferencias de liderados, sendo indiferente ante os

distintos candidatos/as. En canto á orde destes, en primeiro lugar estaría Pedro Sánchez (22.3%), seguido de Alberto Núñez Feijóo (12.7%) e de Santiago Abascal (12.2%).

7.4 ANÁLISE BINARIA DA ABSTENCIÓN⁶

Pasando á mencionada etapa da regresión loxística binaria na que se observarán que variables dos respectivos modelos son as que máis inflúen na abstención de cada un dos tres estudos postelectorais analizados.

Táboa 55. Regresións loxísticas binarias da abstención 2019-2023

Variables	ABS 2019A	ABS 2019N	ABS 2023X
Sexo (cat. ref: muller)			0,336* (0,158)
Valoración situación política España			x
Valoración situación económica actual España			
Valoración situación económica prospectiva España			x
Valoración actual situación económica persoal	x		
Autoubicación ideolóxica			
Escala de nacionalismo			x
Nivel ingresos persoal			x
Nivel ingresos fogar	x	x	-0,113* (0,053)
Nivel estudos: Secundarios			-1,466* (0,583)
Nivel estudos: FP			-1,426* (0,585)
Nivel estudos: Superiores			-1,860*** (0,582)
Sitlab: Parado			
Sitlab: Estudante			
Sitlab: Traballador doméstico			
Réxime político preferido: Democracia	-0,833* (0,379)		x
Réxime político preferido: Autoritario (en ocasións)			x
Satisfacción coa democracia		x	x
Interese pola política	-0,765** (0,265)		x

⁶ As celas en gris marcadas cunha “x” indican que esa variable non estaba presente no cuestionario do estudo en cuestión. As celas en branco marcadas cunha “x” poden supoñer dúas cuestións: 1) que esa variable non é a mellor opción, mais foi introducida para compensar a falta dunha similar no estudo do 2023, 2) no caso dos principais problema non procede, ao non ser mencionados os mesmos tres nos dous estudos. Cat. ref: Principal problema España e Persoal 2019N (O paro) e 2023X (A crise económica, os problemas de índole económica); Preferencia presidente (Abascal); Sitlab (Traballa); Nivel de estudos (Primarios); e Réxime político preferido (Da igual un goberno que outro).

Interese pola campaña electoral	-0,955*** (0,251)	-1,419*** (0,242)	x
Principal problema Esp: Os políticos en xeral	x		
Principal problema Esp: O paro	x	x	
Principal problema Esp: A economía	x		x
Principal problema persoal: Problemas relacionados coa calidade do emprego	x	x	
Principal problema persoal: O paro	x	x	
Principal problema persoal: A calidade do emprego	x		x
Principal problema persoal: A educación	x		x
Valoración Abascal		-0,224* (0,089)	x
Valoración Casado		0,240* (0,116)	x
Valoración Garzón		-0,291*** (0,082)	x
Valoración Iglesias	-0,185** (0,060)		x
Valoración Rivera/Arrimadas		-1,419*** (0,242)	x
Valoración Sánchez			x
Preferencia presidente: Sánchez	x	x	-1,567*** (0,193)
Preferencia presidente: Feijóo	x	x	-0,971*** (0,243)
Preferencia presidente: Díaz	x	x	-1,311*** (0,193)
Constante	2,982	2,985	1,091
R² Nagelkerke	0,369	0,405	0,149
Logaritmo verosimilitude -2	312,134	243,274	1074,508

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do CIS

No estudo das eleccións de abril do 2019, podemos observar máis significativas serían o interese pola campaña electoral (Exp(B) 0.385) e pola política (Exp(B) 0.465), a valoración de Pablo Iglesias (Exp (B) 0.831) e a preferencia da democracia sobre calquera outra forma de goberno (Exp(B) 0.435). Desta forma, existiría unha maior probabilidade de absterse segundo a persoa fose máis indiferente cara o seu tipo de réxime político preferido, tivese un menor interese pola política e pola campaña electoral e outorgara unha valoración máis baixa a Pablo Iglesias.

No caso dos comicios de novembro do 2019, atópanse como significativas ao interese pola campaña electoral (Exp(B) 0.242) e ás valoracións de Pablo Casado (Exp(B) 1.272),

Santiago Abascal (Exp(B) 0.799), Alberto Garzón (Exp(B) 0.748) e Inés Arrimadas (Exp(B) 0.786). Así, mentres que un menor interese pola campaña electoral e unha peor valoración de Abascal, Garzón e Arrimadas aumentaría as probabilidades de absterse, sería unha mellor valoración de Pablo Casado o que subiría a probabilidade de abstención.

En canto ás eleccións de xullo do 2023, as variables significativas son o sexo da persoa (Exp(B) 1.400); o nivel de ingresos do fogar (Exp(B) 0.893); os niveis de estudos secundarios (Exp(B) 0.231), FP (Exp(B) 0.240) e Superiores (Exp(B) 0.156), respecto aos primarios; e as preferencias como presidentes, sobre Abascal, de Pedro Sánchez (Exp(B) 0.270), Alberto Núñez Feijóo (Exp(B) 0.379) e Yolanda Díaz (Exp(B) 0.209). Polo que aumentaría a probabilidade de absterse segundo a persoa fose home, o seu fogar tivese un menor nivel de ingresos, o seu nivel de estudos acadado fose a educación primaria, e preferise a Santiago Abascal como presidente do goberno. Aínda con todo, estes resultados deberían ser tomados con cautela debido ao valor da R^2 de Nagelkerke de 0.149, polo que a capacidade explicativa deste modelo sería realmente limitada.

Así, facendo unha aproximación xeral, as variables que máis repiten como significativas nos tres estudos analizados serían, en primeiro lugar, o interese pola campaña electoral, podendo verse dende dúas perspectivas: 1) realizar un esforzo por seguir o día a día da campaña leva a querer materializalo mediante o voto, 2) antes da campaña toman a decisión de votar e, en base a iso, regulan o interese que lle outorgan á campaña. En segundo lugar, estaría a valoración/preferencia dos diferentes liderados, polo que unha mellor ou peor imaxe dun candidato concreto podería ou ben servir como activación para que o votante acuda ás urnas ou ben como disuasor de participar no evento electoral, o cal serviría para exemplificar a importancia dos liderados nunha época de personalización da política.

Por último, en canto ás medidas de axuste global, os logaritmos de verosimilitude -2 amosarían como os dous modelos do 2019 serían moito máis eficientes que o do 2023, o cal xa se explicou que carecía dunha gran capacidade explicativa ao analizar a R^2 de Nagelkerke, probablemente motivada pola ausencia de varias variables clave, tal e como se expresou ao longo do traballo. En canto estes valores nos outros dous modelos, conseguen acadar unha certa capacidade explicativa, mais segue quedando unha parte importante da variabilidade da variable dependente que segue sen estar explicada polo modelo.

8. CONCLUSIONES

En conclusión, o presente traballo estivo dividido nos apartados de: introdución, revisión bibliográfica, metodoloxía, perfís mozos, comparación entre estudos, análise multivariante, análise da abstención e, agora, conclusións. Na introdución xustificouse o tema e pertinencia do traballo, así como se formularon os diferentes obxectivos, presentando ademais un esquema de como se estruturaría a investigación. A revisión bibliográfica permitiu construír unha base teórica, con literatura académica tanto nacional como internacional, sobre a que sustentar a posterior interpretación dos resultados. A metodoloxía fixo posible elaborar un método para relacionar os obxectivos formulados na introdución cos coñecementos teóricos adquiridos na revisión bibliográfica, facendo así posible a selección, obtención, tratamento e interpretación dos datos.

Toda esta serie de procesos foron levados a cabo na análise de resultados, a cal se dividiu nos apartados de perfís mozos, elaborando un perfil sociopolítico concreto do comportamento político da xuventude española en cada un dos momentos analizados (obx1) e comparando os datos cos dos demais grupos de idade (obx2), comparación entre estudos, comparando as pautas de comportamento da xuventude nos tres momentos analizados (obx3), análise multivariante, identificando cales son os elementos que máis inflúen na decisión de voto da xuventude española (obx4), e análise da abstención, elaborando un perfil sociopolítico concreto da xuventude abstencionista española (obx5), comparando as pautas de comportamento da xuventude abstencionista española en relación á xuventude española xeral (obx6), comparando as pautas de comportamento da xuventude abstencionista española nos tres momentos analizados (obx7) e identificando cales son os elementos que máis inflúen na decisión de absterse da xuventude española en cada un dos momentos analizados (obx8). Desta forma, pode apreciarse como os diferentes obxectivos específicos se foron distribuindo polos distintos apartados do traballo, permitindo darlle o afondamento necesario a cada un deles para cumprilo correctamente.

Desta forma, pode concluírse que se cumpriron todos os obxectivos específicos e, en consecuencia, o obxectivo xeral da investigación. A continuación realizarase un resumo con varias das principais achegas que se obtiveron no proceso de consecución dos obxectivos.

Así, no plano dos dous primeiros obxectivos: elaborar un perfil sociopolítico concreto do comportamento político da xuventude española en cada un dos momentos analizados e comparar as pautas de comportamento da xuventude en relación aos demais grupos de idade máis avanzada, no caso das eleccións de abril do 2019, a xuventude está

caracterizada, respecto aos demais grupos de idade, por elementos como unha peor valoración da situación económica presente pero unha mellor valoración prospectiva, o cal podería ser debido a un efecto propio da idade polo que a xuventude tería unha maior esperanza no futuro; unha maior presenza nas formas de participación non convencionais, unha maior cercanía e valoración cara os partidos da “nova política” e os seus líderes, un posicionamento máis cara a esquerda no plano ideolóxico e un menor posicionamento identitario español. En cambio, no estudo de novembro do 2019, a xuventude é o grupo de idade que mellor valora a situación económica e política de España, ademais de caracterizarse por cuestións como: unha maior centralidade no debate público do tema catalán; seleccionar a PSOE, UP e VOX como o partido que consideran máis cercano; valorar en maior medida aos catro líderes de esquerdas; igualarse cos demais grupos de idade na escala de autoubicación ideolóxica e seguir sendo os que teñen un menor posicionamento identitario español. Por último, no estudo do 2023 pódese apreciar como: existe unha maior centralidade das cuestións de índole económica; son os que mellor valoran a situación económica actual e futura; seleccionan a PSOE, Sumar e PP como o partido que consideran máis cercano ás súas ideas; seleccionan a PSOE, Vox e Sumar como os partidos polos que senten máis simpatía; valoran mellor a Yolanda Díaz e Pedro Sánchez e peor a Alberto Núñez Feijóo; e sitúanse máis cara a esquerda ideoloxicamente.

